



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

# INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2019-2020

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

*INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE*

CURSO 2019-2020

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2019 e o 31 de xullo de 2020.

**Artigo 12:** *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluíra as propostas de mellora que estime oportunas.

## ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.2.- Consultas.....	9
	2.3.- Queixas.....	9
3.-	Conclusións.....	62
4.-	Referencias estatísticas.....	65

## ***1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR***

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corraxir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

# Curso 2019-2020

## **2.- ACTUACIONES**

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

### **2.1.- INTERVENCIONES E MEDIACIONES**

M-2019/01

Alumna que tiña rematados os estudos de Grao e matriculouse nun máster sen ter feito o depósito do título do Grao. No proceso de revisión da matrícula por parte da UXA detéctase esta situación e procédese á anulación da matrícula no Máster.

Dáse traslado da problemática á Secretaría Xeral para a súa análise, resultando imposible procurar unha alternativa.

M-2019/02

Alumna dun Grao que pretende facer unha ampliación de matrícula excedendo do límite máximo de 75 ECTS, para non ter que cursar unha única materia no seguinte curso académico.

Trasládase a situación á Secretaría Xeral e tras a solicitude formal da alumna foille estimada a ampliación de matrícula



## **2.2.- CONSULTAS**

Ás veces os membros da comunidade universitaria fan chegar comunicacións fundamentalmente por medios telefónicos ou telemáticos que, por diferentes motivos, non se traducen na presentación dunha queixa. Trátase neste caso de solicitudes de axuda, consello ou demanda de información con vistas a levar a cabo algún tipo de actuación.

No presente curso recibíronse 73 consultas. A temática nun 86,30% relacionouse con aspectos docentes ou con cuestións relativas a procedementos de xestión. No primeiro caso foron 31 consultas, e dicir, un 42,47% e no segundo 32 o que supón un 43,83%. Cunha incidencia moito menor (8,22%) aparece o tema de servizos e por último cun 5,48% unha serie de consultas de temas moi diversos non clasificables nunha única categoría.

## **2.3.- QUEIXAS**

### ***Q 1909/01***

Escrito presentado por unha alumna motivado pola demora no pagamento da financiación correspondente ao TFM dun máster universitario que tiña remitido a directora mediante unha convocatoria pública aos alumnos.

*Solicitado informe á Sra. titora, xustificaba o seguinte:*

“Como todo el profesorado sabe no existe financiación para los TFM de los Másteres en esta Universidad y esta confusión de esta alumna está basada en unos hechos que paso a relatarle a continuación.

1. Como es habitual, en el mes de octubre de 2018, oferté un tema de trabajo para la realización de TFM del Máster en el que participo.
2. Varias alumnas solicitaron el tema, por lo que se pidió sus CV y se convocó a los estudiantes a una entrevista.
3. En esa entrevista les señalamos a las candidatas que, de obtener financiación solo podríamos financiar a una persona.
4. Dos personas nos parecieron suficientemente interesadas y decidimos dirigir el trabajo de TFM las dos, pero también decidimos, y así se lo hicimos saber a ambas que, en caso de conseguir financiación, esta iría para una de las dos. La Sra. alumna se mostró muy contenta con el tema de trabajo, quitando importancia al tema de la financiación, a lo que yo le contesté que haría lo posible, porque me parecía motivador para los estudiantes.
5. La financiación que provendría de una colaboración con investigadores del CHUS, no se llegó a materializar por las trabas burocráticas, que supondrían transferir a la USC esa cantidad de dinero y convocar un concurso de contratación pública, lo que inmediatamente se puso en conocimiento de la estudiante,

6. La Sra alumna terminó en tiempo y forma su TFM, que defendió en la convocatoria de Julio, obteniendo una elevada calificación, por lo que considero suficientemente avalada mi buena labor como tutora.”

### ***Q 1909/02***

Presentado un escrito por unha estudante matriculada nun programa de doutoramento e que desenvolve a súa actividade nunha Facultade, expoñendo que existe diferenciación na disposición de medios materiais por parte dos doutorandos dese Centro, segundo sexan bolseiros ou non.

*O informe remitido polo Sr. decano indicaba o seguinte:*

“1. Non existe ningún trato de diferenciación entre o alumnado de doutoramento na Facultade.

2. Todos os matriculados en doutoramento se lles facilita o acceso directo aos fondos da biblioteca, para facilitarlles as súas tarefas de investigación. Baixo a expresión depósito de la biblioteca, non se especifica que están habilitados para o seu desfrute dous espazos no mesmo a carón do depósito de revistas, con material para a lectura de microfilmes, consulta de material audiovisual, un ordenador en rede e unha impresora/fotocopiadora. Tamén, no outro extremo, está habilitado outro espazo, dotado recentemente con novas mesas, para que podan traballar co material bibliográfico e non teñan necesidade de estar subindo e baixando continuamente ao salón principal de traballo. A maiores, os investigadores en xeral, que comprende tamén aos que están en formación, dispoñen dunha sala específica: a antiga biblioteca, un marco rehabilitado especificamente para este fin.

3. En relación aos ordenadores, o alumnado bolseiro e non bolseiro traballa co seu ordenador particular, salvo aqueles que teñen responsabilidades docentes, que utilizan os que destinan os departamentos para tal fin.

4. O que parece interpretarse pola interesada como trato diferente é a localización dos bolseiros nos espazos asignados nos tres departamentos do sé no Centro. A razón do mesmo é que estes figuran no POD, imparten aulas interactivas é, por conseguinte, necesitan dun espazo para atender ao alumnado en horario de titorías.”

### ***Q 1909/03***

Foi presentado un escrito por unha alumna, que cursou estudos de Grao no curso 2017/2018, motivado pola non aplicación do desconto nos prezos de expedición do título do grao a pesares de estar vixente o correspondente título acreditativo como membro de familia numerosa.

*No informe solicitado, a Sra. secretaria xeral da USC indica o seguinte:*

“1.- O alumnado que ten a condición de familia numerosa está exento do pago dos prezos por expedición do título.

Non obstante o anterior, a interesada non marcou a súa condición de familia numerosa no formulario de solicitude. Dado que existen varias posibilidades no momento da solicitude de expedición do título en función das circunstancias do/a alumno/a, corresponde a este indicar a súa condición xa que a administración non estaría obrigada a optar por outra que non sexa a elixida polo/a interesado/a.

2.- Por outra banda, tal e como se recoñece na queixa, o documento acreditativo da súa condición de familia numerosa non estaba en vigor no momento de realizar a solicitude.

En consecuencia, a alumna non indicou na solicitude a súa condición de familia numerosa. No caso de telo feito, habería que analizar se nese momento reunía ou non os requisitos para outorgar a exención. En calquera caso, como indica a propia alumna, o documento acreditativo da condición de familia numerosa non estaba en vigor na data da solicitude.”

### ***Q 1909/04 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por unha alumna de doutoramento no que pon de manifesto un problema co proceso de matriculación nas actividades ofertadas dende a Área de Deportes, de xeito que os prazos de matrícula no doutoramento non lles permiten acreditar que son estudantes da USC dentro do período de inscrición nas actividades deportivas. No escrito expón:

“Me pongo en contacto con usted por un problema en la matriculación en las actividades de deportes para los nuevos alumnos de doctorado.

Nuestro plazo de matrícula se abre el día 1 de octubre, y el de las actividades de deportes el día 23 de septiembre. Entre estas dos fechas nosotros no podemos matricularnos como alumnos de la USC y por lo tanto tenemos que pagar más dinero por la actividad que otros compañeros, aún habiendo realizado la preinscripción en el curso de doctorado.

La única opción es esperar al día 1 de octubre y realizar la matrícula una vez que se haya formalizado la de doctorado. El problema es que no quedan plazas en las actividades deportivas para entonces.

Habiendo contactado con los máximos responsables en el área de deporte y no pudiendo haber encontrado una solución al problema, me pongo en contacto con usted, ya que somos varios alumnos los que nos encontramos en esta situación.

Creo que es una discriminación hacia nosotros ya que o nos vemos obligados a pagar más por la actividad o nos quedamos sin plaza en las actividades.”

*Admitida a queixa a trámite, solicitouse un informe ao respecto ao Sr. director do Servizo de Deportes da USC, no que indica o seguinte:*

“O prazo de inscrición para as actividades deportivas dirixidas que oferta o Servizo de Deportes ten unha data de inicio pero non de peche, calquera persoa pode matricularse sempre que existan prazas vacantes na actividade e grupo no que desexa facelo.

Para as persoas que pertencen a categoría A, por formar parte da comunidade universitaria ou estar equiparadas a dita categoría, o prazo ábrese tres días antes que para o resto das categorías e poden seguir inscribíndose cando se abre para as demais categorías. Agás esta excepción, os prazos que se establecen son para todos os colectivos, non sendo posible facer máis distincións para adaptarse ás peculiaridades de cada grupo de persoas usuarias, lémbrolle que as instalacións e actividades deportivas están abertas a toda a comunidade universitaria e a cidadanía en xeral.

A tarifa que se aplica é a que corresponde á categoría que ten asignada a persoa usuaria dada a súa situación no momento en que se rexistra como usuaria de Deportes e pode modificala se considera que pertence a un colectivo incluído noutra categoría achegando, de ser necesario, a documentación xustificativa. Unha vez rexistrada se lle asigna automaticamente cada curso deportivo; no caso do alumnado da USC ven determinado pola formalización da matrícula académica na USC en cada curso académico e, polo tanto, por figurar na base de datos da USC como tal.

Ás persoas que teñen previsto ser alumnos/as da USC no novo curso pero non teñen formalizada a súa matrícula, ofrécesele varias solucións alternativas:

- Se desexan garantir unha praza na actividade elixida antes de formalizar a matrícula académica, poden inscribirse aboando so o primeiro prazo, de xeito que poidan cambiar para a categoría A, se e o caso, antes de ter que aboar o segundo.
- Quen estea matriculada na USC alo menos en tres cursos pode, ademais do indicado anteriormente, inscribirse en Deportes como exalumnos, dentro da categoría B, tamén con desconto aínda que menor, e solicitar a categoría A cando formalice a matrícula.

Se optan por aboar os tres prazos de pago como categoría A, poden facelo despois da matrícula académica; dentro da ampla oferta deportiva do Servizo poden atopar praza en actividades deportivas do seu interese, aínda que non sexan a súa primeira elección. Sinalar tamén que ao principiar o curso prodúcense vacantes nas distintas actividades polos cambios de horario e as baixas que solicitan as persoas usuarias por mor de acomodar a actividade aos seus horarios, académicos no caso do alumnado; as prazas que quedan liberadas ofértanse xunto coas demais de xeito que en todo momento queda reflectido on line na páxina desde a que se fan as inscricións, polo que é recomendable consultala.

Esta mesma información é a que lle foi transmitida a esta alumna de doutoramento. “

Á vista do exposto no escrito de queixa e no informe do Sr. director do Servizo de Deportes pode concluírse que non son compatibles as datas de formalización de matrícula no doutorado (1-7 outubro) coas do inicio do prazo de inscrición para as actividades deportivas (23 de setembro), de xeito que o alumnado de doutoramento non pode acreditar nesa data estar matriculado e a súa pertenza á categoría A.

Por iso, e para garantir a equidade entre o alumnado independentemente dos estudos que curse e que poidan desenvolver as actividades deportivas do seu interese, recomendamos que para o alumnado de doutoramento se teña en conta á hora de inscrición nas actividades deportivas un documento alternativo á matrícula, como pode ser a “*solicitud de admisión no doutoramento*” cuxo prazo foi para o presente curso académico do 1-12 de setembro o que si permitiría acreditar provisionalmente que teñen previsto ser alumnos/as da USC no novo curso, aínda que posteriormente sexan requiridos para que confirmen ter formalizada a súa matrícula.

*Non se ten constancia do resultado da anterior recomendación.*

## **Q 1909/05**

Alumna que presenta un escrito referido á denegación da solicitude de dispensa de asistencia a clase que tiña presentada, e o mesmo non foi admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos.

Neste sentido, indicóuselle que na citada resolución se limitaron a aplicar a normativa que regulamenta ese procedemento (que se acompaña): a *Instrución nº. 1/2017 da Secretaría Xeral, sobre dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias*, a cal entre outras cuestións indica:

O estudantado, segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da Universidade, ten dereito a "unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral". Pero, consonte o seu artigo 130.2, tamén ten o deber da "asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente".

## 2.- DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE

A efectos de concesión da dispensa, o Centro deberá ter en conta os seguintes criterios:

.../

Contemplar a natureza dos estudos que se pretenden cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico.

E informóuselle que no apartado 3, para situacións de non aceptación da dispensa, recolle:

## 3.- CAMBIO DE DEDICACIÓN

No caso de non ser aceptada a dispensa, o alumnado, unha vez coñecida a resolución, poderá optar por formular unha solicitude de cambio a dedicación parcial nos seus estudos.

A solicitude presentárase perante o Servizo de Xestión Académica que terá en conta os límites fixados respecto ao número máximo de alumnado a tempo parcial na titulación.

### ***Q 1909/06***

Foi presentado un escrito por unha alumna da USC manifestando a súa desconformidade co feito de ter que pagar integramente os prezos públicos de matrícula dunha materia na que a USC non oferta docencia por ser un plan en extinción.

Admitida a queixa a trámite *solicítouse un informe ao respecto á Secretaría Xeral da USC*, no que se indica:

“1.- A diferenciación de prezo, no caso de non ter docencia, era algo que aparecía nos vellos Decretos de Prezos Públicos para as titulacións anteriores.

2.-Actualmente o DECRETO 73/2019, do 4 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/20, non recolle esta diferenciación entre materias con ou sen docencia.

3.- Sendo así, a Universidade está obrigada a cobrar a totalidade dos prezos establecidos pola Comunidade Autónoma no Decreto de Prezos, xa que este non diferencia o prezo en función de se a materia ten ou non docencia.”

### ***Q 1909/07***

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador motivado polo procedemento establecido na USC para exercer o dereito ao acceso á documentación dun expediente administrativo e á obtención de copias simples de documentos contidos no mesmo.

*Deuse traslado da problemática descrita á Secretaría Xeral para a súa análise, e posteriormente informan que se lle facilitará copia simple dos documentos requiridos previo pago das taxas correspondentes.*

### ***Q 1910/01***

Foi presentado un escrito por un profesor contratado doutor en relación co procedemento de solicitude e concesión dos complementos de docencia e de investigación.

*O informe solicitado ao Sr. vicerreitor de Profesorado indicaba o seguinte:*

1. Durante o período de presentación de solicitudes para a avaliación de méritos docentes correspondente á convocatoria de 2018, o profesor envía con data do 13 de decembro de 2018, un correo electrónico no que indica a súa intención de presentar a solicitude de avaliación, achega os informes da súa actividade noutras universidades e pide que lle confirmemos a súa validez segundo a convocatoria. Ademais pregunta o nivel que lle correspondería como profesor interino por vacante. O día 17 de decembro dese mesmo ano volve a enviar un correo recordatorio.

2. O día 17 de xuño solicita, mediante o rexistro electrónico, a anulación parcial da súa solicitude, indicando que desexa o recoñecemento unicamente dos dous primeiros tramos e a anulación dos tres tramos restantes. Cómpre advertir que no momento de presentación desta solicitude as solicitudes de avaliación de méritos docentes foran xa negociadas na Mesa de Negociación de PDI, que se celebrou o día 17 de xuño, e informadas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado, que tivo lugar o mesmo día 17 de xuño. A proposta elevouse á consideración do Consello de Goberno, que aprobou o recoñecemento de méritos docentes o día 21 de xuño, e posteriormente, para a súa aprobación definitiva, ao pleno do Consello Social.

3. O día 4 de outubro de 2019 a Vicerreitoría de Profesorado emite unha resolución en que se recoñece a totalidade dos tramos solicitados inicialmente polo profesor.

4. Advertido que a solicitude de anulación parcial presentada polo profesor se presentara antes da celebración do Consello de Goberno, a Vicerreitoría de Profesorado resolve tramitar esta solicitude diante dos órganos de negociación e dos órganos de goberno. Así, o día 6 de novembro de 2019 a proposta de anulación parcial é tratada na Mesa de Negociación e o día 11 de novembro na Comisión de Organización Académica e Profesorado. Os dous órganos informan favorablemente a solicitude de anulación parcial. A proposta trasladarase ao próximo Consello de Goberno.

Tense constancia de que finalmente foi aprobada a proposta no Consello de Goberno.

### ***Q 1910/02***

Foi presentado un escrito por unha integrante do persoal de administración e servizos da USC, expoñendo que como persoal de apoio administrativo en dous programas de doutoramento recibe comunicacións sen asinar enviadas por persoal dun centro, o que entende é unha mala praxe para poder prestar unha boa atención aos/as doutorandos/as.

*Solicitado informe ao Sr. director da Oficina xustificaba o seguinte:*

.../ o motivo polo que diversos correos son enviados desde sen remitente ten a súa orixe na forma de traballo no centro, que é fundamentalmente colaborativa entre o seu persoal, polo que unha consulta pode ser contestada na secuencia de mensaxes por persoal de administración diferente.

Esta práctica e forma de proceder é seguida tamén por moitos dos servizos da Universidade como, por exemplo: CAU, CLM, ATIC, CeTA, OIT.

Respecto ao caso concreto ao que fai referencia, que achegamos no documento, gustaríame subliñar que é a primeira e única vez que solicitou coñecer o remitente do correo. A súa petición foi contestada inmediatamente pola xefa de sección nunha mensaxe con sinatura, na que se intentaba poñer solución ao problema que o trámite que iniciou a secuencia de correos podía supoñer aos programas de doutoramento, nos que está como persoal de apoio administrativo.

### ***Q 1910/03***

Foi presentado un escrito por un usuario do aparcamento do edificio do *Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS)* poñendo de manifesto a súa percepción sobre problemas de seguridade motivados pola escasa visibilidade na saída do citado aparcamento.

*Solicitouse o informe correspondente*, no que Sr. responsable da Área de Mantemento e Seguridade indica o seguinte:

“.../infórmolle que a finais de outubro se colocaron dous bolardos fixos nas prazas de aparcamento anterior e posterior á saída que se indica no escrito, para evitar que os vehículos aparquen tan próximos á mesma e en canto se abra o presuposto deste ano, se colocarán dous espellos onde hai actualmente un danado.”

Logo da tramitación da presente queixa fíxose a instalación dos mencionados espellos.

### ***Q 1910/04***

Foi presentado un escrito por estudantes dun Grao no que expoñen a problemática que lles está a causar a demora en establecer a equivalencia e validación dos estudos que teñen cursados noutro grao doutra Universidade.

*Solicitouse informe ao Sr. decano da Facultade que indicaba o seguinte:*

“Todos os alumnos que teñen as materias superadas na titulación de orixe na USC, UDC o U. Vigo teñen recoñecidos entre 36 e 39 créditos de formación básica.

Independentemente diso, nas profesións reguladas, a Comisión pode determinar que o alumno debe cursar outras materias de formación básica para que obteña as competencias que se regulan na Orde Ministerial para o exercicio da profesión. .../

Non existen táboas publicadas dos recoñecementos, polo que o persoal da Unidade de Apoio a Xestión de Centro, que é a primeira vez que desenvolve este procedemento, optou por non dar información que puidera ser errada ou mal interpretada polo alumnado.

A Xestora da Facultade está de baixa dende o ano pasado. Dende aquela houbo dous meses nos que non se cubriu a praza, e o funcionario que ocupa actualmente o posto con carácter provisional é a terceira persoa que desempeña esa labor dende febreiro. Todo isto supón un "atasco" no traballo e nos procedementos. Desta situación se informou repetidamente a Reitor, Xerente e Secretaria Xeral.

Na actividade da Unidade dáselle prioridade á finalización dos asuntos pendentes do curso anterior e a xestión dos temas directamente relacionados co alumnado, priorizando a incorporación dos alumnos ás prácticas. No caso concreto dos recoñecementos, non se puideron empezar a tramitar ata Outubro, e actualmente cóntase cunha persoa de reforzo para axilizar a súa resolución."

### ***Q 1910/05***

Foi presentado un escrito por un alumno motivado pola non expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET) correspondente a un máster, que se estaba a substituír por unha certificación académica en castelán ou galego.

*Feitas xestións diante da Secretaría Xeral, indican que o proceso de expedición dos SET leva demora por causas alleas á propia Universidade e que momentaneamente para solucionar o problema expedirase o SET a petición da persoa interesada ao alumnado de Máster.*

### ***Q 1910/06 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por unha integrante do PDI dunha Facultade motivado polas situacións producidas no proceso de defensa dos Traballos de Fin de Grao (TFG) e o de revisión e publicación de cualificacións. No escrito indicaba:

Que el pasado 24 de junio de 2019, durante la primera convocatoria de defensa oral de los trabajos fin de grado (TFG), una alumna de cuarto curso vivió una situación que a mi juicio, en calidad de profesora y en este caso además de cotutora del TFG, no debería tolerarse en una institución educativa como es la Universidad de Santiago de Compostela. Esta situación probablemente pueda ser atribuida al hecho de que el presidente del tribunal evaluador (Tribunal 10), y además secretario de la facultad, pudiera tener algún tipo de conflicto de intereses por el tema abordado, dado que la coordinadora de TFG es además la decana de la Facultad.

Previamente a relatar lo sucedido el día de la defensa oral, considero necesario para su comprensión sentar las bases de la temática elegida para el TFG de la alumna.

#### *Antecedentes:*

Dado que los alumnos en reiteradas ocasiones habían trasladado a la coordinadora de prácticas su malestar por el sistema de evaluación utilizado en las prácticas, y ante la falta de respuesta a dicha



demanda, la alumna decidió realizar un trabajo de campo sobre el tema. Dicho trabajo se materializó en un estudio descriptivo en el que a través de un cuestionario elaborado por la propia alumna, pedía a alumnos de cuarto curso que evaluase diferentes aspectos relacionados con las prácticas: los criterios de evaluación empleados, los evaluadores, las técnicas enfermeras ejercitadas durante las prácticas... Tal y como se sospechaba de antemano, dada la uniformidad de notas de los alumnos en función de las unidades por las que rotaban, los resultados de dicho estudio permitieron concluir, entre otros aspectos, que los alumnos creían que el sistema de evaluación que se estaba empleando no era el adecuado, refiriéndose como el principal motivo la falta de objetividad en las calificaciones.

Una vez expuestas las causas que motivaron la elaboración del TFG de dicha alumna, ya procedo a destacar las situaciones que a mi entender estuvieron totalmente fuera de lugar, y las cuales describiré siguiendo un orden cronológico:

- El primer momento de conflicto fue durante la ronda de preguntas, inmediatamente tras su exposición oral, cuando el presidente del tribunal se dirigió a ella utilizando frases del estilo: o “este tipo de trabajos no aportan nada, no hay más que ir al decanato y preguntar cuántas reclamaciones hay en relación a las prácticas; o casi mejor, ya no pierdas el tiempo, porque yo te puedo decir, como secretario de esta facultad, que a día de hoy no hay ninguna reclamación”. Baste decir que esta afirmación, que no es competencia del secretario de la facultad sino de la coordinadora de prácticas (y a su vez decana de la facultad) no refleja la realidad, puesto que numerosas reclamaciones de alumnos por las calificaciones impuestas en las prácticas concluyen con la correspondiente modificación de la misma, sin necesidad de que el alumno tenga que presentar un escrito con registro de entrada; lo que no quiere decir que no existan reclamaciones. En cualquier caso, este tipo de respuestas no proceden desde el punto de vista investigador puesto que es bien sabido que lo que no se publica no existe o “estás viviendo una realidad paralela al presentar estos datos”. Ante esta apreciación la alumna se brindó a mostrar algunos ejemplos de las calificaciones de los prácticum, pero no se le permitió hacerlo.

- Otro aspecto a destacar tuvo lugar tras la lectura pública de las calificaciones. Con la finalidad de que los alumnos puedan solicitar la expedición del título sin demora y así poder apuntarse a las listas de contratación de personal temporal en convocatorias públicas y acceder a las sustituciones de verano, una práctica que se ha impuesto en la facultad es la de que los alumnos firmen la renuncia a la revisión en caso de estar conformes con la nota. En este caso, dado que la alumna no estaba conforme con la nota establecida preguntó al tribunal por la posible fecha de revisión. A una primera respuesta de un “no sé” por parte del presidente del tribunal, le siguió un “tarde, porque yo no puedo en toda la semana” y un “a finales de la próxima”, para finalmente acabar diciendo que “iban a proceder con la revisión en ese mismo momento”.

Siendo el TFG una materia más del grado no es comprensible que no se haya respetado el plazo oficial, y cito textualmente “O prazo para a revisión non poderá ser inferior a tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista”; de la misma manera que se desconocen los motivos por los que en el acta expuesta en el tablón de la facultad no se recoge el día de la revisión, apareciendo dicho campo en blanco.

En relación a este hecho es necesario subrayar la importancia de respetar los tiempos para realizar las revisiones, especialmente en materias como el TFG, puesto que se le puede estar privando a los alumnos de reunir documentación para rebatir argumentos esgrimidos por el tribunal en la ronda de preguntas. Por ejemplo, en el caso de esta alumna, en la ronda de preguntas se le dijo que para este tipo de trabajos hacía falta pedir un permiso al comité de ética, cosa que en la facultad de enfermería no procede, tal y

como fue ratificado por la gestora del centro tras la consulta efectuada por la tutora del TFG, no habiendo tenido la alumna la posibilidad de demostrarlo.

- Por otra parte, cabe mencionar que durante la sesión de revisión, y tras un rifirrafe con el presidente en el que éste le negaba a la alumna la existencia de uniformidad en calificaciones de las prácticas, éste se cruzó de brazos y dijo que no iba a hablar más, y que si por él fuera habría tenido aún una calificación más baja, ya que la calificación que tenía era "por estos dos", refiriéndose de esa manera despectiva a los otros miembros del tribunal. Al margen de las formas, me gustaría resaltar, a colación de lo que se menciona en el siguiente punto, que este comentario vino a contradecir lo que el vocal del tribunal había comentado previamente, y es que todos los miembros habían coincidido en poner la misma nota con una diferencia de  $\pm 0,5$  puntos.

Admitida a queixa a trámite solicitouse un informe ao respecto á Sra. decana da Facultade, no que expón o seguinte:

1 En ningún momento se plantexou a existencia de conflito de intereses, nin co TFG referido nin con ningún outro, pois desde a Facultade promóvese sempre a liberdade para elixir a temática por parte do alumno/a.

Consideramos unha esixencia que o alumno/a poda, con toda liberdade, establecer hipóteses, defender as súas teses e expoñelas, cos únicos límites que se deriven da legalidade e das normativas da USC e da propia da Facultade. No mesmo sentido, temos que confiar na actuación honesta dos tribunais.

2,- Non hai constancia algunha de que exista un malestar polo sistema de avaliación das Prácticas Tuteladas do Grao, O que si hai é un desexo constante de mellorar o procedemento para acadar unha avaliación o máis obxectiva e Xusta posible. Por iso, estase traballando na elaboración de novas follas de avaliación específicas por áreas de especialización, recollendo todas as aportacións dos distintos centros e servizos onde se titorizan os alumnos/as. De todos os xeitos non nos parece honesto facer unha valoración das cualificacións emitidas polos colaboradores docentes, pois sería poñer en cuestión o seu traballo.

3,- Non nos parece ético o plantexamento que se está facendo por parte da reclamante; pois a raíz da queixa do proceso de defensa dun TFG están a facerse xuízos de valor sobre o funcionamento da propia Facultada poñendo en cuestión a avaliación das materias de Prácticas Tuteladas, por parte dos profesores, das que a persoa reclamante tamén forma parte e é responsable,

4.- Non atopamos relación algunha entre os feitos expostos como antecedentes e a queixa plantexada, nin que se utilice como canle ao Valedor da Comunidade Universitaria para manifestar uns feitos dos que non existen antecedentes e á Facultade non lle constan.

5,- No que respecta a actuación do tribunal, adxúntase informe emitido polos seus membros.

E no citado informe, emitido polo presidente do tribunal avaliador dos TFG, expónse o seguinte:

- La queja derivada del Valedor, hace referencia al trabajo .../ y que obtuvo una valoración de 7,9 sobre 10.
- Por expreso acuerdo de los alumnos, cada uno de los mismos defendió los trabajos sin público, por lo que la persona que presenta la reclamación no se encontraba en la sala y está dando plena validez a lo que la alumna le puede haber trasladado.

- En todo momento, los miembros del Tribunal actuaron -como no puede ser de otro modo-, con el respeto y la educación que se merece el proceso y la institución que representamos.

.../

- El tribunal, como bien se reconoce en la reclamación, intenta acelerar el proceso de defensa y trámites de actas. Cuando la alumna solicitó la revisión se le dieron dos opciones, fijarla en el momento en el que pudiese el tribunal en un momento posterior (hablábamos de esperar al menos tres o cuatro días, por agenda de los miembros del tribunal) o de realizar la revisión a continuación. La alumna aceptó libremente, y en este momento sí estaban presentes los demás alumnos que habían defendido sus trabajos ya que se les comunicaron grupalmente sus notas y el procedimiento de reclamaciones.
- En todo tipo de trabajos en los que se manejan datos personales, es obligatorio el permiso como mínimo del Comité de Ética de la USC.

Hai que sinalar que respecto á temática da queixa a Universidade de Santiago de Compostela ten establecido o *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster* aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, que recolle:

Artigo 6.- Avaliación.

6.1. A avaliación dos traballos farase no centro responsable da titulación, a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal.

Artigo 9.- Avaliación, cualificación e revisión.

9.3. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

Por outra banda a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* (Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011) indica:

Artigo 8. Revisión de cualificacións.

1. O alumnado terá dereito de acceso aos seus propios exercicios, e o dereito á revisión das cualificacións tanto parciais como finais na súa presenza, nas datas e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisorios.

2. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. O prazo para a revisión non poderá ser inferior a tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en dúas datas opcionais e con horarios alternativos, e que sexan un instrumento útil para que o estudante poda percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. O director do centro garantirá que todo o alumnado que o desexe poida revisar o exame nas datas establecidas polo profesores. .../

5. Os estudantes avaliados por tribunal terán dereito á revisión das súas cualificacións ante el, e conforme o establecido nos puntos precedentes.

A mesma Facultade dotouse dunha normativa propia de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao (Aprobada pola Xunta de Facultade o 28 de xuño de 2017 e por Consello de Goberno da USC o 18 de outubro de 2017) que recolle:

Artigo 6. Tribunais de Avaliación.

6.1. A avaliación dos TFG farase na Facultade, centro responsable da titulación, e cando no sexa posible noutros centros da USC a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal.

Artigo 9.- Avaliación, cualificación e revisión.

9.2. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo. A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do tribunal.

Así pois, do manifestado no informe do Sr. presidente do Tribunal pode deducirse que non se seguiu o establecido na normativa no que respecta a:

- o procedemento de publicación e revisión de cualificacións
- e no referido á avaliación, pois a exposición e defensa do TFG ten que ser pública diante dun tribunal e non cabe a opción de chegar a acordo co alumnado para a defensa dos traballos sen público.

Á vista da normativa referida, do expresado na queixa e do recollido nos informes da Sra. decana e do Sr. presidente do Tribunal, cómpre facer as seguintes recomendacións:

- Que por ese Decanato se adopten as medidas oportunas para que nas vindeiras edicións dos TFG da Facultade se cumpra a distinta normativa que ten establecido a USC para a avaliación, cualificación e revisión dos mesmos.
- E para que a publicación das cualificacións se faga sincronicamente, sen que haxa diferenciación entre o alumnado en función de se exerce ou non o seu dereito á revisión de cualificacións, e poidan optar en condicións de igualdade ás convocatorias externas.
- Respecto do expresado no informe da Sra. decana da Facultade no apartado 2, sobre o sistema de avaliación das Prácticas Tuteladas, recomendar que na liña do que se ven actuando se acelere o establecemento do *“procedemento para acadar unha avaliación o máis obxectiva e xusta posible”*.

*Non se ten recibido información posterior sobre a presente recomendación.*

## ***Q 1910/07***

Unha alumna presentaba un escrito motivado pola comunicación da anulación de matrícula nun máster por non reunir no momento da matrícula a acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira.

*Informámoslle que se fixeron xestións e consultas ao respecto polo que cómpre indicarlle que:*

- O certificado do nivel de idioma que presentaba non corresponde co nivel B1 requirido pois só recolle as competencias nas destrezas de expresión oral (Speaking) e comprensión oral (Listening), no entanto, nada se menciona sobre as outras dúas destrezas básicas,

expresión escrita (writing) e comprensión escrita (reading) necesarias para o B1, o que implica o non cumprimento do requisito para o acceso ao Máster.

- Por outra banda recomendámoslle que efectúe a correspondente reclamación patrimonial ante a USC polos gastos e prexuízos económicos ocasionados como consecuencia da actuación ou funcionamento anormal da Universidade motivada pola transmisión errónea de información. Sería recomendable, dada a complexidade técnica da reclamación, que estea asesorada por un/unha avogado/da.

Con estas actuacións demos por rematada a tramitación da presente queixa.

### ***Q 1910/08***

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal Docente e Investigador no que pon de manifesto a súa desconformidade cos procesos de selección de PDI que segue a USC, por considerar que non se axustan aos principios de igualdade, mérito e capacidade que recolle o Estatuto Básico do Empregado Público.

*No informe solicitado ao Sr. vicerreitor de Profesorado indicábase o seguinte:*

1. Tanto o *Regulamento de selección de profesorado non permanente*, aprobado por Consello de Goberno o 8 de abril de 2019, como o *Regulamento para a selección de profesorado con vinculación permanente*, aprobado por Consello de Goberno o 27 de setembro de 2019, inclúen como anexo un baremo coa puntuación asignada a cada un dos apartados do currículo para cada categoría de PDI. Por tanto, cómpre aclarar que as comisións de selección non aproban os baremos, senón que son as convocatorias as que os establecen, sempre a partir das normativas de aplicación, tanto nos casos de profesorado permanente coma nos de profesorado non permanente. O que aproban as comisións de selección son os criterios de valoración dos méritos alegados consonte aos baremos (afinidade de áreas de coñecemento e de titulacións, calidade de publicacións, etc.)
2. Ambos os textos mencionados no punto anterior establecen ademais o procedemento a través do cal as comisións de selección deben elaborar e publicar os criterios de valoración de méritos e probas, sempre no marco das puntuacións de referencia fixadas no baremo. Por outra banda, a guía para as comisións de selección fixa toda unha serie de pautas para a elaboración destes criterios. En calquera caso, de acordo co establecido nos regulamentos citados, a elaboración e publicación dos criterios prodúcese necesariamente antes de que os membros das comisións teñan acceso ás solicitudes presentadas polas persoas candidatas e á documentación acreditativa correspondente.
3. A proposta formulada na queixa no sentido de que as comisións de selección se constitúan e elaboren os criterios de valoración antes de que se publique a relación de persoas candidatas admitidas podería ter como finalidade evitar que unha comisión de selección poida deseñar uns criterios á medida dalgunha das persoas candidatas presentadas. En calquera caso, e aínda admitindo que este procedemento podería producir unha maior aparencia de imparcialidade, a proposta obvia o feito de que unha comisión con estas intencións non precisaría agardar á finalización do prazo de presentación de candidaturas e podería perfectamente elaborar uns criterios para beneficiar unha persoa candidata que sabe que se vai presentar.
4. Os membros das comisións de selección, segundo se recolle no *Regulamento para a selección profesorado non permanente da USC*, posúen “a competencia académica necesaria para cumpriren axeitadamente a súa función, que deberán realizar de acordo cos principios de imparcialidade e profesionalidade”. Prexulgar de antemán e de xeito xeral o incumprimento destes principios por

parte de persoal ao servizo das administracións públicas sen que medien recusacións, impugnacións ou reclamacións non resulta admisible. No caso de que unha persoa interesada fose coñecedora de que algún ou todos os membros dunha comisión de selección ten interese particular en promocionar unha persoa aspirante, debería proceder á súa recusación e, se fose o caso, á impugnación dos actos administrativos eventualmente ditados pola comisión. Cómpre ter en conta que se algún dos membros dunha comisión non goza da imparcialidade e profesionalidade requiridas polo regulamento, a súa actuación estaría viciada en calquera caso, tanto se os criterios se aproban antes de coñecer a relación de persoas admitidas coma se se aproban despois.

- 5 Por outra banda, cómpre ter en conta que a constitución das comisións de selección e a aprobación dos criterios de valoración antes de publicada a relación de persoas candidatas admitidas podería causar algúns problemas no desenvolvemento dos concursos. Entre eles, cabería destacar o feito de que, á vista das persoas presentadas, puidese concorrer nalgún dos membros da comisión algunha causa de abstención ou de recusación. Deste xeito, sería necesario retrotraer o procedemento, constituír unha nova comisión, elaborar uns novos criterios e abrir un novo prazo para que as persoas candidatas, que agora xa serían coñecidas, puidesen reelaborar as súas solicitudes en función dos novos criterios. Téñase en conta neste sentido que, pola experiencia recente, a renuncia de membros de comisións de selección por algunha das causas de abstención é unha circunstancia bastante común nos procesos de selección de profesorado.

En calquera caso, é intención desta Vicerreitoría trasladar a cuestión formulada no escrito de queixa á Comisión de Asesoramento para a Contratación de Profesorado co fin de que esta valore detidamente a proposta.”

E á vista do indicado no anterior informe, procedemos ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

## ***Q 1911/01***

Escrito presentado por estudantes en relación co desenvolvemento do proceso de xestión da *Convocatoria de Bolsas de Colaboración de estudantes en departamentos universitarios para o curso 2019/20*. No escrito expoñían:

.../solicitamos a bolsa de colaboración do Ministerio de Educación e Formación Profesional para este curso académico 2019-2020 no Departamento. Tanto na lista provisoria de adxudicación de bolsas como na definitiva fomos automaticamente derivados á listaxe de agarda polo que ningún de nós obtivo finalmente a bolsa. Este feito débese a que a USC non lle asignara previamente ao departamento ningunha bolsa porque no Consello Social non foi recibida a solicitude de bolseiros por parte do departamento, trámite que se realiza en xuño. Dende o departamento afirmase que esa solicitude si que foi enviada pero non consta en ningures un rexistro deste movemento. A consecuencia é que todos os alumnos solicitantes quedamos sen posibilidade de obter a beca, a pesar de que xeralmente o devandito departamento conta con dous ou tres bolseiros de colaboración. Por iso expresamos o noso descontento e reclamamos unha explicación veraz e coherente do acontecido e unha modificación no sistema de xestión das bolsas que explicita un rexistro dos documentos que se envían / reciben

*Nos informes solicitados* o Sr. director do departamento implicado da conta das actuacións efectuadas ao constatar que a súa solicitude non fora recepcionada polo Consello Social. Por outra banda dende o Consello Social indican o estrito cumprimento do procedemento establecido, restrinxido por uns prazos moi exiguos establecidos polo Ministerio, e a realización de actuacións que permitan mellorar en vindeiras convocatorias a difusión e coñecemento tanto do número de bolsas adxudicadas á USC como o reparto delas.

## Q 1911/02

Presentada queixa por un alumno referida ao procedemento de tramitación e selección das *Bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios* que convoca o Ministerio de Educación e F.P.

*No informe solicitado, a Sra. xefa do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado xustifica o seguinte:*

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou o 1 de xullo de 2019 a Resolución de 25 de xuño pola que se convocan as Bolsas de Colaboración en Departamentos universitarios. Dita resolución di no seu artigo 6.1: “*Podrán obtener la beca-colaboración los estudiantes universitarios de Grado que, a la fecha de finalización del plazo de presentación, acrediten que constan en su expediente académico los siguientes requisitos:*

(...)

b) *Estar **matriculado en el curso 2019-2020** en enseñanza oficial de la totalidad de las asignaturas o créditos que le resten para finalizar sus estudios”*

E no artigo 6.3: “*Los requisitos anteriormente mencionados que no figuren en el expediente del solicitante en la fecha en que termina el plazo de presentación de solicitudes **no serán tenidos en cuenta a los efectos de su valoración para la concesión de la beca** (...)”.*

Cando o Ministerio publica a convocatoria, esta publicítase na páxina web do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado xunto con outros documentos. Un destes documentos é un resumo informativo para as persoas interesadas no que se advirte: “O prazo de solicitude remata o **18 de setembro**, e **antes desa data** os/as solicitantes **deben ter** valorado o proxecto polo departamento, instituto ou centro de investigación, **pasadas todas as cualificacións no seu expediente e matriculadas no curso 2019/2020 a totalidade das materias que lle resten para rematar a titulación** de Grao, e no caso de Máster Oficial matriculadas a totalidade das materias do primeiro curso.

Requisitos académicos: **O cumprimento de todos estes requisitos académicos ten que constar no expediente académico do/a alumno/a o 18 de setembro”**

Ademais, para que chegue a información a todas as persoas implicadas, incluído o profesorado e directores/as dos proxectos, tamén se envía un documento con información a decanos/as, directores/as de centro, departamento, institutos e centros de investigación. Nese documento dirixido ao profesorado advírtese: “O prazo de solicitude **remata o 18 de setembro**, e de acordo coas instrucións do Ministerio, **denegaranse as bolsas dos/as alumnos/as aínda que o incumprimento dos requisitos académicos nesa data se deba a limitacións da normativa académica ou prazos propios das universidades**. (...) Pregámoslles o seguinte: que nos departamentos, institutos e centros de investigación **se advirta aos/as alumnos/as** que presenten o proxecto de colaboración, **que o 18 de setembro deben constar no seu expediente todas as cualificacións** do curso 2018/2019 e cursos anteriores, e a matrícula no curso 2019/2020 da totalidade das materias que lle resten para rematar a titulación de grao ou de primeiro curso de Máster(...)”

O alumno presentou solicitude de Bolsa-Colaboración para o curso 2019/2020 para o Departamento.

A titulación da que está matriculado é de 240 créditos. A 18 de setembro, no seu expediente constaban superados 189 créditos, e matriculados 48, polo tanto lle faltaban 3 créditos por superar ou por matricular para cumprir o requisito establecido na convocatoria do Ministerio. Por esta razón saíu excluído na lista provisional.

O estudante presentou alegacións, xa que a ausencia da cualificación nas prácticas curriculares non se debe a unha causa imputable ao alumno. Consultada a *Subdirección General Adjunta de Becas, Ayudas y Movilidad al Estudio* sobre como actuar nestes casos - xa que a convocatoria da bolsa de colaboración marca uns prazos que nos se axustan aos de recepción de actas, adaptacións de plans de estudos e matrícula no mes de setembro desta Universidade, non sendo isto responsabilidade dos alumnos/as - indicóuse nos que os prazos da convocatoria debían cumprirse **e que debíanse desestimar as alegacións que se presentaban nesta situación.**

**Conforme ás instrucións do Ministerio** e de acordo coa Comisión de Selección de Bolseiros, reunida o 16 de outubro de 2019, a solicitude do alumno **foi proposta** como denegada por “*no estar matriculado por enseñanza oficial en el curso actual en la totalidad de asignaturas o créditos que le restan para finalizar la titulación de Grado*”.

A publicación e comunicación das listas que fai o Servizo a través da páxina web, tanto se falamos das provisionais como das definitivas, son “propostas”.

Segundo o artigo 14 punto 1. da Resolución da Secretaría de Estado de Educación y Formación profesional, pola que se convocan as Bolsas de Colaboración, á citada Comisión só lle corresponde a **emisión do informe e non a comunicación co solicitante**: “*La comisión de selección (...) enviará al Ministerio de Educación y Formación Profesional (...) un único informe (...), en el que se concrete el resultado de la evaluación efectuada de las solicitudes de bolsas de colaboración (...)*”. E no punto 2. “*Recibidos dichos informes, (...) la Subdirección General de Becas, Ayudas al Estudio y Promoción Educativa, como órgano instructor del procedimiento, formulará la correspondiente propuesta de concesión.*”. De feito, o recurso de reposición presentado polo alumno foi remitido ao Ministerio, e será este quen lle responda.

Por último, parece importante aclarar o texto do documento mencionado polo alumno e expedido polo xefe da Unidade de Matrícula, no que consta: “*El alumno estaba matriculado de todas las materias restantes para finalizar los estudios y no ha realizado ninguna modificación de su matrícula desde entonces*”. A convocatoria do Ministerio no artigo 6 punto 1. b) pon como requisito para obter a bolsa “*Estar matriculado en el curso 2019-2020 en enseñanza oficial de la totalidad de las asignaturas o créditos que le resten para finalizar sus estudios*”. No documento do xefe da Unidade non consta o curso de matrícula. A 18 de setembro o alumno incumpría este punto da convocatoria pois tiña unha materia matriculada -e sen cualificar- no curso 2018-2019.

## **Q 1911/03**

Foi presentado un escrito por un estudante de Grao en relación co procedemento de matrícula e de pagamento dos prezos públicos. No escrito expón o seguinte:

“En el plazo reglamentario, me matriculé en el curso 2019-2020, seleccionando la opción de beca del Ministerio de Educación. Posteriormente, al comprobar que no cumplía los requisitos para obtenerla, decidí no solicitarla a la espera de pagar el precio completo al haber solicitado específicamente el PAGO FRACCIONADO EN CUENTA BANCARIA en el momento de matricularme. Ayer he intentado acceder a la Secretaría Virtual y se me ha generado un recargo por IMPAGO de matrícula. Al acudir a la UXA, me dicen que el motivo es que no he solicitado la beca y que por eso me lo cobran todo junto, a pesar de que he solicitado el pago fraccionado. Esto no responde a ningún tipo de lógica, sino más bien un abuso por parte de la USC.

*O informe solicitado, da Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica xustifica o seguinte:*

“A data de hoxe non consta que o alumno sexa solicitante de bolsa na base de datos facilitada polo Servizo de Bolsas a esta Unidade de Xestión Académica.



Non é certo que se lle aplique o recargo ao que fai mención o alumno tal como queda de manifesto no oficio que se lles envía para comunicar a súa situación e do que facilito copia. Se ben é certo, a área TIC, debería corrixir este aviso de que se lle cobrará recargo na Secretaría Virtual dos alumnos (no abonaré xa non aparece tal recargo) pero é posible que por erro apareza información dun cargo que en todo caso xa non se lle cobrar a ningún alumno.

Con respecto ó tema da domiciliación bancaria e do pagamento fraccionado, de acordo co establecido nos puntos 57.2, 58.1 e 58.2 da Convocatoria de Matrícula do curso académico 2019-2020, o alumno decaeu do seu dereito, xa que posto que o alumno non procedeu ó pagamento da súa matrícula sendo coñecedor de que non tiña solicitada a súa bolsa, a tódolos efectos a universidade considera que este alumno tal como establece o punto 57.2 ten un impago, e isto conleva a perda do dereito ao pagamento fraccionado e ao pagamento domiciliado no seu caso.”

### ***Q 1911/04 - Recomendación***

Foi presentado pola Sra. Directora-Gerente da *Fundación ONCE del Perro Guía (FOPG)* un escrito no que pon de manifesto o que “entende como un trato discriminatorio sufrido por unha estudante no marco do proceso de admisión como residente nun Colexio Maior” ao serlle denegada inicialmente praza nesa residencia pola súa condición de persoa con discapacidade visual usuaria de can guía, e unha vez recibido no Colexio Maior o citado escrito proporcionarlle un trato non conducente á integración da alumna.

Admitido a trámite como unha queixa *efectuouse a seguinte recomendación á Vicerreitoría de Estudantes e Internacionalización:*

Que por parte da Universidade de Santiago de Compostela se fagan as xestións oportunas para que non se volvan a producir situacións análogas e se proceda, de ser necesario á revisión dos convenios de adscrición dos Colexios Maiores á USC para adaptalos as realidades actuais.

Dende a Vicerreitoría de Estudantes e Internacionalización comunican que mantiveron unha reunión coa nova dirección do Colexio na que o Sr. director lamenta o acontecido e comprometeuse a que non volvan a suceder feitos de esta índole.

### ***Q 1911/05***

Alumna que presenta un escrito en relación cun posible erro no cálculo da cota que ten asignada como residente do Sistema Universitario de Residencias.

*A Sra. xefa do Servizo de Axudas e Servizos ao alumnado indica ao respecto o seguinte:*

A estudante, tras solicitar praza non Sistema Universitario de Residencias (SUR), consta como admitida na RU Burgo das Nacións.

O 12 de setembro publícase a adxudicación provisional de cotas do SUR, na que a solicitante aparece cun asterisco (\*).

O texto publicado de adxudicación provisional de cota di:

“2. Dar de prazo ata o día **26 de setembro de 2019** para que o estudantado que aparece **cun (\*)**, de acordo co recollido no punto 7 e no apartado 4 do punto 9 da convocatoria, **achegue información fidedigna sobre a situación económica de renda da súa unidade familiar referida ao ano 2018** (certificado resumo da declaración anual do imposto da renda das persoas físicas; certificado de imputacións, etc.), xa que o Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado non puido obter eses datos para a adxudicación das cotas, ben por existir dificultades técnicas na súa cesión por parte das Administracións Tributarias, ben por faltar eses datos.”

“3. Dar de prazo ata o día **27 de setembro de 2019** (apartado 3.2. punto 2), **para presentar reclamación motivada ás cotas adxudicadas**. Finalizado este prazo non se terán en conta novas reclamacións ou alegacións. “

Segundo a información obtida por este Servizo, o pai da estudante non tiña presentada a declaración da renda cando se cruzaron os datos coa Axencia Tributaria. Non obstante, tiñamos datos económicos da nai, quen non estaba obrigada a facer a declaración.

Posteriormente ao citado cruce, o pai presenta unha declaración conxunta e achega a información dentro do prazo que se lle daba. Cos novos datos incluídos no seu expediente calcúlase a cota que lle corresponde (C), o que se publica no documento de Adxudicación definitiva de cotas de 2 de outubro.

No mes de novembro a residenteponse en contacto con este Servizo e, a través do xefe de Sección, informa dun erro detectado na adxudicación da cota. Revísase a súa solicitude e detectase un erro nas cantidades da renda da unidade familiar derivada da presentación dunha declaración conxunta por parte do pai cando a nai xa a tiña nos datos económicos.

Feitas as consultas pertinentes, e a pesar de non estar en prazo de reclamación, aténdese a petición da residente. Inténtase a comunicación telefónica por ser máis áxil, pero o non conseguilo, se lle envía un correo o día 25 de novembro informándolle da aceptación da súa solicitude, de forma que o recibo do próximo mes xa se emitirá coa cota B.

## ***Q 1911/06***

Foi presentado un escrito por unha alumna motivado por distintos problemas que está a percibir como discente nun máster propio.

*Solicitado informe* o Sr. vicedecano detalla exhaustivamente todas as actuacións realizadas polo Centro en relación aos aspectos que dende a perspectiva da alumna estaban a ser problemáticos: formación, traballo de investigación, aspectos loxísticos e o factor da actitude da alumna.

## ***Q 1911/07***

Foi presentado un escrito por unha usuaria das instalacións universitarias motivado pola súa percepción de inseguridade da varanda das gradas e escaleiras da Piscina Universitaria, da que manifesta que non cumpre coas medidas de seguridade vixentes. No escrito indica o seguinte:

“Quisiera llamar la atención sobre el incumplimiento de las normas de seguridad en las gradas de la piscina de la USC Campus De Santiago. La barandilla incumple la distancia máxima entre barras verticales, de tal manera que cualquier niño podría colarse entre ellas y caer desde una altura superior a 2 metros al suelo de la piscina. Hoy son jornadas abiertas en la piscina y he sido testigo de como una niña de apenas 3 años casi sufre un accidente al intentar bajar las escaleras de las gradas y querer utilizar la barandilla como asidero. De todo esto el padre no fue consciente. Pero yo he reparado por primera vez

del peligro de la barandilla, que tiene huecos entre postes de más de 50 centímetros. La USC debería prohibir la entrada a las gradas a menores o bien regularizar la barandilla para que cumpla las medidas de seguridad vigentes.”

*Solicitouse un informe* á Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos e ao Servizo de Prevención de Riscos que indica o seguinte:

O Servizo de Prevención de Riscos ten realizado unha actualización/revisión da avaliación de risos das instalacións do Servizo de Deportes, con data 02/09/2019, e ten identificado como risco a condición á que se fai referencia.

Asemade, derivado desta avaliación de riscos, o Servizo de Prevención de Riscos elaborou o correspondente Plan de Medidas Correctoras, e que recolle a programación de implementación das medidas correctoras correspondentes a este risco.

### ***Q 1912/01 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Máster Universitario expoñendo que dende a Coordinación do Máster se lle informou da imposibilidade de adaptación das datas de desenvolvemento dunha materia ás súas condicións de saúde, condicionadas entre outras, por un embarazo de alto risco.

Admitido o escrito a trámite como unha queixa, solicitouse informe á Coordinación do máster remitindo o seguinte:

Do expresado pola presentadora da queixa e do recollido no anterior informe pódense extraer as seguintes consideracións:

- A alumna formula ante a Coordinación do Máster unha solicitude para efectuar un adianto dos prazos na realización da materia *Prácticum II* que no calendario do máster comprende do día 23 de marzo ao 30 abril, motivado pola súa situación de saúde, condicionada por múltiples patoloxías e un embarazo de alto risco. Así pois, non solicita apoio para a adaptación na docencia en dita materia.
- O *Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a USC para a realización do Prácticum* de data 13 de abril de 2011 non establece ningún período ou condicionante temporal para o desenvolvemento dos Prácticum nos distintos centros públicos de ensinanza.

Por outra banda, cómpre indicar que a normativa sinala ao respecto:

- Nos Estatutos da USC:

[Artigo 33.](#)

[Son dereitos específicos do estudiantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:](#)

*c) A adaptación das actividades docentes, así como das datas e mecanismos de avaliación, ás condicións ou circunstancias especiais en que se poida encontrar por discapacidade ou calquera outra que lle limite o exercicio dos seus dereitos académicos.*

- No Estatuto do Estudiantado da USC:

Artigo 4. Dereitos do estudiantado en canto membros da comunidade universitaria

1. Son dereitos do estudiantado en canto membros da comunidade universitaria, sen prexuízo dos recollidos no Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro e nos estatutos da USC, os seguintes:

*l) Desenvolver a súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e saúde.*

Por todo elo, recomendo que se acceda ao solicitado pola alumna no sentido de adiantar as datas do período de realización do *Prácticum II* atendendo as súas circunstancias médicas acreditadas mediante os oportunos informes facultativos.

Con posterioridade dende a coordinación do máster informan:

“Atendendo a súa recomendación, ás circunstancias médicas acreditadas, á recepción dun novo informe facultativo con data 20 de febreiro de 2020, á situación excepcional e protexida de maternidade, e a que dentro da rede de centros educativos colaboradores un deles amosa a súa dispoñibilidade para asumir a recepción da alumna fóra do período oficial

INFORMO que a coordinación do título autoriza adiantar as datas do período de realización do Prácticum II entre os días 27 de febreiro e 2 de abril de 2020, garantindo a duración necesaria para o cumprimento das tarefas formativas propias desta materia. Estas datas acordáronse coa alumna interesada en co centro de prácticas que asume a súa recepción no período indicado.”

## ***Q 1912/02***

Foron presentados 14 escritos por membros do Persoal de Administración e Servizos manifestando a súa desconformidade co desenvolvemento do proceso de adxudicación dunha praza de dirección de biblioteca mediante comisión de servizos.

*Solicitouse informe ao respecto ao Sr. xerente que indica:*

Primeiro: O procedemento segue fielmente os criterios aprobados por Resolución da Xerencia do 15/07/2019. Neste documento menciónanse, por esta orde, os seguintes criterios de selección para a adxudicación en comisión de servizos de postos singularizados de nivel inferior a 26: en primeiro lugar, o coñecemento do traballo a desenvolver no posto de destino, en segundo lugar, a pertenza ao grupo ou subgrupo máis alto aos que estea adscrito o posto, en terceiro lugar a maior antigüidade na escala, e por cuarto e último, o número de orde máis alto obtido no proceso selectivo da escala á que pertence.

Cómpre mencionar que a antigüidade na escala, mencionada nos tres escritos, non é o único criterio para adxudicar as comisións de servizo, senón un máis entre catro e nin sequera o máis importante.

Revisado o informe asinado pola directora da Biblioteca da Universidade de Santiago, apréciase que está correctamente motivado no relativo ás oito solicitudes presentadas.

Así mesmo, cumpríronse todos os demais requisitos formais do procedemento; un procedemento que, por outra parte, fora negociado no seu día coa representación dos traballadores e traballadoras da USC.

Segundo: A pesar do mencionado en dous escritos, non se verifica que a candidata gañadora entregase o equivalente aos proxectos ou memorias requiridas nun concurso de provisión: os oito solicitantes entregaron currículos documentados, algúns máis detallados e outros menos, incluíndo a persoa finalmente designada para o posto.

Terceiro: Non existe ningunha reclamación en vía administrativa contra a proposta de adxudicación da comisión de servizos, que sería o procedemento máis eficaz e correcto se se desexa paralizar ou retrotraer o procedemento. Tampouco constan queixas ante a representación sindical.

Cómpre ter en conta que as comisións de servizo son un procedemento non ordinario de provisión, e que o compromiso da USC é axilizar o máximo posible os procedementos ordinarios, como o concurso. Lembramos que neste momento estase a celebrar o concurso de provisión para a Área de Bibliotecas e Arquivos, convocado por resolución da Xerencia, e que a praza da dirección da Biblioteca, que é obxecto das queixas, está incluída nel.

En conclusión, a Xerencia considera que a actuación da administración se adecuou totalmente ao procedemento establecido, culminando cunha proposta de adxudicación priorizada, na que se motiva suficientemente cada unha das solicitudes admitidas.”

### ***Q 1912/03***

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos motivado pola demora na convocatoria do concurso de traslados para persoal funcionario, indicando que o último desenvolveuse en abril de 2014.

*Solicítase informe ao Sr. xerente, que indica:*

“.../Os devanditos escritos (Q1912/03 e Q2001/01) alegan que “a USC leva desde o 4 de abril de 2014 sen convocar un concurso de traslados e non hai comunicación oficial da xerencia de que se vaia publicar, o que conleva que se prive ao persoal de poder promocionar...”. Desde o Valedor da Comunidade Universitaria pediuse informe á Xunta de Persoal, que recoñece que xa se convocou o concurso da Área de arquivos e bibliotecas e que non ten recibido comunicacións expresas pola demora do concurso. Ante isto, a Xerencia realiza as seguintes consideracións:

Primeira: O anterior concurso foi un proceso longo, convocouse por resolución do 4 de abril de 2014 e concluíu coa toma de posesión dos participantes, con efectos do 1 de novembro do 2016. En busca dunha maior axilidade en futuros procedementos decidiuse fragmentar o concurso, separando os postos que requiren proxecto e defensa pública dos que non na Área de Administración, e manter nunha única convocatoria os da Área de Arquivos e Bibliotecas. Este último concurso foi convocado por resolución da Xerencia do 10 de outubro de 2019.

Segunda: En relación co punto anterior, procedeuse a elaborar un regulamento de provisión (en fase de negociación cos órganos de representación do persoal) para gañar en seguridade xurídica e operatividade por parte da administración e das traballadoras e traballadores. Cómpre mencionar que a intención da Xerencia é convocar en primeiro lugar o concurso específico, para postos cun nivel igual ou superior ao 25 e algúns dos postos situados entre os niveis 22 e 25, e a continuación o concurso ordinario.

Así mesmo, no regulamento de provisión está previsto establecer un sistema de concurso permanente para facilitar a mobilidade dos postos base. Loxicamente, non procedería aprobar a convocatoria de provisión sen antes ter desenvolvido e acordado nos órganos de goberno da USC esta regulación actualizada.

Terceira: Se ben é certo que ambos os dous escritos son anteriores á declaración de Estado de Alarma por causa da pandemia ocasionada pola COVID-19, é obvio que a necesidade de trasladar a administración universitaria a un modo de traballo non presencial, xunto coas incertezas propias da situación, implicou unha certa demora nos procedementos en marcha. Téñase en conta que a suspensión de prazos ditada polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma estivo vixente até o 1 de xuño deste mesmo ano.

Por último, a Xerencia quere manifestar a súa comprensión ante as demandas do traballador e o seu compromiso de axilizar os procedementos ordinarios de provisión de postos.”

A presente queixa está relacionada coa Q2001/01

#### ***Q 1912/04***

Foi presentado un escrito por unha estudante referido á denegación do recoñecemento dos estudos cursados a través do programa/convenio de intercambio SICUE na Universidade Autónoma de Barcelona

*Infórmasele que o mesmo non é admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos.*

Neste sentido, indicábaselle que na citada resolución de recoñecemento de estudos, así como na resolución desestimatoria do recurso de alzada limitáronse a aplicar a normativa que regula ese procedemento na USC:

- O Acordo do Consello de Goberno do 26 de outubro de 2012 polo que se aproba o Regulamento de Intercambios de Estudantes.
- O Acordo do Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017 polo que se aproba o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio, modificado polo Acordo do mesmo órgano do 24 de maio de 2018.

#### ***Q 1912/05***

Foi presentado un escrito por un profesor expoñendo distintos feitos acontecidos no desenvolvemento da sesión da Xunta de Facultade que na súa consideración lle teñen producido indefensión e conculcado os procedementos democráticos por parte do decano desa facultade.

*Solicítouse un informe ao Sr. decano, que deu conta dos feitos acontecidos.*

## ***Q 2001/01***

Foi presentado outro escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos (P.A.S.) da USC en relación coa demora na convocatoria de concursos de traslados para o referido colectivo. No escrito expón que a USC *“leva dende o 4 de abril de 2014 sen convocar un concurso de traslados e que non hai comunicación oficial da xerencia de que se vaia publicar o que conleva que se prive ao persoal de poder promocionar tanto laboral como economicamente”*

Admitido o escrito a trámite como unha queixa, solicitouse un informe ao respecto á Xunta de Persoal PAS funcionario no que se recolle o seguinte:

“A Xunta de Persoal nas últimas reunión mantidas coa xerencia, preguntámoslle reiteradamente cando tiñan previsto convocar concurso de traslados da escala de administración ( o concurso da escala de arquivos e bibliotecas xa está en marcha) e nunca chegaron a darnos unha resposta clara ou unha data próxima.  
Tamén comentarlle que non temos recibido ningún escrito de queixa por este asunto.”

Por iso, *solicitouse un informe ao Sr. xerente* dando como resultado o incorporado na queixa análoga, Q1912/03.

## ***Q 2001/02***

Escrito presentado por un docente en relación á xestión e cesión de espazos nun centro.

*Solicitado informe, a Sra. decana de dito centro indica o seguinte:*

“1.- Con data do 4 de decembro de 2019, desde o decanato da Facultade, envíase un correo a todo o profesorado da Facultade no se que indica o novo procedemento de reserva de aulas

2.- Con data do 22 de xaneiro de 2020, acude ao decanato da Facultade o alumno de doutoramento, para facer unha reserva de aulas coa finalidade de traballar co profesor. Desde o decanato, a xestora infórmalle do procedemento a seguir para a reserva, e comproba se existe a dispoñibilidade da aula na que desexaba facer dita reserva. A continuación, a decana, que nese momento pasa polo espazo onde se atopaban a xestora e o alumno, escoita a conversa sobre a solicitude e coméntalle ao alumno a posibilidade de empregar para esa actividade espazos asignados ao Departamento, como no que estaba previsto realizar o seminario de traballo.

3.- O alumno abandona o decanato coa información facilitada pola xestora e coa suxestión da decana. A partir dese momento, a única comunicación que se mantén co profesor é cando este acude ao decanato para dicir á xestora que esta queixa estaba presentada, pero en ningún momento se lle denega ningún espazo, porque non se chegou a realizar a petición polo procedemento referido no punto 1.

4.- Coincidimos co sentido do escrito en que os locais da USC son para uso de toda a Comunidade Universitaria e non son patrimonio de ninguén, polo que os procedementos para o seu uso e xestión deben de ser respectados.”

Do expresado no anterior informe despréndese que non se ten seguido o procedemento establecido na Facultade para a reserva e cesión de espazos e non se ten producido a denegación obxecto da queixa. Por iso, considerando que non se ten infrinxido ningún dos seus dereitos, procedemos ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2002/01 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por seis estudantes dun Grao en relación co proceso de avaliación da materia.

Admitida a queixa a trámite *solicitouse informe á Sra. decana da Facultade, quen indicou ao respecto:*

1. Con data 3/02/2020 o prof. presenta un correo electrónico dirixido ó decanato desta Facultade no que pide (entre outras cuestións), aclaracións sobre o sistema de avaliación do alumnado
2. Con data 6/02/2020 a Facultade remitiulle correo electrónico ó profesor responsable da dita materia, recordándolle os criterios de avaliación aprobados na memoria do Grao e na programación docente da materia .
3. Con data 6/02/2020 a alumna, presentou unha reclamación no Decanato desta facultade contra a avaliación obtida na materia.
4. Con data 6/02/2020 a Facultade envioulle correo electrónico á alumna informándolle que se contactou co profesor para indicarlle que aplicase os criterios establecidos na memoria do Grao e na Programación docente da Materia
5. Con data 7/02/2020 a alumna achega copia dos correos que lle enviou o profesor. Nestes correos xustifica a cualificación recibida pola alumna e indícalle que debe reclamar.
6. Con data 10/02/2020 a alumna envía correo indicando que o profesor coñece a normativa de avaliación antes do peche de actas e podería emendar o erro de interpretación modificando a nota.
7. Con data 13/02/2020 o prof. achega as cualificacións do grupo 1 da materia.
8. De acordo con todo o anterior emito o seguinte

#### INFORME:

Segundo se indica na programación docente:

“(…). Sistema de avaliación

O estudante debe obter unha cualificación mínima no exame final do 35% para aprobar a materia. De non acadala, a nota de cualificación global será a do exame final sobre 10.

“(…). La calificación del alumno no será inferior a la del examen final ni a la obtenida ponderándola con la de evaluación continua, dándole a esta última un peso no inferior al 25% y no superior al 40% (…).”



Segundo nos indica o profesor a alumna obtivo no exame final un 5,6. A puntuación obtida ponderándoa coa avaliación continua é 3,6 (35% de 0 + 65% de 5,6). De acordo co indicado no sistema de avaliación débese elixir de estes dous valores o mais alto.

Datos que nos proporciona o prof.:

Avaliación continua: 0

Exame final: 5,6

O examen final ten un peso do 65% na nota

A avaliación continua ten un peso do 35%

*O Prof. indica que a alumna ten aprobado o exame final e suspensa a avaliación continua. Segundo a programación docente e a memoria do grao prevalece a nota do exame final polo que a alumna tería que ter superado a materia. En consecuencia, o prof. está aplicando incorrectamente o criterio establecido na Memoria do Grao e na propia programación docente, o que deriva en prexuízo da alumna que expón o caso.*

Así pois, á vista do indicado no escrito de queixa e do recollido no informe da Sra. decana da Facultade queda acreditado que no proceso de avaliación da materia do *Grao* non se aplicou correctamente o criterio establecido na Memoria do Grao e na propia programación docente.

Por iso, recomendo:

- que por parte dese Decanato se fagan as xestións oportunas para instar ao profesor a que cumpra o disposto na memoria da titulación e proceda ao cambio nas cualificacións.
- E, no caso de que fose necesario, se proceda ao establecemento dun novo período de revisión de cualificacións para todos os estudantes de dita materia, xa que da tramitación desta queixa dedúcese que a información facilitada polo profesor ao alumnado non foi a máis adecuada para garantir os seus dereitos.

Con posterioridade a Sra. decana informa:

.../

2. Con data 27/02/2020 o Valedor da Comunidade Universitaria envía escrito de recomendación, instando á correcta aplicación do criterio de avaliación establecido na Memoria do Grao e na programación docente da materia.

3. Con data 13/03/2020 fíxoselle un requirimento ó prof., dándolle un prazo de 5 días hábiles, para que efectuase a corrección da cualificación da alumna.

4. O día 20/03/2020, o prof. achega escrito de contestación ó anterior requirimento.

5. O día 1 de abril, envíaselle correo electrónico ó prof. indicándolle o seguinte:

“Tendo en conta que non caben alegacións que paralicen unha orde do Decanato e tendo en conta que a avaliación docente debe adecuarse ao establecido no Plan de Estudos, o profesor deberá acatar o requirimento enviado e realizar as cualificacións do alumnado conforme ao citado plan de estudos. De non facelo pode incorrer en desobediencia a unha autoridade superior. Ademais tendo en conta a RR do 23 de marzo de 2020, terá tamén que adecuar a guía docente a esta Resolución e ao establecido no plan de estudos.”

6.- Con data 22 de abril, non tendo constancia da realización do requirimento (polo prof.) emítese informe ao Sr. Reitor, dando a coñecer a situación.

Tense coñecemento que con posterioridade a intervención do Sr. reitor propiciou o cumprimento do requirimento por parte do profesor.

### ***Q 2002/02 - Recomendación***

Foi presentado nesta Institución un escrito por unha integrante da Comunidade Universitaria da USC expoñendo unha actuación que pode supor a mellora da pegada ecolóxica da Universidade de Santiago de Compostela:

“Como persoal da USC especialmente interesada nos temas medioambientais gustaríame propoñer que nos comedores universitarios se dispoña de auga da billa de balde para reducir o número de botellas de plástico que acaban no lixo. Non atopo onde enviar a miña proposta e, por iso, a achego ao valedor da comunidade universitaria.”

Considerando que dito escrito reúne os requisitos formais necesarios foi admitido a trámite e por iso doulle traslado do mesmo á Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica recomendando que se estude a oportunidade de levar a cabo a medida proposta dentro do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC e en concreto no marco da Programación Plurianual (2019-2022), onde a USC impulsa, entre outras, a seguinte acción:

- *“Política de Plásticos 0, para atinxir a curto e medio prazo unha redución efectiva da cantidade de plástico empregado. Para isto asinaranse acordos con cafetarías, comedores e concesionarios de máquinas expendedoras.”*

A resposta a esta recomendación quedou en suspenso motivada polas constricións impostas pola pandemia da Covid-19.

### ***Q 2002/03***

Foi presentado un escrito por alumnado dun Grao en relación coa coincidencia horaria dunha materia optativa e outra obrigatoria das ofertadas no 3º curso.

*No informe solicitado, a Sra. decana da Facultade xustifica o seguinte:*

“1.- A Facultade é o Centro con maior número de alumnado do Campus. Concretamente, 891 alumnos/as no curso 2019-2020. Fronte a este número tan elevado de alumnado somos un Centro con escaso volume de profesorado. Con datos de febreiro de 2020, contamos con tan so 47 profesores a tempo completo, dos que so 21 teñen vinculación permanente. Isto se traduce en 26 profesores a tempo parcial, 8 son P6 e 18 son P3. Por outra banda, contamos con 13 profesores alleos a esta facultade (non censados na mesma). Este feito condiciona moito os horarios e xoga en detrimento da satisfacción coa docencia impartida e a propia calidade docente do Centro.

A situación anterior deriva en que os POD do noso profesorado estean completamente desbordados e non exista a posibilidade de facer horarios minimamente coherentes. A maiores

debemos sumar que case todo o noso profesorado ten coordinacións (Título, Curso, Prácticum, TFG, etc.), e mesmo máis de unha.

2.- Non é certo que os alumnos/as (tal e como sinalan no escrito) escolleran esta materia porque consideraran que era un erro no calendario. Como o resto dos horarios dos centros da USC, os horarios son aprobados en Xunta de Facultade. O alumnado (son xa do 32 curso) coñece os mesmos antes de iniciar os seus estudos. Máxime se falamos de materias do segundo semestre (como é o caso sinalado na queixa). A isto súmase que falamos coas docentes da mesma previo a matricularse e falamos tamén co Vicedecano que lles advertiu da situación.

3.- Insistimos sempre ao alumnado (especialmente dende as Coordinacións de curso) que antes de matricularse das materias optativas revisen os horarios, pois hai materias que coinciden nos mesmos ou teñen solapamentos en certas horas.

4.- A optatividade é limitada, pero no curso actual permite poder elixir entre varias materias sen ter que colidir os horarios. Para o presente curso, cando se aprobou a PDA solicitamos á Vicerreitoría de Organización Académica a activación doutras optativas que permitisen unha maior oferta para xogar entre a optatividade. Foi rexeitada. Novamente na PDA para o vindeiro curso 2020-2021 se volve a solicitar.

5.- Coñecedores da problemática falouse coas docentes das dúas materias que coliden. En todo momento amosaron boa disposición para solventar a situación, especialmente a da materia optativa que lles deu opción de poder seguir igualmente a materia complementando as ausencias con traballos personalizándoas e complementarios dirixidos que desen conta da adquisición e dominio das competencias recollidas na materia.

6.- Estando en prazo de poder facer modificación da matrícula, varias alumnas (representante do alumnado na Xunta de Facultade e delegada do curso) tiveron unha xuntanza co Vicedecano para buscar alternativas a este feito. Aclaráronse todas as opcións e valoráronse as diversas alternativas, sobre todo de cara a optatividade.

7.- Sempre, e como opción menos desexable, poderán cursar a materia o seguinte curso académico.

Somos coñecedores da problemática xerada, máis tamén debemos atender a todas aquelas casuísticas das que emana a mesma, entendendo, en todo momento, o dano que o noso alumnado pode sufrir na súa formación, difícil de solventar coa situación previamente descrita.”

### ***Q 2002/04 - Recomendación***

Foi presentado un escrito de queixa por 56 participantes na *Proba de Aptitude para homologación de Títulos estranxeiros - Convocatoria de Novembro de 2019*.

Da información facilitada polos presentadores da queixa e da entrevista mantida co Sr. vicedecano da Facultade aprécianse erros procedimentais que parece oportuno corrixir:

- No referido ao proceso de avaliación da *Proba de aptitude para homologación* na Convocatoria de dita proba de data 21/10/2019 o epígrafe *Modalidade de examen* recolle o seguinte:

*“El examen consistirá en el desarrollo de 2 temas del temario de cada materia, sorteados en el momento del examen.*

Non establecendo ningún tipo de requisito específico para a superación da proba máis alá da cualificación global do exame.

Unha vez feito o exame comunícaselles a aplicación dun requisito que hasta ese momento era descoñecido para eles consistente na necesidade de superación de cada unha das preguntas para a consecución dunha cualificación de *apto* no conxunto da proba.

- En canto ao proceso de revisión da cualificación conséntase que este foi realizado en grupo sen a presenza do profesorado que corrixiu a proba.

Se ben non existe unha normativa específica que recolla o procedemento de cualificación e revisión deste tipo de probas, este valedor entende que por analogía debería ser de aplicación o establecido na *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións (aprobada en Consello de Goberno do 15/06/2011)* que indica o seguinte:

Artigo 3. Criterios de avaliación.

1. Os criterios de avaliación deberán ser públicos, coherentes cos obxectivos e metodoloxía da materia, e formativos.

Artigo 4. Publicidade.

1. Os criterios e métodos de avaliación deberán ser publicados e coñecidos polos alumnos con anterioridade ao inicio do período de matrícula.

Artigo 8. Revisión de cualificacións.

3. A revisión será persoal e realizaraa o profesorado encargado da docencia, salvo casos excepcionais debidamente autorizados polo director do departamento. Deberá adaptarse ás necesidades específicas dos estudantes con discapacidade, e procederáse ás adaptacións metodolóxicas precisas e, de ser o caso, ao establecemento de actuacións específicas en función das súas necesidades.

Por todo o anteriormente exposto recomendo que:

- No procedemento de avaliación da proba non se aplique ningún criterio adicional ao establecido e publicado na Convocatoria. O que implica que se proceda a facer unha nova corrección global dos exames sen ter en conta o requisito específico aplicado.
- Con posterioridade se abra un novo período extraordinario de revisión de cualificacións que contemple o procedemento establecido na Normativa de Avaliación citada.

Con posterioridade o Sr. presidente da Proba de Homologación informaba das actuacións levadas a cabo:

*“Atendendo a sus recomendaciones se contactó con los profesores coordinadores de las materias para solicitarles una nueva evaluación de los exámenes. En esta evaluación se les indicó que deberían tener en cuenta el conjunto global del examen (los dos temas que lo conformaban). Además, se solicitó la nueva evaluación de todos los exámenes de alumnos calificados hasta ese momento como “no aptos”, independientemente de que tuvieran firmado la queja o no. El proceso se demoró más de lo deseado a causa de la irrupción de la crisis sanitaria derivada de la Covid-19 pero puedo confirmarle que ya hemos recibido todas las evaluaciones.”*

### ***Q 2002/05***

Recibiuse un escrito asinado por membros dunha Xunta de Facultade no que se da conta de *“certos procedementos seguidos polo decano e membros do seu equipo decanal na organización dun congreso”*.

En relación co mesmo, infórmaselles que non é admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos. E, asemade, por considerar que o solicitado: *“se fagan as indagacións e valoracións correspondentes”* e *“se depuren as responsabilidades que correspondan”* non entran dentro das atribucións do Valedor da Comunidade Universitaria.

### ***Q 2002/06***

Recibiuse comunicación dunha profesora motivada polo non recoñecemento a efectos de antigüidade do tempo no que gozou dunha excedencia académica voluntaria en base á *Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación* desenvolvendo o seu labor nun centro de investigación estranxeiro, concretamente en Alemaña. No escrito indicaba:

*“He disfrutado de una excedencia académica voluntaria en base a la Ley de las Ciencias del 01/09/2016 - 31/08/2019 para trabajar en un centro de investigación en Alemania (artigo 17.4 da Lei 14/2011, da Ciencia a Tecnoloxía e a Innovación). Me he reincorporado con fecha 1 de septiembre del año pasado (2019) y resulta que no me computan estos tres años en el cálculo de mi antigüedad como profesora titular. En los servicios de Personal de la USC se argumenta que no tengo derecho al cómputo de estos 3 años, ya que mi caso se regula en el artículo 17.4. En este artículo no se menciona de forma explícita el tema de la antigüedad, al contrario que en el artículo 17.3.*

Entiendo que el hecho de no contemplar de modo explícito la antigüedad en el artículo 17.4 no implica automáticamente que no tenga derecho a su cómputo.”

Admitido o seu escrito a trámite, efectuáronse xestións perante a Secretaría Xeral da USC coa finalidade de clarificar ditos aspectos, resultando a consideración de que se lle está a aplicar correctamente o establecido na Ley de Ciencia, que indica:

*Artículo 17 Movilidad del personal investigador*

.../

3. El personal investigador funcionario de carrera o laboral fijo que preste servicios en Universidades públicas, en Organismos Públicos de Investigación de la Administración BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO LEGISLACIÓN CONSOLIDADA Página 24 General del Estado, en Organismos de investigación de otras Administraciones Públicas o en centros del Sistema Nacional de Salud o vinculados o concertados con éste con una antigüedad mínima de cinco años podrá ser declarado en situación de excedencia temporal para incorporarse a otros agentes públicos de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación, siempre que no proceda la situación administrativa de servicio activo

4. El personal investigador funcionario de carrera o laboral fijo que preste servicios en Universidades públicas, en Organismos Públicos de Investigación de la Administración General del Estado, en Organismos de investigación de otras Administraciones Públicas o en centros del Sistema Nacional de Salud o vinculados o concertados con éste con una antigüedad mínima de cinco años podrá ser declarado en situación de excedencia temporal por un plazo máximo de cinco años, para incorporarse a agentes privados de ejecución del Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación, o a agentes internacionales o extranjeros.

Establecendo así, unha diferenciación entre a concesión da excedencia temporal para incorporarse a axentes privados do Sistema Español de Ciencia ou a axentes internacionais ou estranxeiros ou a excedencia para incorporarse a axentes públicos do Sistema español de Ciencia Tecnoloxía e Innovación e recoñecendo só a estancia nestes últimos a efectos do cómputo de antigüidade:

Art. 17.3:

.../ Durante ese período, el personal investigador en situación de excedencia temporal no percibirá retribuciones por su puesto de procedencia, y tendrá derecho a la reserva del puesto de trabajo, a su cómputo a efectos de antigüedad, a la consolidación de grado personal en los casos que corresponda según la normativa aplicable, y a la evaluación de la actividad investigadora en su caso.

***Q 2002/07***

Escrito presentado por unha profesora e referido á omisión de resposta a unha solicitude dirixida ao Sr. reitor con data 27 de xaneiro de 2020 para que lle remitiran os acordos e resolucións previas á modificación do PDA dunha Área.

O mesmo *non foi admitido a trámite* como unha queixa ao entender que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos, dado que non se aprecia unha demora significativa e non

acorde aos prazos que establece a normativa na obtención de resposta, dende o 27/01/2020 ao 14/02/2020.

### ***Q 2002/08***

Escrito presentado por unha integrante do PDI referido á omisión de resposta a unha solicitude efectuada ao Sr. reitor con data 11 de xaneiro de 2020 co fin de “*que se declarara nulo un acuerdo del consejo de departamento sobre la propuesta de modificación de PDA*”.

Infórmase que o mesmo non é admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos, dado que non se aprecia unha demora significativa e non acorde aos prazos que establece a normativa na obtención de resposta, dende o 11/01/2020 ao 14/02/2020.

### ***Q 2003/01***

Escrito presentado por un docente dando conta da problemática de cambios de queda dunha materia por coincidencia horaria co Prácticum:

*No informe que lle foi solicitado a Sra. decana da Facultade xustifica o seguinte:*

A normativa de cambio de grupo aprobada por Xunta de Facultade o día 22 de abril de 2016 establece que “o alumnado poderá pedir ao profesor/a o cambio de grupo”.

Dende esta data o profesorado da área negouse a xestionar ningún cambio de grupo ao alumnado independentemente de que houbera capacidade nos grupos e que estivesen debidamente xustificadas as peticións de cambio.

Cando rematou o prazo de solicitude por parte do alumnado, pediuse información a cada profesor/ a das materias nas que había reclamacións para que informaran da resposta dada a cada unha das solicitudes de cambio. Un dos profesores indicou especificamente: “desde a área non se nos permiten realizar os cambios de grupo”

A porcentaxe de alumnado repetidor é moi elevada nesta materia:

2019-20: 55 alumnos/as, 29,41%

2018-19: 45 alumnos/as, 24,72%

2017-18: 94 alumnos/as, 77,04%

Trátase dunha materia de 3º curso de grao polo que o alumnado que a ten pendente (alumnado repetidor que o profesor indica que xa coñecía que se lle ían solapar materias) tería que renunciar a matricularse no prácticum de 4º ao curso seguinte e isto derivaría en alongar, inevitablemente, 1 ano máis a súa graduación.

No curso 2019-20

Houbo 13 reclamacións de solicitude de grupo denegadas por sobrepasar a ratio máxima de alumnos por grupo interactivo establecida na PAA

A solución que plantexa o profesor non é posible pola distribución de alumnado nos grupos interactivos.

A materia ten 2 grupos expositivos e 8 grupos interactivos de laboratorio distribuídos entre a mañá e a

tarde dado que pertence a un grao que ten quenda de mañá e quenda de tarde debido ao número de alumnos/as.

Os catro grupos interactivos da mañá teñen o seguinte número de alumnado:

1: 21 alumnos/as

2: 21 alumnos/as

3: 26 alumnos/as

4: 22 alumnos/as

A resolución das reclamacións presentadas no decanato ante a negativa do profesor a xestionar ningún cambio de grupo resolvéronse consonte aos seguintes criterios:

1. Considerouse que o dereito o cambio de grupo que tiña cada alumno/a individual non podía pasar pola imposibilidade de concedelos todos. A normativa non recolle en ningún momento que se non se poden conceder todos os cambios solicitados non se concede ningún.
2. Priorizáronse as solicitudes de actividade laboral debidamente acreditada.
3. Das demais que coincidían na causa "solapamento de horarios con outras materias da titulación" resolvéronse positivamente os posibles tendo en conta a ratio de alumnado nos grupos por orde de petición podendo resolver positivamente soamente parte dos solicitados.

Sendo a situación así, aínda tendo en consideración que hai 13 alumnos/as (non 12 como di o profesor no seu escrito) que solicitaban pasar ao grupo de tarde que na actualidade estaban incorporados e repartidos entre estes 4 grupos de mañá non sería posible suprimir ningún grupo de horario de mañá e pasalo a tarde por varias razóns:

1. Isto suporía cambiarlle o horario a alumnado inicialmente asignado a grupos de mañá para a tarde co conseguinte prexuízo para eles para resolver a situación de solapamento de outros.

2. Terían a clase expositiva con un docente pola mañá e a interactiva con outro pola tarde."

### ***Q 2003/02***

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno motivado pola anulación da súa matrícula no *Curso Ponte* dun grao derivada dun proceso de revisión de matrícula na UXA.

*Solicitado informe, dende a UXA comunican a resolución do obxecto da queixa:*

Con data 19 de marzo de 2020 recíbese certificación da UNED da anulación e arquivo da matrícula realizada polo alumno nos estudos de Grao en no curso 2019/2020.

O 20 de marzo de 2020 a OAR dita Resolución ao recurso de reposición interposto polo alumno: ESTIMAR o recurso potestativo de reposición interposto polo estudante e, en consecuencia:

Reactivar a matrícula do alumno no Grao no curso académico 2019/2020.

Atendendo o disposto na resolución do recurso o día 23 de marzo de 2020 reactivábase a matrícula no curso ponte do Grao no curso 2019/2020.

### ***Q 2004/01***

Foron presentados dous escritos por estudantes que solicitaban que as comunicacións se enviasen ademais de en galego en castelán.



*Informóuselles que non se admitían a trámite como unha queixa ao considerar que do expresado nos mesmos non se apreciaba a conculcación de ningún dereito. No entanto, remitíronse ao equipo de goberno da USC por se consideraban oportuno efectuar algunha actuación ao respecto.*

## **Q 2004/02**

Queixa presentada por estudantes dun máster motivada pola *Resolución Reitoral do 7 de abril* sobre obrigas referidas á docencia non presencial, e pola que se teñen substituído as prácticas de campo por docencia non presencial, o que conleva a perda de máis do 90% de todas as prácticas que xa estaban previstas para a primavera.

*No informe solicitado* a Sra. Vicerreitora de Organización Académica menciona distinta normativa que xustifica a necesidade de substituír a docencia presencial por modalidades virtual, on-line ou en remoto e, sempre que fose posible, substituír as actividades presenciais por outras non presenciais como consecuencia da pandemia causada polo Covid-19. E en concreto sobre o máster indica o seguinte:

“O Máster impártese baixo a responsabilidade da Facultade. Unha vez recibida a queixa remitida polo Sr. Valedor da Comunidade Universitaria, esta vicerreitora púxose en contacto co Sr. Decano da Facultade para coñecer, de primeira man, as decisións tomadas no marco de desenvolvemento do máster para a substitución da docencia presencial por unha modalidade non presencial da mesma.

O escrito dos estudantes inclúe tres solicitudes:

1. “El retraso de las actas hasta verano, para que puedan ser realizadas las prácticas cuando el estado de alarma sea levantado”. A elaboración do calendario académico e das datas de avaliación e apertura e peche de actas é competencia de Secretaría Xeral. Non obstante, en consideración da actual situación como consecuencia das medidas adoptadas por mor da situación sanitaria producida polo coronavirus, o Consello de Goberno, na sesión do 22 de abril, acordou un Réxime especial de avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19.

2. “De no ser posible lo anterior, la garantía de realización de las mismas aunque sea de carácter voluntario tras el cierre de actas”. Na resposta a esta vicerreitoría, o Sr. Decano informa favorablemente a impartición de ditas prácticas ao longo do mes de setembro, no caso de que sexa posible, con carácter de asistencia voluntaria para os/as alumnos/as. Non obstante, non se poden aportar garantías.

3. “La flexibilización de carga no presencial indebida en asignaturas que no estaban diseñadas para eso”. Tamén na súa resposta, o Sr. Decano manifesta que se establecerán contactos co profesorado do mestrado para suxerirle que se dimensione axeitadamente a carga docente non presencial das materias, de acordo co establecido nas guías docentes.

Recibida a resposta anterior, esta vicerreitoría informou favorablemente a proposta dos puntos 2 e 3, tal como lle foi comunicado ao Sr. Decano e se fai constar neste documento.”

### ***Q 2004/03***

Escrito presentado por un estudante de doutoramento no que pon de manifesto distintos problemas que está a ter no desenvolvemento da súa tese doutoral.

*Solicítase un informe* a Sra. coordinadora do Programa de Doutoramento que indica que a queixa xa foi atendida e expón as actuacións efectuadas nese sentido.

Ao mesmo tempo recibíuse unha comunicación do presentador da queixa informando que mantivera conversas cos responsables e que desistía da reclamación presentada.

### ***Q 2004/04***

Estudante dun Grao presenta nesta Institución un escrito referido a establecer como excepcionalidade a posibilidade de presentar o TFG sen ter superada algunha materia distinta das prácticas.

*Infórmase*lle que o mesmo no pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que non es está a conculcar ningún dos seus dereitos, dado que a materia á que se refire aínda é susceptible de ser superada telematicamente e as "prácticas" non poden levarse a cabo como consecuencia da pandemia, por conseguinte non son situacións comparables.

### ***Q 2004/05***

Recibíuse un escrito referido ao posible sistema de avaliación da ABAU no presente curso e un probable aumento das notas de corte, que afectarían negativamente aos alumnos/as que este ano estiveran agardando o acceso a estudos universitarios coa nota da ABAU do pasado curso.

En relación co mesmo, *infórmase*lle que debe dirixir a súa solicitude á CiUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia), por ser esta a encargada do desenvolvemento de ditas probas na Comunidade Autónoma de Galicia.

### ***Q 2004/06***

Foi presentado nesta Institución un comunicado conxunto de catro asociacións de estudantes dunha Facultade motivado pola apreciación de que non se está a cumprir nese Centro a preferencia establecida polo *Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020* que indica:

*"Artigo 3. Modalidades de avaliación*

*.../2. A avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua) terá preferencia sobre a modalidade de avaliación con probas finais telemáticas."*

Así como o recollido nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19* que establecen que "con carácter xeral recoméndase que, sempre que resulte posible, se adopte un sistema de avaliación non presencial baseado na avaliación continua e que non esixa a realización de exames ou probas finais."

*No informe solicitado o Sr. Decano da Facultade indica o seguinte:*

".../O Acordo de 22 de abril, no seu artigo 3, sobre modalidades de avaliación, indica que:

"1. Contémplanse dúas modalidades de avaliación: a. Avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua). b. Avaliación non presencial con proba final telemática. Será posible prever ambas modalidades para unha mesma materia. Neste caso, na medida do posible, terase en conta a elección do alumnado.

2. A avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua) terá preferencia sobre a modalidade de avaliación con probas finais telemáticas."

.../ As Directrices de 27 de abril no artigo 3.1. sobre a avaliación en primeira oportunidade de materias anuais e de segundo cuadrimestre establecen as mesmas dúas modalidades de avaliación recollidas no Acordo. Matizan, non obstante, a referencia á preferencia cando din que:

*"[...] A primeira destas modalidades considérase a opción preferente. Polo tanto, sempre que resulte posible, deberase elixir esta modalidade".*

Non se determina cal é o criterio que determine dita posibilidade. No entanto, posteriormente indica que, a partir das dúas modalidades xerais e por combinación das mesmas, poden derivar un total de catro posibilidades alternativas, e fai referencia ao profesorado da materia como axente decisor da modalidade a elixir, o que dá lugar a interpretar que o criterio sobre se é ou non posible unha ou outra opción vén determinado por dito profesorado. O texto das Directrices, nese artigo 3.1., di:

*"En resumo, o/a profesor/a encargado da materia poderá optar por unha das seguintes catro posibilidades:*

1. *Modalidade a.*

2. *Modalidade b.*

3. *Modalidade a + Modalidade b.*

4. *Modalidade a ou Modalidade b (entre as que poderá elixir o/a estudante)".*

O 29 de abril, nunha nova reunión co reitor e co seu equipo, pedimos desde este Decanato que se aclarase definitivamente, e por mor das dúbidas que aínda poderían ficar en parte do alumnado, quen debía decidir en última instancia o sistema de avaliación e determinar a preferencia ou non por un ou outro sistema. Nesa reunión a Reitoría manifestou de novo que era o profesorado e non o alumnado quen debía decidir o sistema de avaliación. Non obstante, pedíusenos, como noutras ocasións, que seguísemos traballando para favorecer a flexibilidade, tal e como se viña facendo, mantendo o espírito do mencionado Acordo. Esta petición coincide coa que, desde este Decanato, se veu facendo por escrito a todo o profesorado do Centro, ao comunicar que: *"Entendemos que, tal e como recolle o Acordo de avaliación, o profesorado debe ser flexible á hora de avaliar e debe considerar as especialísimas circunstancias para alumnado, profesorado e poboación en xeral"*. Á luz de toda esta información que se foi dando ao longo dunha semana, o profesorado presentou as súas modificacións diante dos seus respectivos departamentos antes do 28 de abril. Estas modificacións, posteriormente, foron comunicadas dos departamentos ao Decanato da Facultade que, despois da súa revisión, constatou que todas elas se axustaban ás catro modalidades contempladas nas Directrices da Vicerreitoría de Ordenación Académica.

## **GRAO 1: Información sobre o número de materias das que o alumnado ten que render exame en primeira oportunidade de materias anuais e de 2º cuadrimestre e sobre o número e porcentaxe de materias por modalidade de avaliación**

No grao non hai ningunha materia anual, sendo todas elas cuadrimestrais. No 2º cuadrimestre cúrsanse 22 materias en total.

En canto ás porcentaxes de materias por modalidade de avaliación, e considerando as catro posibilidades contempladas nas Directrices de 27 de abril (Modalidade a, Modalidade b, Modalidade a+b, e Modalidade a ou b –a elixir polo estudantado-), os resultados son os seguintes:

1. Ningunha das materias (0%) opta pola Modalidade b (só avaliación mediante proba final) como modalidade xeral de avaliación.

2. O 100% das materias contemplan en todo ou en parte a avaliación continua (Modalidade a, Modalidade a+b, ou Modalidade a ou b -entre as que poderá elixir o/a estudante-). Dentro destas podemos realizar as seguintes especificacións:

a. O 91% de materias (20 dun total de 22) ofrecen sistemas de avaliación nos que a avaliación continua supón o 100% da nota final ou un peso sobre a nota final igual ou superior ao 50% . En concreto:

a.1. O 68% das materias (15 de 22) permiten ao alumnado avaliarse pola modalidade de avaliación continua (onde a avaliación continua supón o 100% da cualificación), ás veces como única opción, ás veces como opción a elixir entre outras. Distribúese este grupo da seguinte maneira:

a.1.1. O 36% das materias (8 de 22) optaron por avaliar ao alumnado exclusivamente a través do sistema de avaliación continua (Modalidade a).

a.1.2. Un 32% das materias (7 de 22) dan opción ao alumnado para que este elixa o sistema que considere mellor para os seus intereses: seren cualificados ao 100% por avaliación continua (Modalidade a) ou seren avaliados por un sistema mixto onde se contemple na cualificación unha parte de avaliación continua e outra parte con proba final (Modalidade a+b) ou elixir seren avaliados só con proba final (Modalidade b).

a.2. O 23% das materias (5 de 22) propoñen un sistema mixto (Modalidade a+Modalidade b), cun peso da avaliación continua igual ou superior ao 50% (o peso da avaliación continua elevouse considerablemente respecto ao que existía con anterioridade).

b. O 9% das materias (2 de 22) ofrecen sistemas de avaliación continua con proba final, onde a parte correspondente á avaliación continua é inferior ao 50% da cualificación final. Destas dúas materias, unha aumentou o peso da avaliación continua respecto ao que tiña anteriormente.

## **GRAO 2: Información sobre o número de materias das que o alumnado ten que render exame en primeira oportunidade de materias anuais e de 2º cuadrimestre e sobre o número e porcentaxe de materias por modalidade de avaliación**

No grao non hai ningunha materia anual, sendo todas elas cuadrimestrais. No 2º cuadrimestre cúrsanse 25 materias en total.

En canto ás porcentaxes de materias por modalidade de avaliación, e considerando as catro posibilidades contempladas nas Directrices de 27 de abril (Modalidade a, Modalidade b, Modalidade a+b, e Modalidade a ou b –a elixir polo estudantado-), os resultados son os seguintes:

1. Ningunha das materias (0%) opta pola Modalidade b (só avaliación mediante proba final) como modalidade xeral de avaliación.

2. O 100% das materias contemplan en todo ou en parte a avaliación continua (Modalidade a, Modalidade a+b, ou Modalidade a ou b -entre as que poderá elixir o/a estudante-). Dentro destas podemos realizar as seguintes especificacións:

a. O 68% de materias (17 dun total de 25) ofrecen sistemas de avaliación nos que a avaliación continua supón o 100% da nota final ou un peso sobre a nota final igual ou superior ao 50% . En concreto:

a.1. O 56% das materias (14 de 25) permiten ao alumnado avaliarse pola modalidade de avaliación continua (onde a avaliación continua supoña o 100% da cualificación), ás veces como única opción, ás veces como opción a elixir entre outras. Distribúese este grupo da seguinte maneira:

a.1.1. O 32% das materias (8 de 25) optaron por avaliar ao alumnado exclusivamente a través do sistema de avaliación continua (Modalidade a).

a.1.2. Un 24% das materias (6 de 25) dan opción ao alumnado para que este elixa o sistema que considere mellor para os seus intereses: seren cualificados ao 100% por avaliación continua (Modalidade a) ou seren avaliados por un sistema mixto onde se contemple na cualificación unha parte de avaliación continua e outra parte con proba final (Modalidade a+b) ou elixir seren avaliados só con proba final (Modalidade b).

a.2. O 12% das materias (3 de 25) propoñen un sistema mixto (Modalidade a+Modalidade b), cun peso da avaliación continua igual ou superior ao 50% (o peso da avaliación continua elevouse considerablemente respecto ao que existía con anterioridade).

b. O 32% das materias (8 de 25) ofrecen sistemas de avaliación continua con proba final, onde a parte correspondente á avaliación continua é inferior ao 50% da cualificación final. Destas 8 materias, 3 aumentaron o peso da avaliación continua respecto ao que tiña anteriormente.

### **Comentarios finais aos novos sistemas de avaliación nos graos**

Á vista do conxunto das propostas realizadas nos graos, este Decanato considera que se ten feito un esforzo moi considerable por flexibilizar os sistemas de avaliación considerados orixinariamente nas diferentes materias. Cómpre ter en conta que estamos en graos cun número de persoas matriculadas moi elevado, o que multiplica ás dificultades para levar a cabo unha avaliación continua en exclusiva, con garantías para medir, coa maior corrección posible, o esforzo individualizado realizado e os coñecementos adquiridos. Por este motivo, o sistema de avaliación ordinario previsto inicialmente prevía na maior parte das materias un sistema mixto (avaliación continua máis proba final), tratando de conxugar as vantaxes de cualificación de ambas modalidades. Tras a declaración do estado de alarma, e considerando as especiais circunstancias para o profesorado e o alumnado e as medidas adoptadas pola Reitoría da USC, ten habido unha revisión xeneralizada dos sistemas de avaliación na práctica totalidade das materias dos dous graos, manifestada en varias direccións:

- Prevalencia maioritaria do sistema de avaliación continua como sistema xeral de avaliación, ofertado de forma exclusiva (só avaliación continua) ou como unha opción que o alumnado pode elixir entre outras.

- Maior flexibilización nos sistemas de avaliación, reflectida:

- na variedade de modalidades previstas e no grao de opcionalidade para elixir entre elas que se outorga ao alumnado.

- na redución ou total eliminación de requisitos que figuraban na programación inicial dalgunhas materias (como os mínimos esixidos na proba final para facer media coa avaliación continua).

- no aumento xeneralizado do peso da avaliación continua.

- Maior flexibilización nos contidos (reducción de contidos, niveis de esixencia axustados á nova situación...)."

### ***Q 2004/07***

Unha profesora presenta un escrito no que indica ter dirixido, sen obter resposta, unha solicitude de aclaracións sobre aspectos da avaliación en aplicación das directrices que a USC aprobou derivadas da emerxencia sanitaria da Covid-19.

*Remitiuse escrito á Vicerreitoría de Organización Académica co fin de que deran a oportuna resposta.* Posteriormente a presentadora da queixa manifestou ter recibido a contestación.

### ***Q 2004/08***

Foi presentado nesta Institución un escrito por unha alumna, estudante de 1º do Grao, no que pon de manifesto deficiencias derivadas da ausencia de docencia en determinadas materias e os sistemas de avaliación que se prevén, que non recollen a recomendación da Reitoría de efectuar avaliación continua e sen modificación substancial nos criterios de avaliación previstos para a docencia presencial.

Solicítase información ao respecto ao Sr. decano da Facultade, que emite un exhaustivo informe detallando as accións do decanato no seguimento da docencia non presencial e por outra banda respecto da avaliación das materias facía as seguintes consideracións:

".../de ningún xeito, existe no mencionado acordo do Consello de Goberno, obrigação algunha de realizar avaliación continua, e se que deixa en mans de docentes e Departamentos a elección da modalidade de avaliación, sen que teña que existir porcentaxe algún de ningunha das dúas modalidades

A avaliación continuada, é unha recomendación do Reitorado, de ningún xeito unha imposición, e como tal está a actuar o Decanato, falando cos profesores, tentando axudarlles a solucionar as dificultades docentes desta etapa, e respectando exquisitamente a súa capacidade para decidir o tipo de avaliación.  
.../"

### ***Q 2004/09***

Foi presentado un escrito por un estudante motivado polo requisito de acreditación dunha lingua estranxeira para o acceso a un máster e daba conta das dificultades para obter a acreditación nese período si se considera a mesma como un requisito para obter a titulación, no canto de ser un requisito de acceso aos estudos de máster.

Infórmaselle que non foi admitido a trámite como unha queixa por entender que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos.

No entanto, deuse traslado do mesmo á Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional, para o seu coñecemento e por se estima oportuno consideralo e efectuar algunha actuación ao respecto.

### **Q 2004/10**

Foi presentado nesta Institución o escrito por un representante estudantil de 1º. Curso dun Grao no que daban traslado a profesorado e ao Decanato desa Facultade de distintas problemáticas nas que están inmersos: deficitario acceso a internet, medios técnicos moi limitados, non disposición de materiais de estudo físicos, carencia de clases telemáticas... e indicando a súa consideración de que o sistema de avaliación máis acaído ás súas circunstancias actuais non pasaría por “*una prueba escrita/oral con escasas garantías*”

Admitida a queixa a trámite solicitouse información ao Decanato dende onde indican que aproximadamente o 70% das materias do segundo cuadrimestre o sistema de avaliación para render exame é unha proba escrita/oral.

Tendo en conta a preferencia establecida polo *Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020* que indica:

*"Artigo 3. Modalidades de avaliación*

*.../*

*2. A avaliación non presencial sen proba final (avaliación continua) terá preferencia sobre a modalidade de avaliación con probas finais telemáticas. "*

Así como o recollido nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19* que establecen que "*con carácter xeral recoméndase que, sempre que resulte posible, se adopte un sistema de avaliación non presencial baseado na avaliación continua e que non esixa a realización de exames ou probas finais.*"

Por iso, demos traslado ao equipo de goberno da USC da problemática descrita co fin de que se faga unha análise do grao de seguimento da recomendación que se recollía no *Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020* e máis nas *Directrices para a organización da docencia e da avaliación do curso 2019-2020*.

### **Q 2005/01 - Recomendación**

Foi presentado nesta Institución un escrito por unha alumna expoñendo a problemática na que se atopa por mor da demora da data para render exame nunha materia, o que lle impediría defender o TFG na data establecida inicialmente e que non foi modificada, e que imposibilitaría rematar estudos neste curso e continuar coa formación que tiña prevista para o vindeiro curso académico.

Admitida a queixa a trámite, enviouse ao profesor da materia a seguinte recomendación:

No escrito refírese que a data oficial para o exame desta materia é o día 21 de xullo o que lle impediría defender o seu TFG na convocatoria de xullo porque as datas aprobadas polo Centro foron 15 e 16 de xullo.

É de salientar que antes de producirse a situación de alarma, o Centro no calendario aprobado contemplaba a sincronía entre a avaliación da materia e a presentación do TFG porque a presentación deste era posterior á data da 2ª oportunidade da materia. Como vostede sabe a COVID-19 implicou un retraso nas datas da 2ª oportunidade aprobado pola Universidade. Cambio sen dúbida necesario pero que neste caso prexudica á alumna.

Co propósito de minimizar os efectos que a situación ten sobre os alumnos, o que as veces implica certa flexibilización, RECOMENDO que se faga un esforzo e se lle adiante a data do exame á dita alumna, para que de superar a avaliación poida presentar o seu TFG nesta convocatoria.

Á recomendación precedente o profesor ten respostado o seguinte:

“Unha vez comprobado o caso persoal da alumna á que vostede fai referencia no expediente Q2005/01, considero que a alumna ten razón nos motivos que alega, que lle supoñen un prexuízo nos seus dereitos adquiridos no momento da matrícula. Estes mesmos prexuízos poden estar concorrendo tamén noutros alumnos, xa que non é ela a única que debe presentarse a dita convocatoria de 2ª oportunidade, polo que no caso de darlle a ela a opción de examinarse antes da data mencionada, coido que sería xusto tamén darlle a mesma opción aos demais alumnos.

Por tal motivo, non teño pola miña parte inconvincente ningún en adiantar dita proba a antes do 15 de xullo, tanto para ela como para o resto dos alumnos (si así o desexan).

No entanto, considero que eu, como coordinador da materia, non teño potestade para modificar un calendario oficial de exames aprobado polos órganos competentes da USC. Por dito motivo, comunícolle a miña decisión de estimar a súa recomendación, pero **CONDICIONADO** a que previamente se me remita por escrito unha autorización asinada polo órgano ou persoa competente na USC para modificar o calendario de avaliación da materia do Grao.”

Así pois, comunícaselle á alumna:

En relación co escrito do profesor e o seu condicionado, informarlle que o calendario oficial, aprobado polos órganos competentes, non se pode variar e que o profesor non considera anticipar a data de exame sen cambio de calendario. Por iso, lamento comunicarlle que ante a non frutificación das xestións realizadas procedemos ao remate da presente queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2005/02***

Foi presentado nesta Institución un escrito por un grupo de 121 estudantes de mobilidade (nacional e internacional) con destino na USC motivado pola *Instrución da Secretaría Xeral 2/2020, para a aplicación do artigo 4.3 do acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020*, que determina a exclusión deste colectivo na aplicación do establecido no referido art. 4.3.



No informe que lle foi solicitado a Secretaría Xeral da USC xustifica o seguinte:

1.- O Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019- 2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria por mor da COVID-19, establece:

*Artigo 4.3 Para que esta situación excepcional non vaia en detrimento do expediente do alumnado, unha vez superada unha materia, esta recibirá unha cualificación que como mínimo será a correspondente á nota media do expediente do alumno/a. No caso de que a cualificación obtida da materia fose superior a esa nota media, no expediente reflectirase a cualificación obtida. Esta regra aplicarase a todas as materias anuais e do segundo cuadrimestre, incluídos TFG, TFM, prácticas e recoñecementos de cualificacións obtidas en réxime de mobilidade. A Secretaría Xeral ditará unhas instrucións específicas acerca do procedemento que se seguirá para implementar esta medida.*

2.- As Directrices para Organización da docencia e a avaliación que desenvolven o Acordo anterior, establecen:

### *3.5. Avaliación de estudantes de mobilidade*

*3.5.1. Estudantado de mobilidade entrante: Para o estudantado de mobilidade entrante seguiranse os procedementos de avaliación previstos nos apartados anteriores para o resto do estudantado da USC, con independencia de que o/a estudante permaneza en Santiago de Compostela ou Lugo, ou de que retornase ao seu lugar de orixe.*

*Igual que co resto do estudantado, naqueles casos en que excepcionalmente non fose posible realizar unha avaliación a distancia, deberán preverse sistemas de avaliación alternativos. Así, por exemplo, no caso de estudantes retornados aos seus países sería posible organizar, con carácter excepcional, probas nas universidades de orixe coa colaboración do profesorado destas.*

*3.5.2. Estudantado de mobilidade saínte: No caso do estudantado de mobilidade saínte, seguiranse os procedementos de avaliación previstos polas universidades de destino. Para este estudantado será de aplicación o establecido con carácter xeral para as materias anuais e de segundo cuadrimestre no relativo ao traslado ao expediente da nota media do expediente cando a cualificación obtida na materia sexa inferior a esta.*

3.- A Instrución da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3. do Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19, establece, conforme ás anteriores regulacións, o seguinte:

*Terceiro. 3. Non procede a aplicación desta media aos/ás estudantes que iniciaron estudos no segundo cuadrimestre do curso 2019/20, nin aos estudantes de mobilidade con destino na USC agás que cursen a totalidade dos estudos de Máster nela, nin aos que cursen materias de formación complementaria en Máster ou materias complementarias en estudos de doutoramento.*

4.- Por outra banda existe un criterio técnico que impide a aplicación da nota media a este alumnado. A USC non ten informatizado o expediente do alumnado nin lle é de aplicación o criterio da nota media dos estudantes do SUG (Protocolo de notas medias). Deste xeito, para poder aplicar este criterio, a USC debería ter todo o seu expediente académico informatizado con todas as materias cursadas nos seus estudos ata o 15 de maio de 2020 e conforme a unha estrutura idéntica á dos estudos españois para que o resultado fora comparable.

5.- A vista do anterior, hai dous motivos que impiden a aplicación da salvagarda das cualificacións coa nota media dos seus estudos; unha de carácter legal, xa que foi o Consello de Goberno o que acordou tal medida, e outro de carácter técnico, pola imposibilidade de calcular a nota media de alumnos que non teñen o seu expediente completo informatizado na USC.

6.- Aínda así, a USC remitirá unha comunicación á universidade de orixe do acordado polo Consello de Goberno desta universidade para que aquela poda telo en conta no momento de realizar o recoñecemento, se así o considera.

Polo tanto estes alumnos reciben unha cualificación por parte do profesorado igual que os demais. A única diferenza é que ao non dispor do seu expediente completo informatizado nas bases de datos da USC, non é posible aplicar a salvagarda establecida.

Comunicando aos presentadores da queixa o seguinte:

- que no seu momento demos traslado das súas consideracións ao respecto á Secretaría Xeral da USC.

- que o criterio obxecto da súa queixa foi establecido polo Consello de Goberno mediante a adopción do *Acordo do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019- 2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria por mor da COVID-19*. Polo tanto, correspondería a ese órgano de goberno universitario, no que tamén están integrados representantes do estudantado, a modificación/interpretación do mesmo, e por iso poden dirixirse aos seus representantes para que insten o debate ou modificación dos aspectos expostos por Vostedes.

E en consecuencia, infórmaselles que no que respecta á actuación do Valedor procédese ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2006/01***

Escrito de queixa referido á Convocatoria de prazas para a elección de destino por estudantes dun Grao nunha Facultade, no que manifestaba discrepancia cos criterios aprobados e publicados en dita convocatoria por distintos aspectos.

Indícaselle que de estar desconforme con dita Convocatoria debe de seguir o establecido no derradeiro parágrafo da mesma:

“Contra a presente resolución, poderá interpoñer recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o Reitor no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015.”

### ***Q 2006/02***

Escrito presentado por unha alumna que cursa estudos na UNED dando conta dos problemas xurdidos no acceso á USC. No escrito expoñía:

“El requisito que la USC me pide para poder solicitar el traslado, es tener un mínimo de 30 créditos de formación básica aprobados, pero en mi caso, debido a las trabas anteriormente mencionadas (las cuáles también considero condiciones injustas frente a las que tienen en la universidad presencial) no alcanzaré ese mínimo de aprobados sin las recuperaciones de septiembre. El problema, como supongo que ya sabrán, es que en la USC el curso comienza antes o durante la realización de esas recuperaciones, por lo que, mientras yo estoy terminando este curso, en la USC ya han cerrado todos los plazos para que los alumnos que provenimos de otras universidades podamos entrar, mientras que los plazos para alumnos nuevos o que ya estudiaban en la misma universidad, siguen abiertos, pudiendo incluso matricularse en el segundo semestre.”

*Comunicáselle que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao considerar que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos. E indícaselle que en función da autonomía universitaria cada universidade pode establecer os requisitos de acceso e prazos que considere oportunos.*

E que en todo caso, pode recadar información sobre a matrícula na súa situación a través da Oficina de Información Universitaria (OIU): [www.usc.es/oIU](http://www.usc.es/oIU)

### **Q 2006/03 - Recomendación**

Foi presentado nesta Institución un escrito por un estudante dun Máster Universitario no que, en resumo, expresa a falla de compatibilidade de datas para a defensa do TFM e efectuar o depósito do título coa convocatoria do prazo de inscrición no proceso selectivo para o ingreso nos diferentes corpos docentes que se convocan pola Orde do 24 de febreiro de 2020 que ten establecido a Consellaría de Educación, Universidade e F.P.

Admitido a trámite como unha queixa deuse traslado da mesma á Sra. Decana da Facultade e recomendo que á vista da actuación da Consellaría, e para non prexudicar aos nosos estudantes, se estude a posibilidade de modificación das datas de presentación e tramitación dos TFM tal e como suxire o presentador da queixa para que os prazos poidan ser compatibles cos de inscrición no proceso selectivo convocado.

Con posterioridade dende o decanato da Facultade infórmase que:

“Con motivo da publicación da RD relativa ao réxime especial da presentación e defensa de TFG e TFM na Facultade do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19, unha representación do alumnado do Master solicitou á coordinadora do mesmo adiantar a lectura da defensa do TFM con motivo da “posible previsión” difundida nos medios de que á Consellaría de Educación tiña intención de reanudar a convocatoria paralizada da Oferta Pública de Emprego (OPE 2020) a mediados do mes de xuño.

Tendo en conta que no centro tiñamos que facer un calendario e procedemento extraordinario e coa intención de facilitar na medida do posible a inqueda do alumnado, dita petición foi atendida mediante a elaboración dunha modalidade de avaliación excepcional para poder adiantar a lectura do TFM antes

do 5 de xullo de 2020 e así garantir que, despois do peche de todas as actas do segundo semestre e as actas do TFM o alumnado poidera, contando cos prazos habituais mínimos de xestión académica, ter solicitado o título entre o 1 e o 8 de xullo aproximadamente.

A finais do mes de maio a Consellería de Educación anunciou a súa intención de abrir a inscrición na OPE co prazo do 1 ao 19 de xuño. Novamente, e en función dos prazos e intereses da consellería, unha representación do alumnado do Master solicitou novamente unha adaptación dos prazos para axustarse aos da OPE en función das datas definidas pola Consellería coa finalidade de poder obter a titulación oficial da USC antes do 19 de xuño e alterando con isto os calendarios e prazos formais determinados previamente polo centro e pola USC que como é coñecido son para todos e garantizan o bo desenvolvemento do traballo e a seguridade dos procesos administrativos na nosa institución.

Tendo en conta a imposibilidade material polos prazos de dita solicitude, respondeuse formalmente a todo o alumnado que así o solicitou que nin os procedementos nin os prazos oficiais da institución permítano porque as datas de peche de actas son as mesmas para todo o alumnado da USC e son imprescindibles para a emisión de títulos, e as datas oficiais de peche de actas dalgunhas das materias de primeira e segunda oportunidade son posteriores á data na que finaliza o prazo fixado pola consellería.

Polo tanto a Facultade quere manifestar e deixar constancia que:

- Desde o primeiro momento a facultade velou polo interese do alumnado na busca dunha solución aínda que o problema fose alleo ao centro e á universidade.
- O decanato a través da Coordinadora do Master, sempre tivo unha comunicación directa (síncrona e asíncrona) a través dos representantes do alumnado do Master estando este informado en todo momento e explicando en detalle as implicacións e imposibilidade de dar resposta á súa solicitude.
- Unha cuestión é adiantar a lectura do TFM e outra adiantar todos os procedementos e prazos oficiais de peche de actas da USC e posterior solicitude de título. Polo tanto, o calendario da modalidade de avaliación excepcional que permite adiantar a lectura do TFM do Master antes do 5 de xullo de 2020 coincide en paralelo co desenvolvemento do calendario de exames da primeira oportunidade do segundo semestre. Nin os procedementos nin os prazos oficiais a institución permiten ter pechadas as actas de lectura do TFM antes do día 19 de xuño tendo en conta que o período de exames do segundo semestre finaliza o día 26 de xuño e o peche de actas do mesmo o día 5 de xullo.
- En resposta a unha consulta dun alumno á Secretaría Xeral e previa análise co centro da petición e a cuestión, ésta conclúe que “Polo tanto, á vista do calendario académico da USC e dos prazos e trámites establecidos pola USC, considérase que non é posible que os seus estudos estean finalizados antes do 19 de xuño de 2020”

## ***Q 2006/04***

Foi presentado un escrito por unha alumna estudante de Grao motivado polo proceso de avaliación seguido nunha materia.

No informe solicitado o Sr. decano indica:

“.../a alumna solicita unha segunda corrección desa materia a través da Sede Electrónica

A Comisión de Reclamacións, sinala que o informe de alegacións do profesorado da materia fai mención de que nas instrucións do campus virtual para a realización deste exame figura que se poderían

facen comprobacións aleatorias sobre a identidade do alumnado e sobre a autoría do exame. Este aspecto foi corroborado polo alumno presente nesta comisión. O profesorado fixo estas revisións aleatorias a catro alumnos/as que realizaron o exame, tal e como figura nas ditas alegacións. Tras a comprobación da identidade e da autoría do exame feita á alumna reclamante, os catro profesores da materia consideran que existen indicios claros de axuda externa para a realización do exame.

Dado que o profesorado actuou de acordo coas normas establecidas antes do exame e as apreciacións realizadas por eles son coherentes coa decisión que adoptan, esta Comisión ratifica dita decisión do profesorado da materia por existir, segundo o mesmo, claros indicios de que a alumna reclamante recibiu axuda externa no momento de realización do exame e decide manter a cualificación outorgada polo profesorado da materia á alumna.

E resolve

Ratificar a cualificación outorgada polo profesorado da materia, segundo o acordado pola Comisión de Reclamacións, dado que existen, segundo se indica nos parágrafos anteriores, claros indicios de que a alumna reclamante recibiu axuda externa no momento de realización do exame da mencionada materia.

### ***Q 2006/05***

Foi presentado nesta Institución un escrito por unha estudante egresada no curso 1988/1989 e motivado pola dificultade para a obtención dun título correspondente aos estudos que cursou na USC.

O informe solicitado á Unidade de Xestión Académica do Campus Vida xustifica o seguinte:

“A interesada é Licenciada nunha Sección do título pola Universidade de Oviedo. Logo de titularse foi admitida para cursar outra especialidade (materias de 5º curso), nesta Universidade. Isto non dá dereito á expedición dun novo título da segunda especialidade, unicamente se pode certificar que cursou a especialidade na USC e as materias superadas.

Na antiga titulación de Licenciatura expedíanse as titulacións por cada Sección, e tamén había unha titulación xeral.

Os alumnos podían cursar máis dunha especialidade, pero dentro da mesma sección só se expedía un título.

A interesada non fixo unha solicitude “formal” para que se expedira o título, senón que enviou un correo electrónico e informóuselle no mes de xuño que non procedía a expedición dun novo título da Sección, xa que tiña ese título expedido pola Universidade de Oviedo, pero que podía solicitar unha certificación académica para acreditar que tiña a especialidade.”

Así pois, indícaselle á alumna que segundo o indicado no derradeiro parágrafo o que pode solicitar é unha certificación académica para acreditar a especialidade que ten cursado na USC.

## **Q 2006/06**

Un alumno dun Grao envía unha comunicación indicando que tivo unha incidencia técnica no desenvolvemento dun exame telemático. A circunstancia veu motivada por unha caída do sistema durante uns minutos e cando puido retomar a proba a mesma xa tiña rematado para os da súa franxa horaria e non puido continuar a proba, obtendo unha cualificación de suspenso.

Indícaselle que non pode ser admitida a trámite como unha queixa ao considerar que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos.

Ademais infórmase que respecto aos problemas técnicos xurdidos no desenvolvemento dunha proba a *Guía para a realización de probas finais telemáticas* recolle no apartado 3.3 o procedemento que debería ter seguido:

Se ao/á estudante lle xorden problemas técnicos no desenvolvemento das probas, deberá comunicalo ao/á docente responsable da materia, achegando as evidencias das que dispoña para acreditar a incidencia, por exemplo, unha captura de pantalla

E que en todo caso, pode dirixir o seu escrito ao decanato ou seguir o procedemento establecido na *Normativa de avaliación e de revisión de cualificacións*, artigo 8 e 9 para exercitar o seu dereito a revisión e reclamación de cualificacións.

## **Q 2006/07**

Foi presentado nesta Institución un escrito de queixa por dous alumnos motivado pola imposibilidade de formalización de matrícula nas prácticas externas extracurriculares que lle foron adxudicadas polo Consello Social con data 20 de marzo de 2020 seguindo os criterios establecidos na *Convocatoria de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares en empresas e institucións* e publicados con data 12/02/2020.

Con posterioridade dende o Consello Social indican:

En atención á súa solicitude, xunto a este correo:

1. O extracto da Resolución reitoral (punto 8) pola que se aproba a Convocatoria de Matrícula do curso académico 2020-2021, na que se recolle o cambio de criterio da Secretaría Xeral da USC.

Envío as seguintes ligazóns nas que se pode consultar a referida resolución na súa integridade:

<http://hdl.handle.net/10347/23073>

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/96817/carga.htm>

2. A convocatoria de prácticas extracurriculares do Consello Social de setembro deste ano, recollendo os referidos requisitos no punto 4.

### ***Q 2007/01***

Foi presentado un escrito por un estudante en relación cunha posible vulneración da normativa de protección de datos (LOPDGDD).

*No informe solicitado, o Sr. Delegado de Protección de Datos da USC recolle o seguinte:*

“.../Tendo en conta que a mensaxe enviouse dentro do campus virtual, só chegou ao alumnado da materia en cuestión, polo que a divulgación do nome dun alumno faise nun entorno pechado sobre un tema que ten que ver coa avaliación docente de todo ese grupo. Ademais, indicar que unha persoa determinada fixo unha protesta, non supón por si un dato persoal. Polo tanto, este delegado de protección de datos non ve neste suposto vulneración da normativa de protección de datos.”

### ***Q 2007/02 - Recomendación***

Presentado un escrito por unha alumna dun Grao motivado pola negativa do profesor da materia a considerar a repetición dun exame que non puido realizar a alumna por mor do seu ingreso hospitalario, que xustifica documentalmente.

A problemática descrita nesta queixa, situacións de enfermidade grave que impiden a realización de probas de avaliación, aínda que episódicas son recorrentes e en relación coas mesmas dende o Valedor tense efectuado á Secretaría Xeral a recomendación Q1906/05.

Dado que está pendente de desenvolvemento o Estatuto do Estudantado da USC en relación co obxecto da queixa e en consecuencia non hai normativa ao respecto, recomendo á Secretaría Xeral que se leven a cabo as actuacións oportunas para que se garantan os dereitos da alumna e poida realizar o exame.

### ***Q 2007/03***

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante motivado pola demora na expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET).

*No informe solicitado, a Sra. secretaria xeral da USC xustificaba o seguinte:*

“1.- Con data do 14 de setembro de 2015 aprobáronse polo Ministerio de Educación as guías para a expedición do Suplemento Europeo ao Título (SET). Na elaboración destas guías participou a USC. A partir dese momento a USC xa tivo todos os elementos legais para a expedición deste documento europeo.

2.- Para facer efectiva a expedición do indicado documento debería desenvolverse un módulo informático. Se ben se tiveron diversas reunións no seno do Consorcio de Desenvolvementos Informáticos (CIXUG), nunca se chegou a un acordo para o encargo deste módulo para as tres universidades galegas.

3.- No ano 2016, perante o gran número de SET sen realizar nin entregar, a USC realizou unha Encomenda de Xestión ao medio propio denominado Sociedade de Xestión de Intereses da USC (UNIXEST), para a expedición dos Suplementos Europeos ao Título pendentes. Deste xeito, no ano 2017 foron entregados aproximadamente 12.000 SET das titulacións de grao e máster.

4.- A partir desa data, a USC decidiu que realizaría un módulo para a expedición do SET cos seus medios, en concreto a través da Área TIC da USC.

5.- Actualmente os traballos informáticos para a realización do módulo están case rematados, se está procedendo á carga de datos, traducións e realización de probas coa empresa encargada da impresión dos títulos e SET.

6.- Nos vindeiros días agárdase que se enviarán para a súa impresión preto de un milleiro SETs de Máster onde irá o do presentador da queixa e, de manterse a planificación definida, os documentos estarían listos para que se asinen pola xefa de sección de títulos a partires da segunda quincena de agosto.

7.- Cabe destacar que con respecto ao presentador da queixa, a xefa da sección de títulos doulle solución á súa petición coas ferramentas que neste momento dispoñemos emitíndolle o pasado 25 de xuño un informe do SET con sinatura dixital nas tres linguas de expedición (galego, castelán e inglés). Só se eliminou o carácter certificante da Secretaría Xeral para deixalo na categoría de informe.

8.- Por último, procede indicar que a USC está traballando coa CRUE nunha proposta ao Ministerio de Educación para que todos estes documentos (títulos e SET) sexan expedidos só en formato electrónico, o que redundaría na inmediatez da súa expedición e o conseguinte aforro de custos.

9.- En consecuencia, a USC está desenvolvendo un módulo propio para a expedición do SET o que permitirá expedir todos os Sets pendentes nos próximos meses, de acordo a unha planificación que terá en conta a demanda e a complexidade dos datos. Cando se dispoña do mesmo emitiranse todos os SET presentes e atrasados e se lle comunicará aos interesados.”

#### ***Q 2007/04***

Alumna dun Grao que presentaba un escrito motivado porque a demora no peche de actas correspondentes ao TFG impedíalle a obtención do título e a acreditación do mesmo para cursar estudos de Máster noutras Universidades.

*Solicitada información ao respecto* no centro indican que a problemática obxecto da queixa está resolta e que se adiantaron as datas de peche de actas.

#### ***Q 2007/05***



Foi presentado un escrito por unha estudante motivado por diversas problemáticas xurdidas no proceso de avaliación dunha materia dun Grao e a imposibilidade de levar a cabo unha revisión dos seus exames co profesor.

*Dende o Decanato da Facultade informan* das xestións efectuadas ao respecto e que permitiron a comunicación entre a estudante e o profesor que remataron cunha solución final e a superación da materia.

### ***Q 2007/06***

Foi presentado un escrito por unha integrante do PDI relacionado coa clarificación da normativa que se está a aplicar nesta Universidade para regular a docencia atribuída ao persoal investigador predoutoral en formación.

*Trasládase á Vicerreitoría de Organización Académica*, que remite un detallado informe dando resposta de xeito singular a todas as preguntas que suscitaba a profesora, e do que se pode extraer a seguinte conclusión:

De forma resumida, podería indicarse que a regulación da colaboración na docencia dos contratados predoutorais vén recollida nestas normas:

- Estatuto do Persoal Investigador en Formación. Establece a posibilidade de colaborar en tarefas docentes e por un máximo de 60 horas anuais; e de 180 h no total do seu contrato.
- Convocatorias de contratos predoutorais. A partir da publicación do Estatuto alíñanse a el en canto á duración da colaboración (anual e total).
- Regulamento de Planificación Académica da USC. Este Regulamento entrou en vigor a partir do curso 2020-21. As incidencias referidas pola profesora referíanse especialmente ao curso 2019-20, no que estaba vixente o Regulamento de Planificación Académica Anual para o curso 2019-20. En ambos os dous casos esta colaboración docente enténdese que consiste no acompañamento e colaboración cun profesor/a, dentro das materias que imparte e que ten asignadas previamente no seu POD. A colaboración debe desenvolverse en actividades formativas interactivas (seminarios, laboratorio). Esta colaboración non supón en ningún caso un incremento da docencia asignada ao profesorado.

Así mesmo, non hai unha regulación de detalle por parte da USC do procedemento que deben seguir os departamentos para asignar aos contratados predoutorais as materias/profesores para os que se materializará esta colaboración docente.”

### ***Q 2007/07***

Escrito presentado por un membro do PDI manifestando a súa discrepancia coa obrigatoriedade de uso da máscara nos edificios da USC.

*Infórmaselle que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa por entender que a problemática exposta excede do ámbito de competencias que ten atribuídas o Valedor da Universidade de Santiago de Compostela.*

Indícaselle ao respecto que, o uso obrigatorio da máscara nos edificios da USC, ven imposto por normativa emanada da Xunta de Galicia: *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.* e en todo caso, de estar desconforme coa mesma ou apreciar no citado Acordo algunha ilegalidade, debería recorrer ante as xurisdicións competentes na materia.

### **Q 2007/08 - Recomendación**

Foi presentado un escrito por unha asociación de investigadoras relacionado co réxime de colaboración docente do persoal investigador predoutoral en formación, no que se indicaba:

1. De acordo co Real Decreto 103/2019, en vigor dende o 16 de marzo de 2019, o número de horas máximas de colaboración docente do persoal contratado predoutoral será de 180.
2. As 180 horas é a cantidade total de horas de colaboración docente que pode impartir o persoal predoutoral dende a entrada en vigor deste Real Decreto e con independencia do límite establecido nas súas convocatorias pois esta é unha norma de rango maior tal e como nos indicaba o Ministerio de Universidades: *"Desde la entrada en vigor del nuevo EPIPF, el número máximo de horas de colaboración docente que puede realizar un contratado predoctoral es 180, con independencia del tope establecido en su convocatoria, puesto que el Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, es una norma de mayor rango.*

*Esto supone que un contratado predoctoral que haya realizado ya 180 horas de colaboración docente no podrá realizar ninguna más durante el próximo curso académico".*

3. Diversos departamentos desta universidade está aprobando Plans de Organización Docente (POD) con persoal predoutoral que excede este límite de 180 horas e polo tanto incumprindo o Real Decreto.
4. Ante isto, o 2 de xullo de 2020 enviamos un email ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) coa información anterior e preguntando por que medidas de control se están levando a cabo para que este incumprimento non suceda.

*"Poñiamonos en contacto con este servizo para preguntar que medidas de control se están realizando para o cumprimento do Artigo 4.2 do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación (EPIPF) (<https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/15/pdfs/BOE-A-2019-3700.pdf>): "El personal investigador predoctoral en formación podrá colaborar en tareas docentes sin que suponga una merma de la carga docente del departamento que asigne la colaboración hasta un máximo de 180 horas durante la extensión total del contrato predoctoral...". O número máximo de 180h é independente do límite establecido nas convocatorias predoutorais tal e como aclaraba hai pouco o Ministerio de Universidades: "Desde la entrada en vigor del nuevo EPIPF, el número máximo de horas de colaboración docente que puede realizar un contratado predoctoral es 180, con independencia del tope establecido en su convocatoria, puesto que el Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, es una norma de mayor rango."*

*Estase controlando dende a USC que nos PODs non haxa persoal predoutoral, con indiferencia da convocatoria, que supere o límite total de 180h de docencia impartida?”*

5. Ante o silencio deste servizo cursamos o mesmo email á Secretaría Xeral o 9 de xullo.
6. Ante o continuo silencio de ambos órganos, conseguimos poñernos en contacto co SXOPRA vía telefónica onde se nos indica que eles só interpretan o que dende a Sección de Recursos Humanos se indica nos contratos e que as convocatorias prevalecen por encima do Real Decreto. Somos finalmente remitidos a tratar o tema coa Sección de Recursos Humanos (SRRHH).
7. O 14 de xullo enviamos email a dita sección.
8. Ante a falta de resposta vía correo electrónico e diversos intentos de contacto telefónico, o 20 de xullo conseguimos contactar co xefe de dita sección. Este confírmanos que o Real Decreto prevalece por encima das convocatorias e solicítanos que lle enviemos copia de novo da resposta do Ministerio. Solicitámoslle entón que informe disto ao SXOPRA.
9. O 21 de xullo recibimos correo da SRRHH onde non se aporta solución e se nos deriva de novo ao SXOPRA: *“Neste Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D, nos encargamos de incluír, nos contratos dos beneficiarios predoutorais, o número de horas que poderán colaborar en tarefas docentes. Por outro lado, no SXOPRA se encargan de controlar a docencia no POD de cada un dos contratados predoutorais e comprobar que cumpren as condicións da súa convocatoria e demais lexislación”.*
10. O 22 de xullo enviamos un correo electrónico á SRRHH e ao SXOPRA co seguinte contido: *“Tal e como vos comunicamos estes días, o Ministerio de Universidades respondeunos (vai adxunta) confirmando que o EPIPF, e en concreto o límite de 180h de docencia, aplica a todos os contratados predoutorais independentemente da súa convocatoria.*

*A día de hoxe o SXOPRA segue comunicándolle aos departamentos que os predoutorais cuxa convocatoria permitía 240h poden seguir facendo 240h, e que non lles aplica o EPIPF.*

*Á súa vez, a Sección de RRHH Investigación confirmounos o que xa nos confirmara o Ministerio, que o límite é de 180h dende o EPIPF.*

Admitida a queixa a trámite solicitouse á Vicerreitoría de Organización Académica o oportuno informe, remitindo o seguinte:

“A raíz da consulta dos departamentos así como de diversos representantes dos contratados predoutorais da USC, solicitouse informe á Asesoría Xurídica da USC sobre o réxime de dedicación aplicable aos contratos predoutorais. A Asesoría Xurídica da USC presentou o informe que se achega como anexo a este escrito, no que especifica que os contratos realizados a partir da entrada en vigor do RD 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, deberán respectar a duración que nel se indica. Así mesmo, e dado que na citada norma non se fai referencia a unha aplicación retroactiva nin a un procedemento transitorio para os contratos que tiveran sido asinados con anterioridade á súa entrada en vigor e que sigan vixentes, recomenda aplicar as condicións establecidas no seu contrato (de acordo coa convocatoria de aplicación).

Este criterio foi o que se comunicou desde a Vicerreitoría de Organización Académica aos departamentos da USC mediante correo electrónico do 11/09/2020. Así mesmo, envióuselle aos representantes dos contratados predoutorais un correo cos citados criterios desde o SXOPRA, con data do 25/9/2020 ([fpuinvestiga@gmail.com](mailto:fpuinvestiga@gmail.com)).”

E en relación co informe da Asesoría Xurídica que se referencia, indicóuselles que o mesmo recollía o seguinte:

“.../

**Marco normativo:**

- Artigo 9.3 da Constitución Española
- Artigo 4 do Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación
- Disposición Adicional 2ª de la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación o derogado, Real Decreto 63/2006, 27 de enero (Estatuto del personal investigador en formación)
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

#### **Consideracións legais e técnicas:**

Primeira.- A cuestión que se suscita deriva da nova regulación sobre o máximo de horas de colaboración docente das persoas contratadas predoutorais (FPU; FPI) como consecuencia da entrada en vigor do RD 103/2019 que determina, sen establecer réxime transitorio respecto dos convocatorias e contratos anteriores ditados ao abeiro do *RD Real Decreto 63/2006*, que *“O persoal investigador predoutoral en formación poderá colaborar en tarefas docentes sen que supoña unha diminución da carga docente do departamento que asigne a colaboración ata un máximo de 180 horas durante a extensión total do contrato predoutoral, e sen que en ningún caso poidanse superar as 60 horas anuais.”*

Segunda.- Con carácter previo a entrar nas situacións posibles, compre ter en conta que nin na regulación anterior nin no novo RD existe a obriga para a USC de que o contratado teña ofertárselle ata o límite da colaboración docente, senón que recollen a posibilidade de compatibilizar a bolsa coa colaboración docente e así no artigo 4.2 do RD103/2019 se establece que *“O persoal investigador predoutoral en formación podará colaborar en tarefas docentes sen que supoña unha diminución da carga docente do departamento”*

Terceira .-Aos contratos que se asinen con posterioridade á entrada en vigor do RD 103/2019, con independencia do previsto na convocatoria da que traen causa, resulta indubidable que se lles aplica o máximo das 180 horas de colaboración docente. Ao formalizar o contrato o réxime legal ten que ser o vixente.

Cuarta.-Dado que a entrada en vigor do RD 103/2019 existen contratos asinados, consonte coas convocatorias do Ministerio, nos que se establece unha limitación de 240 horas, aplicar aos mesmos a limitación das 180 horas do RD suporía admitir a retroactividade non favorable da norma en detrimento das expectativas recollidas no contrato, o que non parece acorde co principio de seguridade xurídica. Neste punto entendemos que aquela duración prevista no contrato, e na planificación académica como posible, debería recoñecerse.

Estas consideracións reiteran o afirmado nas consultas a este servizo dende o SXOPRA e non se contradín co texto das consultas realizadas diante o ministerio achegadas por diferentes medios.”

Destes informes deuse conta ás presentadoras da queixa, quen á vista dos mesmos remitiron unha comunicación na que expoñen:

“O informe realizado pola asesoría da USC, por e para a USC, contradí:

1. O documento do Ministerio de Universidades respecto ás axudas FPU:

- *¿Cuál es el máximo de horas de colaboración en prácticas docentes que se pueden realizar?*

*Desde la entrada en vigor del R.D 103/2019, por el que se aprueba el Estatuto del personal investigador predoctoral en formación, será de aplicación el límite máximo de 180 horas, con un tope máximo anual de 60 horas.*

- *¿Son los mismos los máximos y los mínimos establecidos de horas de colaboración en tareas docentes para todos los beneficiarios/as FPU independientemente del tiempo de permanencia en la ayuda?*

*Sí, son los mismos para todos los beneficiarios/as.*

2. O texto das consultas realizadas ao Ministerio de Universidades:

*Desde la entrada en vigor del nuevo EPIPF, el número máximo de horas de colaboración docente que puede realizar un contratado predoctoral es 180, con independencia del tope establecido en su convocatoria, puesto que el Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, es una norma de mayor rango.*

*Esto supone que un contratado predoctoral que haya realizado ya 180 horas de colaboración docente no podrá realizar ninguna más durante el próximo curso académico.”*

Acompáñanse os documentos remitidos polas presentadoras da queixa relativos ao Ministerio de Universidades.

Ante a aparente contradición entre o informe da Vicerreitoría de Organización Académica e da Asesoría Xurídica da USC e o indicado polo Ministerio de Universidades recomendo que se analice a posibilidade de efectuar unha consulta formal ao citado Ministerio para intentar dirimir calquera dúbida ao respecto.

### **3.- CONCLUSIONES**

Antes de comezar coas conclusións, quixera subliñar que este curso 2019-2020, foi un curso que poderíamos cualificar como “especial” debido á aparición da COVID-19 polo que as actuacións do Valedor da Comunidade Universitaria que se recollen nesta memoria deben ser tomadas con certa cautela e ás veces fan difícil establecer comparacións con cursos precedentes.

En efecto, neste curso poderíamos distinguir dúas fases: un primeiro período de 6 meses e medio de duración no que o curso desenvolveuse seguindo a tónica habitual e un segundo período de 4 meses e medio caracterizado por cambios drásticos derivados das distintas decisións tomadas polas autoridades sanitarias e/ou políticas das diferentes administracións para enfrontarse coa pandemia. Estas decisións supuxeron novidades importantísimas para a Universidade, nomeadamente os límites de aforo e a non presencialidade e o emprego das vías telemáticas para a actividade propia dos labores universitarios.

Esta adaptación ás novas circunstancias houbo que facela apresuradamente e sen experiencia previa nestas situacións o que supuxo un esforzo adicional por parte dos membros da comunidade universitaria. En xeral, unha vez máis quedou demostrado o compromiso, a colaboración, a dispoñibilidade e a comprensión de todos os estamentos da USC. Isto fixo que se acadara certo éxito no resultado final do proceso non sendo tan malo como inicialmente podería vaticinarse. Por suposto a relación co Valedor tamén estivo presidida por esa colaboración e comprensión, por iso quero manifestar o meu agradecemento ao PDI, PAS e especialmente ao estudantado que amosou unha actitude encomiable.

Un dos obxectivos desta Institución, como sempre, é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para tentar de solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. Aínda que con certa precaución polas características deste período sinaladas anteriormente, a lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso permiten detectar algunhas situacións que deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso 2019-2020 recibíronse dúas solicitudes de intervención do Valedor en demanda de axuda para solucionar algún problema. O resultado destas actuacións foi dispar para estas persoas.

Por outra banda fixéronse, por parte de todos os estamentos da Universidade, aínda que sobre todo por parte do estudantado, e a través de distintos medios, 73 consultas solicitando información e/ou axuda sobre diferentes cuestións que logo non remataron na presentación de queixas. A maioría delas versaron sobre aspectos relativos á docencia e a procedementos de xestión. 63 destas consultas tiveron que ver con estes dous temas.

En canto as queixas recibidas, presentáronse un total de 66. Destas, houbo 11 que non foron admitidas a trámite ben por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria, ou estar fóra das competencias do Valedor.

Na páxina 68 desta memoria preséntase, seguindo o procedemento de memorias anteriores, unha táboa coas queixas recibidas, categorizadas por temas. Esta é unha categorización estándar empregada en moitas das Defensorías universitarias. Porén, é necesario salientar que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois o

que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 5 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen algo máis do 65% (66,67%). De xeito moi resumido os temas indicados son os que seguen:

1.-**Procedementos administrativos.** Esta é a categoría na que se inclúen un maior número de queixas, non obstante esta incidencia é preciso relativizala porque dentro deste epígrafe estarían todo tipo de procedementos, o que fai que sexa unha categoría moi ampla. Isto fai que non se aprecie ningún tema específico responsable do número de queixas, en efecto as cuestións son moi variadas e van dende demoras en pagamentos ou falla de información ata asincronía de prazos, imposibilidade de matrícula por diferentes motivos ou demora na expedición de títulos.

2.- **Docencia e avaliación académica.** No referido a cuestións docentes presentáronse 6 queixas que teñen que ver con coincidencias horarias ou desenvolvemento de TFG. Nos meses de pandemia as queixas versaron sobre a substitución de prácticas de campo e incumprimentos ou dificultades nas aplicacións telemáticas. Polo que atinxe ao tema da avaliación a cuestión recorrente é o non seguimento dos criterios establecidos. Ademais a COVID-19 fixo que a USC emitise unhas directrices específicas para a avaliación telemática e as queixas debéronse a algún problema técnico, a asincronía provocada polos cambios no calendario e sobre todo por interpretacións do contido destas directrices. É de salientar unha situación anómala derivada da imposibilidade de asistencia aos exames por problemas de saúde e que implica cambios normativos.

3.-**Máster e doutoramento.** Nas queixas agrupadas nesta categoría non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, dado que en xeral as queixas fan referencia a cuestións puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables. En concreto 3 queixas refírense aos másteres e 2 a programas de doutoramento. Os temas concretos están fundamentalmente relacionados con requisitos ou niveis de atención. Cómpre subliñar que o grao de solución destes problemas unha vez detectados variou moito en función das características da queixa.

4.- **Ámbito laboral.** Nesta categoría aparecen recollidas unha serie de queixas que están relacionadas con diferentes actuacións que afectan á situación laboral do PDI. Non obstante non se aprecia ningún nicho salientable que poida ser fonte de problemas. Estas queixas refírense a disfuncionalidades tanto nos procedementos, como nas situacións persoais, ou desconformidade con normativa.

5.- **Procesos selectivos.** Baixo este epígrafe aparecen reflectidas queixas presentadas, nun caso por un membro do PDI e no resto por membros do PAS, referidas aos diferentes procedementos. Na queixa efectuada polo PDI maniféstase a súa desconformidade coa normativa de selección. As queixas presentadas polo PAS refírense, por un lado, ao procedemento de adxudicación de comisións de servizo e, polo outro, á demora na convocatoria do concurso de traslados.

No texto co termo “**Recomendación**” que segue ao número de queixa aparecen sinaladas as 11 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes instancias. Foron aceptadas 5 das recomendacións mentres que 2 non foron asumidas e de 3 recomendacións non temos constancia do seu resultado. Todas as recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina

do Valedor. En 10 casos está rematado procedemento e no outro a resolución está pendente debido a situación sanitaria padecida.

Por último dende a perspectiva institucional, a USC, como ven sendo habitual, participou na Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo á comunidade.

O Valedor asistiu entre o 2 e o 4 de outubro do 2018 ao XXII “Encuentro Estatal de Defensores Universitarios” organizado pola Defensoría da Universidad de Valladolid no que se trataron os seguintes temas:

- Prudencia debida vs. actuacións intermedias dos defensores..
- Xénero e carreira profesional na universidade.
- Situación actual da aplicación do regulamento disciplinario: desigualdade de trato entre estudantes.

Ademais neste encontro procedeuse á elección da nova comisión executiva da CEDU. O Valedor da USC foi elixido para formar parte desta executiva por un período de dous cursos. Celebráronse dúas reunións desta comisión, os días 26 de maio e 18 de xullo, por suposto de xeito telemático.

Debido á situación sanitaria non tivo lugar a xornada técnica que adoitaba convocarse na primavera. En substitución desta actividade celebrouse o día 19 de xuño un seminario telemático co título de “*Traballo, conciliación e COVID-19: que nos espera á volta?*”

Neste curso o Valedor da USC tamén foi elixido para representar ás defensorías españolas e formar parte da executiva da Red Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIDDU),

No marco da Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA) tivo lugar en 2019 unha reunión presencial na universidade da Coruña. No 2020 aínda que non se fixeron reunións presenciais, mantivéronse diversos contactos para analizar algúns problemas comúns ao sistema universitario galego.

Unha vez institucionalizados o curso pasado os encontros entre as universidades galegas e as universidades do norte de Portugal (Universidade de Porto, Instituto Politécnico de Porto, Universidade do Minho e Universidade de Tras os Montes e Alto Douro). No mes de decembro tivo lugar unha xuntanza organizada pola Universidade de Tras os Montes e Alto Douro na que se trataron cuestións relativas aos servizos que prestan ou poden prestar as universidades aos seus membros e nomeadamente ao estudantado en situacións comprometidas. Debido á pandemia a reunión prevista na Universidade da Coruña non puido levarse a cabo.



Para rematar, sinalar que dado que certas queixas preséntanse simultaneamente ante o Valedor da Comunidade Universitaria e o Valedor do Pobo, ou porque as suxestións ou recomendacións que se fan teñen como destinatarios axencias alleas á Universidade, mantivéronse contactos non presenciais coa institución autonómica en función do convenio de colaboración asinado no ano 2014.



#### 4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

##### QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	66
Estudantes:	44
P.D.I.:	16
P.A.S:	5
Outros	1



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 18/19	Curso 19/20
Setembro	7	7
Outubro	8	8
Novembro	5	7
Decembro	5	5
Xaneiro	4	2
Febreiro	7	8
Marzo	5	2
Abril	7	10
Maio	4	2
Xuño	11	7
Xullo	2	8
Agosto	0	
<b>Total curso</b>	<b>65</b>	<b>66</b>

nº de queixas por curso



## PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	66	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	49	⇒ 74%
2 Meses:	6	⇒ 9%
3 Meses:	4	⇒ 6%
> 3 Meses:	7	⇒ 11%



## DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	2
DOCENCIA E AVALIACIÓN ACADÉMICA	14
PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS	17
MÁSTER E DOUTORAMENTO	5
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	2
ACCESO Á UNIVERSIDADE	1
ÁMBITO LABORAL	4
DIVERSIDADE FUNCIONAL	1
OUTROS	3
BOLSAS	2
INTERCAMBIO	1
ACCESO INFORMACIÓN	1
RELACIÓN INTERPERSOAL	1
USO ESPAZOS DOS CENTROS	1
USO DO IDIOMA	1
PROBLEMAS DERIVADAS DA COVID-19	1
LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS	1
DEREITOS ALUMNOS EN SITUACIÓN ENFERMIDADE	2
SEGURIDADE ESPAZOS	2
PROCESOS SELECTIVOS- PROVISIÓN PERSOAL	4





VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

# INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2020-2021

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

*INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE*

CURSO 2020-2021

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2020 e o 31 de xullo de 2021.

**Artigo 12:** *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluírá as propostas de mellora que estime oportunas.

## ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	8
	2.1.- Consultas.....	9
	2.2.- Queixas.....	9
3.-	Conclusións.....	69
4.-	Referencias estatísticas.....	73

## ***1.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR***

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.

- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.

- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.

- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, constátase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

# Curso 2020-2021

## ***2.- ACTUACIONES***

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

## **2.1.- CONSULTAS**

Ás veces os membros da Comunidade Universitaria fan chegar comunicacións fundamentalmente por medios telefónicos ou telemáticos que, por diferentes motivos, non se traducen na presentación dunha queixa. Trátase neste caso de solicitudes de axuda, consello ou demanda de información con vistas a levar a cabo algún tipo de actuación.

No presente curso recibíronse 77 consultas. A temática nun 75,32% relacionouse con aspectos docentes ou con cuestións relativas a procedementos de xestión. No primeiro caso foron 33 consultas, é dicir, un 42,86% e no segundo 25 o que supón un 32,46%. Cunha incidencia moito menor (11,69%) aparece o tema de servizos e por último cun 12,99% unha serie de consultas de temas moi diversos non clasificables nunha única categoría.

## **2.2.- QUEIXAS**

### ***Q 2009/01***

Queixa presentada por unha estudante e referida á reclamación dun pagamento do importe da matrícula que non permiten fraccionar.

*Solicitados os informes oportunos comunicánnos que se lle propuxo un plan de pagamento personalizado que lle permita fraccionar o mesmo, polo que entendemos que está solucionado o problema exposto na queixa e por iso procedemos a finalizar a súa tramitación e ao arquivo.*

### ***Q 2009/02***

Foi presentado un escrito por un CEO dunha empresa, no que da conta, dende a súa perspectiva, do deficiente funcionamento da incubadora de empresas da USC. No escrito expón o seguinte:

Como CEO solicité poder participar en el programa de incubación de empresas y, efectivamente, nuestra spin off de la Universidad de Santiago de Compostela fue seleccionada. No se me comunicó por ningún medio la aceptación, sino que tuve que contactar yo con el personal del programa.

En todos estos meses, no me han enviado ni un solo email. A pesar de ello, los contacté telefónicamente para celebrar una reunión en el mes de enero. En ella me preguntaron qué servicios necesitaba del programa y les indiqué que necesitábamos búsqueda de financiación y un espacio físico para tener un despacho y llevar a cabo los primeros experimentos. Igualmente, jamás me volvieron a contactar.

Si hay algo peor que no recibir ayuda es que te digan que te van a ayudar, contar con ello y no volver a saber jamás de este programa. Es una auténtica vergüenza lo que han hecho y, como tal, quiero presentar la correspondiente reclamación a todos los órganos implicados. Tengo que decir que me llama mucho la atención que no haya ni una sola empresa de la primera convocatoria en la página web del programa.”

*Recibiuse o informe solicitado á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, que indica que lle teñen respostado ao presentador da queixa, e acompañado dun detallado informe do Sr. director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento no que queda suficientemente xustifico o acontecido.*

En consecuencia, procedemos ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo

### ***Q 2009/03 - Recomendación***

Foi presentada unha queixa e feita unha consulta en relación coa reserva de cota para discapacitados no acceso aos Másteres.

Da documentación recibida e das conversas mantidas despréndese que existen certas eivas relativas á información e xestión desta reserva. Nomeadamente, por un lado, aspectos que fan referencia á publicidade e claridade da información proporcionada pola USC ao alumnado e por outro referidos ao procedemento (momento da acreditación da discapacidade, limitacións da aplicación informática para consignar a discapacidade).

Por iso, *recomendo que se analice a adopción das medidas oportunas para acadar a mellora do procedemento que leven á solución dos problemas referidos anteriormente.*

Con posterioridade o Sr. secretario xeral adxunto da USC comunica que a presentadora da queixa foi admitida para efectual matrícula pola cota de persoas con discapacidade, así como das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación formulada por este valedor, indicando:

“.../na reunión do grupo de traballo de Xestión Académica celebrada o día 16 de setembro de 2020 acordouse facer unha remodelación do módulo de admisión en máster para incluír as peticións de discapacidade dentro da solicitude ordinaria de praza.”

### ***Q 2009/04***

Alumno que presenta un escrito polo feito de que dentro do proceso de matrícula, efectuou a mesma en dous máster por erro, eliminando posteriormente un deles, do que lle reclaman as “tarifas de secretaría”.

Admitida a queixa a trámite, *iniciadas as actuacións oportunas comunicannos que a USC está seguindo o procedemento establecido e por conseguinte o alumno ten que aboar o importe correspondente ás “tarifas de secretaría”.*

No entanto, comunícaselle que se o estima oportuno, con posterioridade podería dirixir ao Sr. reitor unha solicitude de devolución das citadas tarifas.

## ***Q 2009/05***

Alumna que presenta un escrito referido ao proceso de avaliación dunha materia de 2º curso dun Grao.

No informe recadado ao Decanato da Facultade así como das xestións realizadas ao respecto constátase que tiña que ter realizado a reclamación á cualificación no seu momento tal e como recolle a “*Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*”, polo que ten decaído o seu dereito a este procedemento na data actual.

Asemade, o profesor da materia comunica que a alumna. está matriculada no curso 20/21 novamente da materia e que xa mantivo comunicación na procura do método máis acaído para superar a materia no presente curso académico.

Así pois, damos por rematadas as actuacións e procedemos ao arquivo da queixa.

## ***Q 2009/06 - Recomendación***

Foi presentado un escrito de queixa por un profesor da Universidade Complutense de Madrid e integrante como vogal do tribunal dun proceso selectivo efectuado no Campus de Lugo. O escrito ven motivado polo requirimento efectuado polos servizos económicos para que aporte un certificado bancario que acredite a titularidade da súa conta como requisito imprescindible para o abono dos emolumentos correspondentes pola súa participación en dito tribunal.

Admitido o escrito a trámite como unha queixa, solicitouse o correspondente informe ao Sr. vicexerente de Economía e Infraestruturas, que indicou o seguinte:

“En relación con esta queixa, que entendemos razoable, e que por outra parte debeu quedar resolta desde o momento en que a persoa que a formula está dada de alta como terceiro da USC (non hai, pois, razón para renunciar aos emolumentos que lle poidan corresponder), debemos dicir o seguinte:

- 1) A USC utiliza unha ferramenta contable deseñada, mantida e regulada pola *Intervención General de la Administración del Estado* (denominada SIC-3). Esta ferramenta esixe rexistrar con rigor os datos bancarios de empresas e entidades acreedoras da USC para poder ser perceptoras de pagamentos.
- 2) O medio para comunicarse coa Administración, neste caso a USC, ven regulado pola Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, que establece procedementos electrónicos para tal finalidade. Neste tema en concreto, a Orde PCI/1077/2018 (BOE de 17 de outubro de 2018) forzou a que a USC establecera un dobre procedemento para que os terceiros comunicaran os datos á administración da Universidade:
  - a. Mediante acceso á sede da USC, previa identificación con certificado dixital, e achegando un documento acreditativo da conta bancaria
  - b. Directamente a través dunha unidade de asuntos económicos, achegando igualmente algún documento acreditativo da conta bancaria; este sería a forma aplicada no caso que nos ocupa



3) Con respecto á forma de acreditar a titularidade dunha conta bancaria, coa información da que dispoñemos que pode non abarcar a todas as entidades, pode obterse individualmente e por vía telemática un documento análogo a unha certificación bancaria, que é o que a práctica totalidade dos terceiros rexistrados achegaron para dar de alta ou actualizar as súas contas logo da publicación da norma citada, e de que a USC establecera un procedemento para recompilar os datos e cumprir así coa normativa, a cal ofrece garantías tanto para a administración universitaria como para as persoas que subministran os seus datos.

4) Durante os primeiros meses de aplicación deste procedemento e moi en particular durante o tempo en que se estaban limitados os desprazamentos, a USC foi totalmente flexible para acreditar a titularidade dunha conta bancaria e calquera outra información que tivera que ser requirida. Non obstante debe recalcar que para calquera persoa física ou xurídica é máis doado e seguro obter unha certificación da titularidade dunha conta (insistimos en que se pode obter de forma gratuíta e telemática na práctica totalidade dos casos), que presentar outros documentos probatorios que conteñen información máis sensible (por exemplo, un extracto dos movementos dunha conta). Esta é a razón pola que resulta preferible solicitar este tipo de documentos, pero non debería ser a única forma de acreditar tal titularidade.

5) Aínda así, nos casos moi residuais en que por calquera razón resultaba difícil obter algún documento probatorio, démoslle total validez a unha declaración das persoas indicando a conta bancaria, documento que necesariamente tiñamos que incorporar ao sistema.

Dito o anterior, procede desculparse se, por unha interpretación dos procedementos excesivamente rigorosa ou literal se causou algún tipo de prexuízo a persoas que nalgún momento tiveron relación coa USC. Procuraremos que ese tipo de interpretacións non se repitan no futuro.”

Á vista do referido no anterior informe pódese concluír:

- A posible necesidade de flexibilizar o procedemento para acreditar a titularidade dunha conta por parte dos terceiros que se relacionan coa USC, e a concreción e comunicación do mesmo aos responsables económicos encargados da xestión.
- Que a persoa que formula a queixa está dada de alta como terceiro na ferramenta contable que emprega a USC, e polo tanto non se lle tiña que ter esixido ningún requirimento.

Así pois, recomendo que:

- Con carácter xeral, se proceda ao estudo dos documentos que a USC considera necesarios para a acreditación de titularidade dunha conta bancaria e que permitan, no seu caso, a flexibilización do procedemento.
- E no caso concreto de tramitación do pagamento correspondente ao Sr. profesor, se proceda de oficio ao aboamento dos emolumentos aos que tivera dereito.

Con posterioridade recíbese resposta da Vicexerencia de Economía e Infraestruturas á anterior recomendación, na que se indicaba:

- Con data de hoxe procedeuse ao pago material da indemnización que lle correspondía ao profesor
- Revisamos coas unidades implicadas neste procedemento para tratar de asegurar que non se fagan interpretacións do procedemento que conduzan a unha burocracia innecesaria e ineficiente

-Dito o anterior, queremos trasladar as desculpas á persoa afectada porque estes inconvenientes son totalmente contrarios aos principios e prácticas que queremos seguir na administración da Universidade.

### ***Q 2009/07***

Foi presentado un escrito por un usuario referido á información deficiente sobre a reapertura dun servizo.

Solicitouse informe ao Sr. director do Servizo de Deportes da USC no que xustificaba:

“Recibido escrito de queixa presentada por un usuario que expón escaseza de información acerca da reapertura do servizo e pouca actualización do portal de internet da USC, comúncolle o seguinte: No caso concreto da páxina web do Servizo de Deportes da Universidade de Santiago esta ofreceu a información actualizada e confirmada que se tiña en cada momento durante o estado de alarma, a desescalada e a nova normalidade, indicando, ademais, que de necesitar contactar co Servizo o fixeran a través do correo electrónico [deporsec@usc.es](mailto:deporsec@usc.es). Engadiuse posteriormente a estas vías de contacto a telefónica. En calquera caso a información ao público realizouse coa dilixencia debida que nos permitía a nova situación e os medios materiais e humanos cos que contábamos. A web do Servizo estivo actualizada e o está en todo momento, publicándose nela todas as novas de interese para as persoas usuarias e as previsións que se puideron e se poden trasladar sen crear falsas expectativas nin confusión na información, incluíndo todo o referente a reapertura. Engadir que, ademais da web, correo electrónico e teléfonos, este Servizo difundiu a información de interese a través das listas propias e de difusión da Universidade, as redes sociais, o Gabinete de Comunicación e enviando correos masivos ás persoas usuarias inscritas, con aquela información que lle afectaba directamente.”

Asemade indícaselle a páxina web do Servizo de Deportes onde pode consultar a información actualizada.

### ***Q 2009/08***

Foi presentado un escrito de queixa referido ás restricións de acceso a un Centro a persoas alleas á USC, no que se expoñía o seguinte:

“No día de hoxe, cando entrei brevemente cos meus fillos xemelgos de 15 meses na facultade, sen subilas escaleiras nin entrar en ningún sitio sen que botásemos alí máis que un par de minutos, fun expulsado do lugar co argumento de que os meus rapaces "non poden estar na facultade". Ó preguntar onde se dicía iso respondéuseme que iso "non está explicitamente no protocolo" pero que disque está "aberto á interpretación". Paréceme un abuso de autoridade esa interpretación arbitraria do dereito de acceso a un edificio público e un exceso de celo, sexa por parte dos conserxes ou por parte do decanato se deron esa directriz. Sería comprensible que se regulase dunha forma razoable e equilibrada o acceso de menores pero as actuacións arbitrarias e unilaterais non só son inaceptables senón tamén discriminatorias e probablemente ilegais.”

En relación coa temática descrita informóuselle ao presentador da queixa que a Universidade de Santiago de Compostela ten aprobado a *Resolución Reitoral de 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á covid-19 para o inicio do curso 2020-2021* [https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/km-hBs4yCfzK1jhf9OI1hbWRG9Xg-fcYJNUCno8hujk/1599050184/public/paragraphs/moreinfo/2020-09/rr\\_02-09-2020.pdf.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/km-hBs4yCfzK1jhf9OI1hbWRG9Xg-fcYJNUCno8hujk/1599050184/public/paragraphs/moreinfo/2020-09/rr_02-09-2020.pdf.pdf) e que, entre outras cuestións recolle:

*Terceira. Responsabilidade dos empregados públicos ao servizo da USC*

*1. Todo o persoal da Universidade, na súa condición de empregado público, deberá contribuír ao cumprimento das medidas de actuación fronte ao coronavirus COVID-19, non só nas actividades programadas que leve a cabo durante a prestación do servizo senón tamén durante a permanencia, acceso e saída das instalacións universitarias.*

*Cuarta. Acceso ás instalacións da USC*

*1. O acceso ás instalacións da USC só poderá realizarse por parte dos membros da comunidade universitaria, polo persoal alleo que preste os seus servizos na Universidade ou por persoas debidamente autorizadas tendo en conta o motivo polo que acceden.*

*2. As persoas responsables dos edificios deberán adoptar medidas para limitar o acceso ás instalacións.../*

E asemade, como o escrito de queixa pon de manifesto que non recibiu unha información detallada ao respecto, damos traslado ao Decanato da Facultade do acontecido co fin de que se mellore o traslado de información polo persoal do Centro en futuras situacións análogas que se poidan producir.

### ***Q 2009/09***

Escrito presentado por unha alumna e motivado pola denegación da simultaneidade de estudos entre un Grao e o Máster Universitario.

Indícaselle que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos, xa que se lle está a aplicar correctamente a normativa que a tal efecto ten aprobado e publicado a Universidade de Santiago de Compostela.

E infórmolle que se está desconforme coa resolución desestimatoria de data 11/09/2020 pode interpor recurso potestativo de reposición contra a mesma como se lle indica no derradeiro parágrafo.

### ***Q 2009/10***

Foi presentado un escrito por un alumno dun Grao motivado pola desigualdade que establece a normativa aprobada pola USC por mor da Covid-19 no acceso e prescrición nos

Másteres segundo á convocatoria que se conorra para rematar os estudos de Grao, posibilitando a matrícula condicionada a alumnos que superen o TFG na convocatoria extraordinaria, mais non aos das convocatorias ordinarias (setembro). No escrito expón o seguinte:

“Segundo a normativa aprobada pola USC por mor da Covid19, o alumnado que se acolla ás convocatorias extraordinarias de defensa do TFG pode facer a matrícula nos mestrados aínda sen ter o título coa condición de que o presenten antes do nadal do ano en curso. Sen embargo os alumnos que fomos a convocatorias ordinarias, no meu caso a de setembro, non puidemos facer preinscricións por non ter o título no prazo requirido (20 de Agosto).

Por tanto:

Prodúcese unha contradición no sistema, xa que logo, os alumnos en convocatorias ordinarias podemos quedar sen praza porque o alumnado de convocatorias extraordinarias pode reservalas e a nós non se nos permite facer preinscricións a pesar de estar en condición de obter o título inmediatamente. Creo que deberían darlle unha solución máis ecuánime con todo o alumnado a este asunto.

Exposta a situación á Secretaría Xeral, comunica que estase a producir un erro dado que a modificación efectuada afecta a todo o alumnado independentemente da convocatoria á que se teña concurrido.

### ***Q 2009/11***

Escrito de queixa presentado por unha usuaria referido ás restricións e limitacións de acceso ás Bibliotecas Universitarias por mor da pandemia da Covid-19.

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao entender que non se está a conculcar ningún dos seus dereitos.

No entanto, comunícase que se da traslado da problemática descrita á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, órgano de quen dependen as Bibliotecas, por se considera posible ter en conta as súas suxestións.

### ***Q 2009/12***

Foi presentado un escrito por unha estudante de doutoramento referindo problemas na tramitación da súa tese dende o seu país de orixe: Brasil, en concreto, sobre a remisión da mesma á EDIUS e á dificultade de pagamento dos prezos públicos por problemas económicos.

Solicitado un informe ao Sr. director da EDIUS conclúese que non son certos algúns dos aspectos salientados pola alumna: que a interesada teña a tese rematada, que enviara a tese á EDIUS, e infórmaselle dos trámites que pode facer diante do Servizo de Xestión Académica.

### ***Q 2009/13***

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao motivado polo proceso de recoñecemento de estudos que ten cursado en réxime de intercambio na Università degli studi di Milano-Bicocca.

Admitido o anterior escrito a trámite como unha queixa, solicitouse informe ao respecto á Sra. decana da Facultade, quen ven de indicar o seguinte:

Revisado o procedemento que se aplicou na Facultade INFORMO QUE:

- 1) Con respecto á primeira cuestión, referida a si se teñen aplicado as táboas de equivalencia para a conversión das cualificacións obtidas na universidade italiana na que estudou aos baremos da USC.

Efectivamente. téñense aplicado os baremos vixentes na USC. Concretamente:

- Aplicáronse, para todas as cualificacións numéricas da certificación de cualificacións remitida pola Università degli Studi di Milano-Bicocca, as táboas de conversión de cualificacións aprobadas, para eses efectos, pola Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos da USC, con data 31 de xullo de 2019.
- E, para a materia que figura na certificación cunha cualificación non numérica (Approvato), realizouse a conversión a "Aprobado, 5.5", tal como se indica na modificación do acordo sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio aprobado polo Consello de Goberno do 3 de marzo de 2017.

- 2) Con respecto á segunda cuestión, referida a se temos aplicado o disposto no apartado Quinto.- recoñecementos de cualificacións obtidas en réxime de mobilidade da Instrución da Secretaría Xeral 2/2020 para a aplicación do artigo 4.3. do acordo do consello de goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola covid-19.

Non se aplicou dende o centro o disposto na instrución citada da Secretaría Xeral, atendendo ás instrucións recibidas na Unidade de Apoio á Xestión da Facultade, procedentes do Servizo de Xestión Académica, con data de 2 de xullo de 2020, nas que se sinala:

*"A Instrución 2/2020 da Secretaría Xeral, no punto quinto, indica que: As propostas de recoñecemento de materias de segundo cuatrimestre e anuais a realizar polos centros terán en conta que, no caso de superar as materias, a cualificación destas non poderá ser inferior á nota media do expediente do/a alumno/a.*

*De acordo coa Secretaría Xeral consideramos que é máis operativo que dende os centros realicedes as propostas de recoñecemento tal como se viña facendo ata de agora (sen ter en conta a nota media do alumno a 15 de maio) incluíndo se a materia a recoñecer no plan de estudos da USC é anual, do primeiro, ou do segundo semestre. Corresponderá ao SXA a revisión da proposta e a resolución desta coa imputación no expediente do alumnado de intercambio da cualificación que corresponda de acordo coa normativa aprobada pola Universidade."*

Esta problemática foi trasladada á Secretaría Xeral, e posteriormente comunican que se fixeron as xestións correspondentes por parte do Servizo de Xestión Académica para a súa solución.

### **Q 2009/14 - Recomendación**

Foi presentado un escrito por un alumno de Grao, motivado pola negativa do Centro á admisión da solicitude de defensa do TFG que ten presentado a través da plataforma telemática da USC. No escrito expón o seguinte:

*"O pasado 04/09/2020 presentei o meu traballo fin de grao (TFG) na secretaría virtual da USC, a través do procedemento establecido, completando cada un dos campos do formulario de solicitude e, anexando o documento do TFG.*

*A comezos desta semana, se pon en contacto comigo o meu titor de proxecto para advertirme que non tiña asignada data de defensa, polo que debía pórme en contacto coa dirección do centro.*

*Póñome en contacto co responsable de proxectos da escola, para avisar desta situación e achego o xustificante de telo presentado en prazo a través da plataforma da USC.*

*En resposta a isto, dime que non consta que o presentara fisicamente na secretaría, e que ese é o único medio válido de presentación.*

*Sinalar que na anterior convocatoria tamén fixen a presentación, a través desta mesma plataforma electrónica, e si foi admitida a trámite."*

Respecto a esta problemática cómpre sinalar que no curso pasado deuse a mesma circunstancia e no proceso de tramitación da queixa correspondente o Sr. director do centro remitiu un informe no que indicaba:

*".../En canto á aplicación telemática, indicar que a mesma está inhabilitada a día de hoxe polo Sxopra a causa dos problemas xerados. Estes inconvintes pódense resumir nos tres seguintes aspectos:*

1. Non se informou da implementación desta aplicación aos demais actores da USC implicados na xestión dos TFG (Xestores e Secretarías dos centros, Titores, Coordinadores de títulos e Coordinadores de TFG-TFM, Comisións de Título...)

2. Na aplicación non se recolle información necesaria para validar as propostas TFG\_TFM (mencións ou especialidades, cotitores, competencias cubertas polo traballo...).

3. No momento de cumprimentar a aplicación, no se informa automaticamente ao titor da súa designación, de xeito que o proceso de aprobación da proposta pode quedar detido. Ademais, a elección do titor queda unicamente a criterio do estudante sen ter en consideración a temática do traballo ou os criterios de reparto establecidos nas normativas de TFG\_TFM aprobadas para cada título no Consello de Goberno.”

Dado que a Universidade segue a ter implementada a plataforma para efectuar o trámite de xeito telemático, como se desprende do xustificante de presentación da solicitude de defensa aportado polo alumno, e tendo en conta o disposto en distinta normativa ao respecto: *Ley 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas* e o *Regulamento de Administración electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado no Consello de Goberno da USC na súa sesión do 24 de xullo de 2020* recomendo que se adopten as medidas precisas para dar cumprimento ao establecido na normativa e en consecuencia por parte do centro se admitan as solicitudes telemáticas de defensa dos TFG.

Con posterioridade a Secretaría Xeral da USC informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando:

“.../ que foi atendida a recomendación proposta polo Valedor da Comunidade Universitaria tanto no aspecto de permitir a defensa no Curso 19/20 como o compromiso do Centro de que no Curso 20/21 vai modificar a súa normativa interna e utilizar a ferramenta informática para a presentación de TFG e TFM ao igual co resto dos Centros da USC.”

## ***Q 2009/15***

Foi presentado un escrito por un pai, en representación da súa filla menor de idade, no que expón as súas consideracións sobre as condicións de habitabilidade da habitación que lle foi asignada á alumna nunha residencia universitaria.

Con posterioridade recibíuse nesta Institución unha comunicación do presentador da queixa onde informaba que recibira abondosas e moi motivadas explicacións sobre o sistema de adxudicación de habitacións e mesmo sobre as condicións de habitabilidade da habitación adxudicada, e que tanto dende o punto de vista formal coma no asunto de fondo, só tiña que

expresar a súa satisfacción pola contestación recibida e xa que logo, solicitaba deixar sen efecto a queixa cursada.

En consecuencia, seguindo a súa solicitude, comunícaselle que se suspenden as actuacións que se tiñan iniciado coa petición de informe á Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional e procedeuse ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2009/16 - Recomendación***

Foi presentada unha queixa motivada polo procedemento de concesión dos *premios de excelencia académica ao alumnado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2018/2019 nas universidades do Sistema universitario de Galicia* convocados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Na *Orde do 1 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria dos premios de excelencia académica ao alumnado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2018/19 nas universidades do Sistema universitario de Galicia* establécese no art. 5 apartado 2:

*“Nos graos oficiais será necesario:*

- Ter no curso académico 2018/19 unha nota media igual ou superior a 8 puntos.*
- Ter superado no curso académico 2018/19, con aproveitamento excelente, a totalidade dos créditos correspondentes ao curso completo segundo o plan de estudos de cada titulación de grao.*
- Estar matriculado da mesma titulación no curso 2019/20 do seguinte curso completo que corresponda segundo o plan de estudos.”*

Por outro lado, a realidade pon de manifesto que os estudantes de intercambio vense obrigados a formalizar o seu compromiso de estudos con materias situadas en distintos cursos do plano de estudos da titulación que cursan na USC, debido á disparidade na secuenciación das materias nos planos de estudo das universidades (de orixe e destino).

Así pois, esta circunstancia imposibilita de facto o cumprimento do establecido no citado art. 5 da Convocatoria e por conseguinte a opción a ditos premios por parte do alumnado que teña cursado estudos ao abeiro dun programa de mobilidade.

Por iso, co fin de solucionar o problema exposto e seguir fomentado a mobilidade dos estudantes como un valor dentro do Sistema Universitario, recomendo que traslade á Consellería de Educación, Universidade e F.P. a proposta de cambio dos requisitos establecidos no art. 5 apartado 2, parágrafos 2º e 3º. Desta maneira, os estudantes que cursen



estudos ao abeiro dun programa de intercambio non se verán prexudicados polo feito de realizar estudos noutra universidade á hora de optar aos citados premios.

A Secretaría Xeral da USC informou das actuacións levadas a cabo en relación coa recomendación efectuada por este valedor, indicando:

“.../, prácame informalo de que seguindo a súa recomendación remitimos á Secretaría Xeral de Universidades a proposta de cambio dos requisitos establecidos no art. 5 apartado 2, parágrafos 2º e 3º da Orde do 1 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria dos premios de excelencia académica ao alumnado de grao universitario oficial que obtivese as mellores cualificacións no curso 2018/2019 nas universidades do SUG.”

### ***Q 2010/01***

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos na USC, motivado pola modificación das súas credencias, e en concreto da chave de paso sen o seu pedimento e autorización.

Con posterioridade comunica que foi convocado polo responsable da seguridade das comunicacións e polo secretario xeral adxunto, recibindo as explicacións que solicitara e indicando que se proceda á desactivación da súa queixa.

En consecuencia coa súa petición de desestamento, procedeuse ao remate na tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2010/02***

En relación coa queixa presentada por varios estudantes e referida á denegación de cambios de quenda nunha Facultade, comunícaselles que a mesma non pode ser admitida a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos, e infórmolles que:

“A competencia para a resolución de cambios de quenda está atribuída aos Centros. En concreto, na Facultade o procedemento recóllese na RESOLUCIÓN DA DECANA DA FACULTADE DO 27 DE XULLO, SOBRE NORMAS PARA A ASIGNACIÓN E CAMBIO DE GRUPO NA TITULACIÓN DE GRADUADO NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

A pesares de que na citada Resolución o punto *Cuarto.- Solicitudes de cambio de grupo* establece como posibilidade para a concesión no seu parágrafo 3.d) "a incompatibilidade horaria con outras materias", o apartado 4 establece que excepcionalmente "poderán ser denegadas nalgunha/s materia/s pola necesidade de manter o equilibrio numérico na composición dos grupos de docencia dun mesmo curso."

Ademais indicarlles que fronte á resolución desestimatoria poden interpor o recurso oportuno segundo se establece na mesma.

E remitíuselles a ligazón á normativa referenciada.

### **Q 2010/03**

Foi presentado un escrito de queixa motivado polo desempeño da dirección dun Instituto Universitario por un profesor emérito, manifestando que esta función non se atopa entre as contempladas na normativa da USC para o desenvolvemento por parte do profesorado emérito.

*No informe solicitado, dende a Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela comunican que o referido profesor foi cesado en dito posto con efectos do día 18 de febreiro de 2021.*

### **Q 2010/04 - Recomendación**

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Grao motivado pola esixencia de coñecemento do idioma inglés para o desenvolvemento dunha actividade académica nunha materia, cando non aparece recollido o requisito previo de coñecemento do inglés na guía docente da materia nin na Memoria do Grao. No escrito expón o seguinte:

“Gustaríame coñecer si hai algunha normativa que regule o idioma que se pode esixir nunha materia. Estou matriculada no grao de ciencia política na USC, e na materia, esíxenme a entrega dunha práctica baseada nun texto en inglés, sen ofrecerme outra alternativa. O inglés non se atopa como idioma propio da materia, nin tampouco ocorre isto no grao. Así como tampouco se me indica que debo ter coñecementos en inglés previo a matriculación da materia ou do grao. Comuníqueille o meu problema á profesora e a súa resposta foi que ten liberdade de cátedra.”

Admitido a trámite como unha queixa *solicitouse informe ao respecto á Vicerreitoría de Organización Académica*, respostando dende o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) o seguinte:

“Tanto na memoria de verificación do Grao como no programa da materia non hai referencias á necesidade do coñecemento do inglés para a superación da materia.

Na memoria de verificación do título figuran como linguas de impartición o galego e o castelán.

No programa da materia para o curso 2020-21, se ben é certo que figura abundante bibliografía en inglés (a maior parte), tamén o é que figura baixo o epígrafe de bibliografía básica e avanzada, sen distinción entre os dous tipos. Así mesmo, non hai referencias expresas á necesidade do coñecemento do inglés.

Na Guía da ANECA para a elaboración das memorias de verificación de titulacións de grao e máster hai diferentes referencias á forma de indicar as linguas que se utilizan no proceso formativo, aínda que non queda claro como deben recollerse as linguas que só se utilizan na bibliografía e para as que sería suficiente unha competencia de comprensión escrita.

En todo caso, consideramos que sería unha boa práctica recoller na memoria de verificación a posibilidade de utilizar bibliografía noutras linguas (en función da lingua máis habitual no campo da titulación en ámbitos internacionais). Isto podería recollerse nos seguintes apartados da memoria: 4.1 Información previa á matrícula e 4 Planificación das ensinanzas (no apartado xeral e nas propias fichas das materias nas que se dea o caso).

E así mesmo, no programa docente da materia é conveniente explicar o que se considera bibliografía básica e mínima que debe utilizar o alumnado e bibliografía complementaria, ou optativa, útil para unha mellor comprensión da materia, pero non necesaria; no apartado de observacións do programa docente sería conveniente facer referencia á posible utilización de material noutras linguas, sobre todo no caso de materias obrigatorias. En caso contrario, debería ofrecerse algunha alternativa ao alumnado que o solicite.

Por iso, en relación coa problemática descrita na queixa e á vista do manifestado no anterior informe co fin de acadar unha boa praxe no proceso formativo recomendo que se fagan as xestións oportunas para que o profesorado da materia preste a debida observancia ao indicado no anterior informe.

Con posterioridade o Sr. director do departamento comunica:

“En relación á recomendación vinculada ao Exp. nº.: Q 2010/04 este departamento informa que:

1. O director do Departamento trasladou a queixa e o informe do SXOPRA ao profesorado da materia .
2. Acordouse co Decano da Facultade tratar o tema na seguinte reunión da Comisión de Título do Grao.
3. Enviaranse ao PDI do Departamento as instrucións precisas cando se abra o proceso de elaboración e aprobación da programación docente das materias para o curso 20/21”.

### ***Q 2010/05***

Foi presentado un escrito por dúas alumnas dun Dobre Grao motivado pola denegación dunha solicitude de bolsa de estudos por considerar que reúnen os requisitos para obter o título dun dos Graos, namentres que a USC non lles permite obter o título ata ter rematado o itinerario correspondente ao Dobre Grao.

*No informe solicitado a Sra. secretaria xeral da USC expón o seguinte:*

.../”2.- Despois de estudar o tema e facer consulta coa Vicerreitoría de Titulacións e co SXOPRA, o citado correo foi contestado con data do 22 de xullo de 2020, indicando o seguinte:

*En relación coa consulta sobre a posibilidade de expedir, ao alumnado de dobre grao, o título de Grao, sen rematar o itinerario da dobre titulación, cómpre indicar:*

1.- O sistema de simultaneidade ou de dobre titulación é un itinerario específico que debe seguir o alumnado para que, ao remate do indicado itinerario, podan acadar as dúas Titulacións.

2.- É no momento de finalizar os estudos de dobre grao cando se realizan, de oficio, os recoñecementos de formación básica e obrigatoria dunha titulación para a outra, así como a imputación de créditos optativos suficientes para completar a titulación.. Ata ese momento non se recoñecen nin se imputan no expediente.

3.- O SXOPRA emitiu informe sobre este caso indicando que “Para reunir todas as competencias do Grao os alumnos precisan ter todos os créditos de FB e OB do Grao superados, así como os créditos OP suficientes para completar os que indica esta titulación nas súas condicións de terminación (27 OP). Os requisitos para completar o dobre grao (DG) varían en función de se non cursan ningunha mención (só teñen que facer todos os contidos obrigatorios + 27 OP) ou 1-2 mencións (neste caso deberán cursar 45 OP). Na memoria do DG tamén se establecen recoñecementos de materias de FB e OB de cada un dos graos para o outro. En todo caso, en 5º curso só realizan materias OB exclusivas do Grao 1 e que non teñen recoñecemento no Grao 2.”

4.- Deste xeito, o itinerario de dobre grao debe seguirse ata o remate para poder obter os recoñecementos entre titulacións. No caso de que un alumno abandone o dobre grao durante os seus estudos, os recoñecementos non serían os mesmos e se deben tramitar e axustar ao réxime ordinario de recoñecementos, con equivalencias materia a materia.

5.- Aínda que teñan alcanzadas unha gran parte das competencias no cuarto ano da titulación de Grao, nese momento o alumnado non ten todas as competencias recoñecidas e imputadas no expediente polo tanto non é posible poder expedir o título.

6.- Por último a media da titulación pode cambiar xa que ao facer novas optativas a media xa non sería a mesma

3.- As persoas que presentan a queixa solicitaron unha Bolsa de colaboración do Ministerio que se instrúe no Servizo de Axudas e Servizos ó alumnado. As alumnas resultaron provisoriamente excluídas “por estar en disposición legal de obter un título académico grao”.

4.- Esta Secretaría Xeral, advertida polo Decanato desta situación e considerando que esta causa non era aplicable a este caso na liña indicada á Decana no correo de xullo, remitiu con data do 29 de outubro ao Servizo de Axudas e Servizos ó alumnado un informe do Xefe do Servizo de Xestión Académica sobre o expediente académico das citadas alumnas aos efectos de que fose estudado na Comisión que debería resolver as Bolsas de Colaboración.

O citado informe indicaba:

*Por Acuerdo de 19 de junio de 2013 del Consejo de Gobierno, los alumnos de los programas de simultaneidad especial de estudios de los dobles grados, al final de la superación completa de los mismos tendrán derecho a la expedición de dos títulos universitarios oficiales y no pueden, a través de dicho programa, obtener en momentos diferenciados ninguna de las dos titulaciones, es decir, no están en disposición legal de obtener un título a través de dicho programa de doble titulación hasta que se finaliza el mismo ya que hay contenidos compartidos.*

*Los trabajos fin de grado son el último contenido que se imputa en el expediente ya que determinan la fecha de finalización de estudios, y dicha imputación de la calificación se efectúa tras la superación del programa de doble titulación por lo que en el caso concreto del expediente figura erróneamente imputada la calificación.*

Non obstante o anterior, a pesar do informe, a Comisión acordou rexeitalas como posibles adxudicatarias das bolsas e polo mesmo motivo: considerar que estaban en disposición de obter o título. Tamén indicaron a esta Secretaría Xeral que remitiran o informe do SXA ao Ministerio para o seu estudo. Se ben é certo que teñen

240 ECTS créditos imputados no seu expediente, a finalización de estudos non se produce ata completar o itinerario curricular fixado para o dobre grao.

5.- A secretaría Xeral considera que para evitar prexuízos ao alumnado, tanto en relación coas Bolsas de Colaboración como coas Bolsas xerais do Ministerio, é preciso unha modificación do programa de estudos que, por unha parte se adecúe ao Real Decreto 1393/2007 no senso de que o TFG debe ser a última materia que se debe cursar e imputar en cada titulación e, por outro, redistribuír o programa de estudos de xeito que o TFG se programe e impute no último curso. Tamén é necesario eliminar a referencia na memoria do título a que “Ao remate do 4º curso os estudantes estarán en condicións de obter o título de Graduado ou Graduada...” por non ser conforme ás normas estatais e da USC sobre simultaneidade das titulacións.

Neste senso a Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional, a Vicerreitoría de Estudantes e Proxección Internacional a Secretaría Xeral e as persoas representantes dos Centros afectados xa tiveron as primeiras reunións cara a unha proposta de modificación dos planes de estudos afectados coa intención de que sexan modificados nun próximo Consello de Goberno.

En relación ao indicado no último parágrafo do informe da Secretaría Xeral, sobre a necesidade de modificación do plano de estudos, informouse ás alumnas que xa foi levada a cabo e aprobada na sesión do Consello de Goberno celebrada o 29 de decembro de 2020.

### ***Q 2010/06***

En relación coa queixa que tiña presentada sobre a acreditación do nivel B1 dunha lingua estranxeira para o acceso a un Máster Universitario.

*No informe solicitado dende a Unidade de Xestión Académica xustificábase o seguinte:*

-A Orde Ministerial ECI/3858/2007, de 27 de decembro (BOE nº 312 de 29 de decembro) establece entre os requisitos de acceso ao Máster “*Asimismo, habrá de acreditarse el dominio de una lengua extranjera equivalente al nivel B1 del Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas, de acuerdo con la Recomendación N.º R (98)6 del Comité de Ministros de Estados Miembros de 17 de octubre de 2000.*”

-A USC regulou os estudos, diplomas, cursos e probas que acreditan o nivel B1 ou superior dunha lingua estranxeira. A última regulación foi aprobada por acordo do Consello de Goberno da USC do 28 de maio de 2019. No anexo a este acordo figuran os diplomas e certificacións que se recoñecen para acreditar o nivel B1 ou superior, que se publica e actualiza na páxina do Centro de Linguas Modernas da USC.

<https://www.usc.gal/gl/servizos/clm>

-Na convocatoria de matrícula dispónse que os admitidos no Máster “*deberán acreditar un nivel B1 de competencia lingüística nunha lingua estranxeira, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas segundo a Recomendación Nº R (98) 6 do Comité de Ministros de Estados Membros, do 17 de outubro de 2000. Esta acreditación **deberá realizarse de xeito previo ou simultáneo á formación de matrícula.***”

-A alumna matriculouse no Máster o 10 de setembro de 2020. Revisada a súa matrícula compróbase que non acreditara o nivel B1 dunha lingua estranxeira polo que se lle notifica por correo electrónico para que aporte a documentación para acreditar este requisito (correo electrónico do 13 de outubro).

-Con data 15 de outubro de 2020 presenta no Rexistro auxiliar da UXA unha solicitude para a acreditación do nivel B1 de Inglés, aportando un “*Diploma del Curso Intensivo de inglés para Jóvenes de nivel B1.1*”, do “*Ayuntamiento de Madrid y el Instituto Superior de Estudios Empresariales Cambridge, S.A.*”.

-Este diploma non acredita o nivel B1, xa que o nivel B1.1 é unha parte das competencias dese nivel. Ademais, non figura entre os diplomas recoñecidos por esta universidade, segundo a relación que figura no anexo do acordo do Consello de Goberno do 28 de maio de 2019 e nos publicados polo Centro de Linguas Modernas da USC.

-Por este motivo, ditouse resolución desestimatoria, con data 15 de outubro de 2020, é dicir, o mesmo día en que fixo a súa solicitude de acreditación do nivel B1, indicándolle os recursos que pode interpoñer, como é preceptivo, de acordo coa Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## ***Q 2010/07***

Queixa presentada por un alumno e motivada polos danos causados na pantalla dun equipo informático da súa propiedade ao empregar para a desinfección do mesmo o xel de alcol isopropílico para limpeza de equipos informáticos e electrónicos que facilita a USC.

*Solicitouse un informe* ao Sr. vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade no que xustificaba o seguinte:

“En relación ao Exp. Nº Q2010/07 sobre os posibles problemas que o alcohol isopropílico pode supor na desinfección de materiais electrónicos e equipamento informática cómpre sinalar:

- O alcohol isopropílico é o axente de desinfección de equipamento informático amplamente recomendado pola maioría de fabricantes.
- A USC exerce como intermediaria, non como fabricante, do alcohol isopropílico ao 70%, o que permite a súa compra a granel co pertinente aforro económico e redución do impacto ambiental. O envase final no que se dispón o produto leva o logo da USC xa que se trata da presentación final.
- O produto foi probado previamente con equipamentos propios da USC. Os resultados de desinfección e operatividade foron excelentes.
- A súa aplicación implica a utilización dun pano especial (elimina as cargas electrostáticas) que foi oportunamente enviado ao centros, e que se repón cada semana previa limpeza pola empresa autorizada.
- Este produto de desinfección foi enviado aos centros para a limpeza do equipamento informático compartido propio da USC (o presente nas aulas informáticas e para os ordenadores do profesorado presentes nas aulas convencionais).

Por último sinalar, que este produto non se dotou para a limpeza de equipos informáticos alleos á USC.”

Por iso, á vista do indicado solicítase un informe adicional á Sra. decana da Facultade, respostando:

“O 27/10/2020, dous días antes de recibir a notificación da Oficina do Valedor, o propio estudante comunicárame os danos sufridos no seu portátil, que el atribuíu a una composición incorrecta do axente desinfectante que se atopa nas aulas, normalmente sobre a mesa do profesor. Este composto está supostamente constituído por unha dilución de alcohol isopropílico en auga ao 70%. No transcurso da mesma conversa informoume tamén da presentación desta queixa. O incidente que constitúe a base da queixa tivo lugar o 15/10/2020.

.../O kit de limpeza, dosificador de isopropílico e pano, está dispoñible nas aulas (normalmente na mesa do profesor) e laboratorios. O seu uso está indicado para desinfectar material docente informático ou audiovisual de uso compartido (rato, teclado, mando a distancia...) pero non para equipos de uso individual. Nos laboratorios e aulas de informática de docencia si que está indicado para o uso do alumnado sempre baixo a supervisión do profesor, como así llo fixemos chegar nos documentos:

MEDIDAS SANITARIAS PARA CV.pdf, que se achega e que na páxina 2, indica:

*5. Nos laboratorios e aulas de informática atoparás kits de limpeza de equipos con desinfectante e panos que deberás utilizar antes e despois do seu uso.*

ProtocoloLabsDoc25 09\_2020.pdf que indica:

#### **DURANTE A SESIÓN**

*' Os postos de traballo están identificados cunha etiqueta azul e cun código. • Rexístrate na Secretaría Virtual indicando o Laboratorio no que estás e o asento.*

*' Non toques ningún equipamento que non estea asignado á vosa práctica.*

*' Lava as mans con frecuencia.*

*Usa papel dun único uso e tírao no cubo con pedal que hai no laboratorio. ' Se cambias de práctica, limpa o posto que deixes seguindo as indicacións do profesorado.*

#### **AO REMATAR A SESIÓN**

*Limpa o teu posto cos produtos dispoñibles que che indicará o profesorado. Hai dous kits, un específico para equipos e outro específico para superficies.*

*Abandona o local levando contigo todas as túas pertenzas.*

*Non formedes aglomeracións ao saír e respectade a distancia de seguridade ● Lava as mans con xel antes de saír.*

*Bota a máscara e a bata desbotable no saco que atoparás á saída.*

*Limpa a máscara facial e gárdaa pois che fará falta para poder asistir as clases interactivas de laboratorio ao longo de todo o curso.*

Aínda así, podería darse o caso de que o ordenador do estudante fose compartido durante unha clase convencional (por exemplo entre o profesor e o estudante para detectar algún erro) polo que insistín en coñecer a pureza da dilución e se me asegurou que se trataba de isopropílico ao 70%.

En función disto, buscando unha causa racional do incidente, intentei pescudar en Apple se estes equipos requiren dun produto especial de limpeza e isto foi o que atopei: (<https://support.apple.com/es-cl/HT204172>)

De acordo coa información que proporciona Apple, esas pantallas non se poden limpar con isopropílico, o que debería ser coñecido polo dono da computadora.

Independentemente de quen resulte ser o suxeito responsable, para evitar incidentes similares no futuro, o 29/09/2002 ás 9:09 pedinlle aos delegados que comunicaran ao alumnado por correo electrónico o seguinte:

Prégovos que difundades esta información entre os vosos compañeiros:

- *Nas aulas e laboratorios hai un kit formado por un pano e alcohol isopropílico ao 70% cuxo destino é unicamente a limpeza de equipos e utensilios compartidos, non o de equipos de uso individual.*
- *Se nalgún momento danse as circunstancias de ter que desinfectar un equipo de uso individual da vosa propiedade, facédeo de acordo coas instrucións do fabricante para evitar danos como xa sucedeu. Hai modelos que non se poden limpar con isopropílico.*

O 30/10/2020 ás 11:11 remitíuselle ao profesorado esta mensaxe:

*Tras recentes acontecementos, parécenos oportuno aclarar que o kit de limpeza formado por alcohol isopropílico ao 70% + pano está indicado exclusivamente para a limpeza de equipos e material informático de uso compartido propiedade da USC, que foron previamente testados; non está pensado para equipos de uso individual. Ademais nunca se debe pulverizar directamente sobre o material a desinfectar.*

*No caso de que algún equipo de uso individual teña que ser desinfectado, o propietario do dispositivo debe observar coidadosamente as instrucións de limpeza do fabricante para evitar danos, como lamentablemente xa sucedeu. Por exemplo, hai modelos que non se poden limpar con alcohol isopropílico. Esta aclaración xa se fixo chegar ó alumnado.*

E o mesmo día de hoxe, 02/11/2020, remitiuse esta outra mensaxe ao profesorado:

*Estimados/as compañeiros/as*

*Permitídemme que insista unha vez máis na indicación de que o alcohol isopropílico ao 70% está destinado exclusivamente á limpeza de equipos informáticos e audiovisuais de docencia, propiedade da USC, cuxo uso é compartido. Por elo, para evitar malentendidos, pídvos que veledes por que se atopen sempre na mesa do docente. Un saúdo e grazas*

Por outra parte fíxose unha revisión de toda a documentación sobre medidas sanitarias que se lle enviou ao alumnado por se algún texto referido a este kit de limpeza puidera dar lugar a interpretacións erróneas.“

Así pois, comunícaselle ao presentador da queixa que da análise de ámbolos informes non se pode concluír que existira unha actuación incorrecta por parte da Universidade de Santiago de Compostela, polo que se lle informa que se procede ao remate da tramitación da presente queixa.

**Q 2010/08**

Queixa presentada por un estudante e motivada pola demora na publicación do calendario de exames nun Centro.



No informe solicitado o Sr. decano da Facultade xustificaba o seguinte:

1. “As enquisas realizadas entre o alumnado do Centro no segundo cuadrimestre do curso pasado poñen de manifesto a súa preferencia pola realización das probas finais de xeito presencial.
2. Seguindo as actuacións coordinadas para centros educativos para unha actividade lectiva presencial, debe manterse unha distancia interpersonal de 1,5 metros nas distintas actividades docentes.
3. Para coñecer o número de aulas necesarias precísase coñecer con antelación o número de alumnos/as matriculados en cada materia. Aínda estamos a recibir novas matrículas e cambios de matrícula de estudantes autorizados pola Unidade de Xestión Académica. O incremento dun só estudante nunha materia pode alterar o calendario de toda unha titulación.
4. Atendendo ás características dos espazos da Facultade, nalgunhas materias precisarase utilizar ata 5 aulas simultaneamente para un único exame.
5. Isto implica que en ocasións se precisarán ata 6 profesores da área (un deles o coordinador da materia que se moverá entre aulas) para estar presentes durante a realización do exame.
6. Tendo en conta que o profesorado da Facultade imparte tamén docencia en titulacións noutras facultades, onde tamén acompañará ao alumnado durante a realización das correspondentes probas, a elaboración do calendario precisa atender á dispoñibilidade de todo o profesorado implicado nas datas propostas.

Por estes motivos, retrasamos a publicación dos calendarios de exames dos Graos e Dobre Grao para poder aprobar os que consideramos definitivos, pois teñen xa en conta os puntos mencionados arriba.”

### ***Q 2010/09 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Grao demandando a actuación do valedor e no que en síntese expón que debido á situación motivada pola Covid-19, non pode asistir presencialmente a todas as materias das que está matriculada por incompatibilidade horaria:

“Mi problema y por lo que te escribo es que estoy en cuarto de carrera pero tengo una asignatura de tercero este cuatrimestre. Los horarios no me permiten asistir a las clases expositivas de esa asignatura, y pedí cambio de grupo en esta materia y en otra de cuarto para poder ir. La petición de cambio fue rechazada desde decanato por falta de aforo.”

Así pois, do anteriormente exposto dedúcese que a denegación ao cambio de quenda solicitado pola alumna baséase no establecido na *Convocatoria de cambio de grupo para estudos de grao curso 2020-2021 da Facultade*, que recollía:

“Só poderán ser atendidas aquelas solicitudes debidamente xustificadas e sempre e cando se poida cumprir coa distancia de seguridade e as restantes normas que marcan as autoridades académicas e sanitarias.”

Por outra banda, a guía docente da materia establece como requisito para poder superala a asistencia obrigatoria ás clases.

Tendo en conta as circunstancias extraordinarias nas que todos nos atopamos, e co fin de minimizar os efectos negativos da pandemia para o alumnado, recomendo que con carácter excepcional se lle conceda á citada alumna a dispensa de asistencia ás sesións expositivas na referida materia.

Con posterioridade, dende o Decanato indican que o problema tivo unha solución satisfactoria para a alumna:

“En primeiro lugar, que a dificultade da alumna para asistir as clases das materias nas que está matriculada non se deriva da situación ocasionada pola Covid-19, senón de que ten materias pendentes de 3º, estando cursando 4º de Grao. Os horarios do centro organízanse por cursos, sendo inviable compatibilizar a asistencia a todas as materias dos distintos cursos. En segundo lugar, malia que en circunstancias de normalidade se intentan resolver as peticións recibidas por parte do alumnado con esta casuística (cando é posible), neste curso, e tal como se recoñece no propio informe do Sr. Valedor, aplicando as normas en vigor: *“Só poderán ser atendidas aquelas solicitudes debidamente xustificadas e sempre e cando se poida cumprir coa distancia de seguridade e as restantes normas que marcan as autoridades académicas e sanitarias.”* A solicitude de cambio de grupo foi denegada por falta de capacidade na aula do grupo para o que solicitaba o cambio. Dende o decanato reafirmámonos na pertinencia desta decisión, e consideramos que non hai motivo xustificado para presentar, como consecuencia da mesma, unha queixa ante o Valedor, dado que a actuación realizada pola facultade está guiada pola aplicación dun criterio de obrigado cumprimento para todos os centros da USC. Non obstante, e velando, coma sempre se ten feito dende o decanato da Facultade, polo benestar do estudantado, e tendo en conta tamén a consideración que nos merece a petición do Sr. Valedor, puxémonos en contacto co profesor da materia na que realmente ten dificultades para asistir a estudante, e coa súa inestimable colaboración foi posible chegar a unha solución razoable con respecto da situación que motivou o escrito.”

### **Q 2010/10 - Recomendación**

Foi presentado un escrito por un alumno de 4º curso de Grao motivado pola imposibilidade de solicitar cambio de quenda nesa Facultade e a concesión, no seu lugar, dunha dispensa de asistencia a clase en varias materias.

Admitido o escrito a trámite, fíxose unha procura ao respecto do procedemento de solicitude de cambio de quenda na web dese centro obtendo como resultado o seguinte:

“Xestións: cambio de grupo

Curso 2020-21

- Os cambios de grupo quedan suspendidos no presente curso 2020/21 pola situación sanitaria. Unha vez asinado o grupo e iniciado o curso o alumnado non poderá cambiálo. O alumnado que poida acreditar algunha das causas recollidas na normativa para o cambio de grupo deberá solicitar dispensa na data prevista (21 ao 25 de setembro de 2020).”

Solicitado informe sobre cales foron os criterios seguidos para o establecemento da imposibilidade citada, así como a normativa na que se fundamenta, dende ese decanato remitiron o seguinte:

“O presente curso académico respondendo á situación sanitaria e para poder asegurar o aforo permitido nas aulas e garantir a seguridade na docencia ante a COVID-19, suspendéronse os cambios de grupo salvo circunstancias excepcionais de vulnerabilidade. No resto dos casos habilitouse a posibilidade de obter a dispensa de asistencia que permite facer, en coordinación co profesor/a un seguimento telemático da/s materias nos casos que habitualmente poderían resolverse mediante cambio de grupo ao non ser posible no presente curso. Dita circunstancia queda recollida na instrución do centro e nas guías e no protocolo do centro para una docencia presencial segura no curso 20-21 que coñecen todo o alumnado e PDI do centro.

A situación sanitaria requiriu adoitar medidas excepcionais en todos os centros de acordo coas súas características e consonte aos procedementos postos en marcha pola USC para o curso 2020-2021. Ditas decisións, tamén as relativas ao cambio de grupo e dispensa, recóllense e concretanse no Protocolo da Facultade para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 20-21 (p.5-7) validado pola xerencia e o servizo de prevención de riscos e que pode consultarse na web do centro.

Dito protocolo é público e foi difundido entre o profesorado e o alumnado do centro ao inicio do curso a través da elaboración de guías específicas para o alumnado de cada titulación do centro, que foron remitidas a todo o alumnado por mail e difundidas tamén na web e plataformas sociais do centro. De feito na web do centro creouse un apartado específico (Información para o alumnado do inicio do curso 2020-21 e publicáronse as "guías para o alumnado coa organización da docencia semipresencial e coas medidas de seguridade (ver en cada título)". Dende esta sección da web institucional que coñece o alumnado difúndese e informase puntualmente a todo o alumnado de todas as cuestións relativas á docencia e específicas deste curso excepcional.

No caso referido nesta queixa, o alumno solicitou o cambio de grupo en data 21 de setembro, e consonte as normas de aplicación no centro resolveuse o día 30 de setembro de 2020. Concedéuselle a dispensa ate o 30/9/2020 que era a data final do contrato de traballo que adxuntou e, posteriormente, respondendo a un correo seu do 25 de outubro de 2020 coa presentación dun novo contrato, concedéuselle a dispensa ate o 31/10/2020.”

En relación co tema obxecto da queixa, hai que salientar que o cambio de grupo ven recollido como un dereito específico dos estudantes nos *Estatutos da Universidade de Compostela* cando se indica:

*Artigo 33 Son dereitos específicos do estudiantado, sen prexuízo dos demais que lle poidan corresponder en virtude da normativa aplicable:*

*l) Escoller grupo de docencia, de forma que poida conciliar a súa formación con outras actividades profesionais, extraacadémicas ou familiares, e especificamente para o exercicio dos dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero e para outros casos debidamente xustificadas.*

Así pois, a Facultade non é competente para acordar a suspensión con carácter xeral dun dereito do estudiantado recoñecido nos citados *Estatutos*.

Por iso recomendo:

- que se elimine do espazo web da Facultade a citada referencia á supresión do procedemento do cambio de quenda.
- que se proceda a restaurar o dereito á solicitude de cambio de grupo mediante a publicación da resolución decanal correspondente.

En resposta á recomendación o Decanato da Facultade modifica os criterios de cambios de grupo:

*Os cambios de grupo no presente curso 2020/21 e debido a crise sanitaria quedan limitados exclusivamente a situacións protexidas e sempre que o aforo da aula o permita.*

### ***Q 2010/11***

Foi presentado un escrito por un alumno motivado pola non publicación actualizada das listaxes de admitidos nun Máster Universitario, e a conseguinte non publicación dos últimos admitidos coa nota media de acceso correspondente.

Solicitada información ao Servizo de Xestión Académica da USC, remite informe no que se indican todos os datos relativos ao seu proceso de admisión e demandados polo alumno.

E asemade, infórmase que a *Convocatoria de Matrícula para o curso académico 2020/2021* (<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/oiu/descargas/cm20.pdf>) xa recolle que se efectuará a publicación das notas de corte nos procesos de admisión de máster:

#### **17 PUBLICACIÓN NOTAS DE CORTE**

Rematados os procesos de admisión e matrícula, o Servizo de Xestión Académica fará públicas, a efectos informativos, as notas de corte dos procesos de admisión de máster, cursos complementarios e traslados con cota onde non quedaran prazas vacantes.

### ***Q 2011/01***

Foi presentado un escrito por unha alumna motivado polo exíguo número de materias que lle foron validadas no procedemento de recoñecemento dos seus estudos cursados na Universidad Iberoamericana de Puebla de México.

*Dito escrito non foi admitido a trámite como unha queixa, indicándolle á alumna o seguinte:*

“Le comunico que se recibí en esta Institución su escrito y lamento informarle que el mismo no puede ser admitido a trámite como una queja porque el procedimiento de reconocimiento parcial de estudios tiene carácter técnico y es ejercido por la *Comisión de Validaciones* de la Facultad.

No obstante, le informo que damos traslado de la problemática que nos expone a la Sra. decana de la Facultad.”

### ***Q 2011/02***

Foi presentado un escrito por un estudante dun Dobre Grao motivado polo impedimento para efectuar a matrícula en determinadas materias deses estudos.

*No informe solicitado*, dende o Servizo de Xestión Académica indicaban que o alumno para poder reunir os requisitos esixidos para a obtención de bolsa precisaba estar matriculado de 61 créditos (estaba en 60). Para ampliar a matrícula podería matricular unha materia de contidos prácticos que non podería superar por non ter asistido ás clases, opción que polo tanto o estudante rexeitaba. A outra alternativa natural sería matricular unha materia de terceiro, máis neste caso non se podería porque non cumpriría coas normas de permanencia e non está aínda implantando ese curso neses estudos. Finalmente o alumno opta por solicitar a bolsa parcial.

### ***Q 2011/03***

Foi presentado un escrito por dúas profesoras contratadas doutoras ao considerar que se está a vulnerar o seu dereito á promoción, pois na recente convocatoria para a selección das áreas que accederán a prazas de promoción a TU na oferta pública de 2020 non se tivo en conta a Normativa de antigüidade da USC, en concreto un apartado específico para a fixación da antigüidade no caso dos investigadores Parga Pondal e Ramón y Cajal.

*No informe solicitado, o Sr. Vicerreitor de Profesorado xustifica o seguinte:*

1. "Por resolución do 6 de outubro de 2020 publícase nesa mesma data no taboleiro electrónico a convocatoria de asignación de prazas de promoción de profesorado titular de universidade da USC incluídas na OEP de 2020. Esta convocatoria ten por obxecto asignar a áreas de coñecemento as 25 prazas de profesorado titular incluídas na OEP para posibilitar a promoción de profesorado contratado doutor.
2. Para a asignación destas prazas a áreas de coñecemento a convocatoria recolle os criterios de ordenación das solicitudes que, tras ser negociados cos órganos de representación do persoal, foron aprobados polo Consello de Goberno da Universidade na súa sesión do 29 de marzo de 2019 dentro do *Plan Plurianual de Profesorado 2019-2022*. De acordo co indicado neste documento, estes criterios manteranse "durante todo o período de vixencia do plan" e de feito foron os que se aplicaron xa no proceso de asignación a áreas de coñecemento das prazas de profesorado titular incluídas na OEP de PDI de 2019. Cómpre sinalar, por outra banda, que estes criterios non foron recorridos logo da súa aprobación polo Consello de Goberno, así como tampouco o foron, no tocante a este punto, as convocatorias publicadas ata este momento.

Este documento establece no seu apartado 4.4 que "as solicitudes de promoción que se presenten cada ano ordenaranse tomando como criterio a data de acreditación a profesor titular. Non obstante, no caso de que a acreditación sexa anterior á data de incorporación á categoría de contratado doutor, tomarase como data de referencia esta última".

En aplicación destes criterios, a Vicerreitoría de Profesorado ordenou as solicitudes presentadas polos Departamentos tomando como datas de referencia, ademais da data de acreditación, a data de

sinatura do contrato como profesor/a contratado/a doutor/a, que é cando se produce a incorporación a esta categoría.

3. Con data do 21 de outubro de 2020 publícase no taboleiro electrónico a resolución da mesma data pola que se fai pública a lista provisional de asignación a áreas de coñecemento das prazas referidas. Nesta mesma resolución ábrese un prazo ata o día 2 de novembro para a presentación de alegacións á lista provisional antes da aprobación definitiva da asignación polo Consello de Goberno.

4. Os días 26 de outubro e 2 de novembro recíbense a través do rexistro electrónico os escritos nos que as profesoras presentan as súas alegacións á lista provisional de asignación. As profesoras alegantes invocan nos seus escritos a *Normativa sobre o criterio de antigüidade do persoal docente e investigador para efectos internos na USC*, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 4 de febreiro de 2015.

5. Transcorrido o prazo para a presentación de alegacións, e unha vez examinadas estas, o 3 de novembro publícase no taboleiro electrónico a proposta que a Vicerreitoría de Profesorado trasladará ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

6. O día 19 de novembro de 2020 a Vicerreitoría de Profesorado remite ás profesoras un escrito no que se desestiman as súas alegacións. A normativa á que apelan as reclamantes establece unha prelación entre as diferentes categorías de profesorado, e contempla, no seu artigo terceiro, a equiparación para estes únicos efectos do "profesorado contratado interinamente para cubrir prazas vacantes de profesor contratado doutor creadas ao obxecto de facilitar a estabilización de investigadores contratados ao abeiro dos programas Ramón y Cajal-2008 e Parga Pondal -2007 e 2008, non autorizadas pola Xunta no ano 2013 para a súa cobertura definitiva", co profesorado que forma parte do grupo terceiro, ao que pertence, ademais, o profesorado titular de escola universitaria, o profesorado contratado doutor, o persoal docente procedente da antiga Escola de Graduados Sociais e o profesorado funcionario interino. Cómpre sinalar, non obstante, que a normativa precisa que o seu ámbito de aplicación son "os procesos internos nos que ten relevancia, **agás que outras normas ou acordos establezan outros criterios de ordenación**", que é precisamente o que sucede no caso que nos ocupa, que, como queda dito, está rexido por unha convocatoria específica e de acordo con criterios de ordenación específicos aprobados polo Consello de Goberno. En calquera caso, esta normativa de ningún xeito "retrotrae o recoñecemento da categoría de contratado doutor ao momento no que ocupamos a interinidade desa praza", como pretenden as alegantes no seu escrito. Pola contra, a categoría de profesor/a contratado/a doutor/a adquirese coa sinatura do contrato e na data de efectos que nel se consigna.

7. A proposta de asignación, elaborada pola Vicerreitoría de acordo cos criterios aprobados polo Consello de Goberno e contidos na convocatoria, será sometida á consideración do Consello de Goberno, órgano competente para aprobala, na próxima reunión que este celebre."

## ***Q 2011/04***

Foi presentado un escrito por unha estudante de Grao, motivado pola demora na resposta a unha solicitude de recoñecemento de estudos efectuada hai dous meses.

Solicítase un informe ao Centro que explica de xeito pormenorizado o calendario do recoñecemento dende a solicitude da alumna, o 9 de setembro, á remisión do informe o 26 de outubro, que tivo unha lixeira demora de seis días motivado por unha corrección de erros.

### ***Q 2011/05***

Foi presentado un escrito polo Consello Colexial dun Colexio Maior motivado pola apertura dunha información reservada e a proposta de sanción a algúns residentes ante uns feitos acontecidos na residencia.

Comunícolles que, e en relación coa súa petición de actuación o art. 10 do *Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria* establece o seguinte:

#### **Artigo 10.- Procedemento**

1.-A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas formuladas por membros da comunidade universitaria ou persoas que se consideren afectadas por actuacións universitarias. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses lectivos dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

.../

4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

En consecuencia, informóuselles que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa nin ser susceptible de calquera outra actuación por parte desta Institución ao tratarse dun escrito anónimo e versar sobre a tramitación dun expediente administrativo sancionador.

### ***Q 2011/06***

Foi presentado un escrito por un estudante no que expón distintas consideracións referidas á oportunidade e seguridade da realización de exames presenciais na situación actual de pandemia pola Covid-19.

*Solicitouse informe, no que a Sra. secretaria xeral da USC xustificaba o seguinte:*

“.../B.- Respecto á reflexión formulada:

A regulación das actividades do presente curso académico figura nas seguintes normas:

- a. [Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021](#),
- b. [Resolución Reitoral do 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á Covid 19 para o inicio do curso 2020-2021](#)

- c. [Instrucción da Secretaría Xeral 5/2020 pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020/21021.](#)

Á vista desta normativa e da situación epidemiolóxica actual cómpre sinalar que se ben a USC recomenda a realización de avaliación continua, non existe ningún impedimento para a realización de probas presenciais, máis alá da observancia estrita das medidas establecidas polas autoridades sanitarias que a USC intenta cumprir escrupulosamente co obxecto de minimizar os riscos.”

### ***Q 2011/07 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao, motivado pola coincidencia en data e hora das probas de avaliación de dúas materias. No escrito expón o seguinte:

“Estoy en quinto curso con una materia de segundo año el examen de esta materia me coincide en día y hora con otra (20 de enero a las 12:00 horas). Este cuatrimestre solo tengo esas dos materias para terminar ya las asignaturas correspondientes al primer cuatrimestre de la carrera, por lo que no tenía la opción de dejar alguna sin coger.”

Ademais, a alumna indica ter establecido contacto co decanato e co profesor coordinador da materia na procura dunha data alternativa de exame obtendo do mesmo a seguinte resposta:

“En efecto: el decanato no es competente para decidir esa fecha alternativa. Quien tiene que autorizarlo es El Defensor del Estudiante o la Secretaría General de la Universidad (no de la Facultad). Tienes que dirigirte a ellos y nosotros aceptamos lo que nos digan. “

Por iso, tendo en conta a resposta recibida pola alumna, recomendo ao Decanato que efectúe ante os profesores das referidas materias as xestións oportunas que posibiliten a realización das dúas probas de avaliación que motivan a presentación do escrito.

Con posterioridade, dende o Centro comunican que unha das docentes accedeu a cambiar a data do exame.

### ***Q 2011/08 - Recomendación***

Foi presentado un escrito por un membro do Persoal de Administración e Servizos motivado polo uso do galego nun Servizo, en concreto pola utilización de carteis informativos en lingua castelá . No escrito expón o seguinte:

“.../Mais o motivo concreto deste correo é o de lle pedir que faga por favor as xestións oportunas para que nas instalacións do Servizo da nosa universidade poñan os letreiros informativos en galego. Agora



mesmo usan a lingua castelá, o cal ve a maioría das persoas que van aí, e polo tanto no dito servizo están a incumpri-lo deber de normalización lingüística das institucións públicas galegas (función normalizadora da cal entendo que a universidade debería considerarse un motor esencial), obriga prescrita pola lexislación e, no noso caso concreto, polo regulamento antes citado (artigo 3 por exemplo).

Non se trata, obviamente, de que retiren os letrados en castelán se non queren, pero si de que poñan en todo o caso uns similares en galego. Así llo pedín eu ó citado servizo nun correo de 15 de outubro, mais pasado máis dun mes a situación non mudou...!”

Así pois, en relación co tema obxecto da queixa, é preciso sinalar que a Universidade de Santiago de Compostela ten aprobado o *Regulamento do Uso do Galego* <https://www.usc.gal/gl/normativa/normalizacion/regusog1.html> que no seu parágrafo 3 indica:

### **3. USOS LINGÜÍSTICOS INTERNOS.**

3.1. As comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións, convites, etc.) entre centros, servizos e administracións da Universidade de Santiago realizaranse en galego.

3.2. Os outros documentos de uso interno utilizados polos diferentes órganos da Universidade tamén sen farán en galego.

Os documentos de xestión xeral: programas de actuación, memorias, informes, etc.

Os documentos contables: ordes de pagamento, follas de pedimento, recibos, orzamentos, etc.

Os documentos académicos: follas de matrícula e preinscrición, validacións, instrucións, instancias, enquisas, carta de estudante, etc.

Os documentos de xestión de persoal: nóminas, notificacións, etc.

Os documentos xurídicos (informes, resolucións rectorais, de xerencia, consultas, documentación dilixenciada, reclamacións, impugnacións...)

As disposicións e as actas.

3.3. Os rótulos informativos, as cabeceiras de toda caste de papeis corporativos, os carimbos, os mataselos e outros elementos análogos estarán en galego.

3.4. A expedición de certificados de expedientes de uso interno farase en galego.

3.5. Os procedementos contractuais da Universidade de Santiago de Compostela faranse en galego. Os contratos formalizaranse en galego, e en todo caso, unha copia dos pregos deberá estar dispoñible nesta lingua.

3.6. Os centros e departamentos da Universidade de Santiago de Compostela, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para os taboleiros de anuncios, os programas das materias, etc. redactaranse en galego.

3.7. As denominacións de cursos de posgrao (especialización e mestrados), e dos créditos e materias que os compoñen serán en galego.

Os títulos acreditativos de estudos propios expedidos pola Universidade de Santiago de Compostela serán redactados en galego, agás os que teñan efectos fóra da nosa Comunidade Autónoma, que se expedirán en versión bilingüe.

3.8. Os títulos de estudos oficiais (diplomaturas, licenciaturas e doutoramentos) expediranse en versión bilingüe segundo o artigo 3.2. do Real Decreto 1496/87, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios.

Por iso, tendo en conta o indicado anteriormente, recomendo á Xefatura do Servizo que efectúe as actuacións precisas para dar cumprimento ao establecido no *Regulamento do uso do galego da USC* nese Servizo, e singularmente no referido a que os letrados informativos estean redactados en lingua galega.

A posterior comunicación da Sra. xefa do Servizo daba conta das actuacións efectuadas en relación coa recomendación indicando:

“.../sinto profundamente que este traballador da USC se sentira ofendido. Levaremos a cabo as actuacións pertinentes en relación coa presente recomendación.”

### ***Q 2011/09***

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao no que indicaba falla de resposta ás comunicacións enviadas ao decanato da Facultade en relación cun requirimento de dispensa por mor do seu embarazo.

En relación coa motivación da queixa: a solicitude de dispensa de asistencia a clase, é preciso sinalar que o procedemento que regula ese trámite se recolle na *Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral, sobre a Dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias* <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/gobierno/secxeral/Instrucion-I-2017-sobre-a-dispensa-de-asistencia-a-clase-en-determinadas-circunstancias.pdf>

que no parágrafo 2 indica:

#### **2.- DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE**

De conformidade cos Estatutos da Universidade, o alumnado poderá solicitar, ao principio de curso nas datas establecidas por cada Centro ou, posteriormente, de concorrer causas imprevisibles e sobrevidas, a dispensa de asistencia á clase, mediante solicitude motivada e acreditada formulada ao Decano ou ao Director de Escola segundo o disposto nesta Instrución.

No informe solicitado, o Sr. decano daba conta das actuacións efectuadas ao respecto:

- “A alumna con data 16 de Novembro de 2020 solicitou Dispensa de Asistencia a Clase segundo procedemento que se recolle na Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral, tal e como se lle indicou dende o Decanato. Este procedemento atopase no momento actual en fase de solicitude ao profesorado das materias dun informe sobre se a non asistencia ás clases expositivas da materia que coordina sería impedimento para acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a citada materia na memoria do título.

Unha vez recollidos os informes a solicitude debe ser ratificada na próxima Xunta de Facultade a celebrar no mes de Decembro

Así pois e como conclusión por todo o anteriormente exposto estamos a espera dos informes do profesorado das materias e posterior ratificación pola Xunta de Facultade da Dispensa de Asistencia a Clase solicitada pola alumna.”

## ***Q 2011/10***

Foi presentado un escrito por un estudante dun Máster Universitario motivado por un cambio do centro no que se lle asignaron inicialmente as prácticas, saltando a súa orde de preferencia e implicando desprazamento a outra localidade.

No informe solicitado á Sra. coordinadora do Máster Universitario xustificábase o seguinte:

1. “Con data 4 de novembro de 2020, a coordinación do mestrado abre un prazo de elección de centro de prácticum ata o 8 de novembro de 2020, a través dun formulario publicado na páxina web da titulación. O alumnado indica no mesmo ata 5 centros por orde de preferencia, en base aos datos facilitados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de acordo coa convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente a este máster na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020/2021 (DOG, 11 de setembro de 2020). O alumno escolleu como primeira opción o IES Xelmírez I, en Santiago de Compostela, e de segunda opción o IES Xulián Magariños, en Negreira.
2. Con data 11 de novembro de 2020, publícase a resolución provisional de asignación de centros de prácticas, no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela. Ao alumno asígnase a súa primeira opción, o IES Xelmírez I, en Santiago de Compostela, tendo en conta a súa nota de acceso ao máster e as preferencias indicadas no citado formulario de solicitude.
3. Con data 17 de novembro de 2020, publícase a resolución definitiva de asignación de centros de prácticas, no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, sen modificar a asignación de centro do alumno.
4. Con data 23 de novembro de 2020, comunícase ao IES Xelmírez I a relación do alumnado asignado para a realización das prácticas e o coordinador das mesmas, que tamén é titor, solicita que polo seu reducido encargo lectivo se lle asigne a titorización de un estudante, en vez dos tres que tiña. Cómpre indicar que segundo a orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011, pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente a este máster en Galicia, pódese asignar ata tres estudantes de prácticas a cada titor/a.
5. Con data 25 de novembro de 2020, atendendo á petición do coordinador de prácticas, infórmase da situación ao alumnado e dáselle a oportunidade, por nota de acceso ao máster, de escoller entre quedar no centro asignado, IES Xelmírez I, ou cambiar a outro. O alumno é o primeiro en escoller e decide voluntariamente cambiar de centro e realizar as prácticas na súa segunda opción, o IES Xulián Magariños, en Negreira. A coordinación do mestrado autoriza esta reubicación coa conformidade do alumno.
6. Con data 28 de novembro de 2020, publícase unha corrección de erros relativa a asignación de centros de prácticas, no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, que recolle a modificación de asignación de centro solicitada polo alumno.
7. Por todo o exposto, a coordinación do máster entende que non saltouse a orde de preferencia na adxudicación de centro, sinalada polo alumno na súa queixa, senón que respetouse a escolla do alumno, coa que está conforme tal e como indica no seu escrito. “

### ***Q 2011/11***

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao, motivado pola comunicación que ten recibido da Facultade e na que se lle informaba da suspensión cautelar das prácticas que estaba desenvolvendo nun centro externo á USC.

Solicitouse un informe ao decanato, no que daban conta dos motivos da suspensión.

### ***Q 2011/12***

Foi presentado un escrito por unha integrante do Persoal Docente e Investigador da USC, motivado pola demora de 33 días na publicación do seu nomeamento como catedrática desta universidade, coa conseguinte perda de dereitos administrativos e económicos

Solicitouse un informe ao Sr. vicerreitor de Profesorado, remitindo o detalle de todas as actuacións desenvolvidas no proceso selectivo e as que deron lugar á demora na publicación no B.O.E.

### ***Q 2012/01***

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Máster Universitario motivado por un cambio do Centro no que se lle asignaron inicialmente as prácticas, e implicando desprazamento a outra localidade

No informe solicitado á Sra. coordinadora do *Máster Universitario* xustificaba o seguinte:

1. Con data 4 de novembro de 2020, a coordinación do mestrado abre un prazo de elección de centro de prácticum ata o 8 de novembro de 2020, a través dun formulario publicado na páxina web da titulación. O alumnado indica no mesmo ata 5 centros por orde de preferencia, en base aos datos facilitados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de acordo coa convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente a este máster na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020/2021 (DOG, 11 de setembro de 2020). A alumna escolle como primeira opción o IES Xelmírez I, en Santiago de Compostela.
2. Con data 11 de novembro de 2020, publícase no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela a resolución provisional de asignación de centros de prácticas. Á alumna asígnase a súa primeira opción, o IES Xelmírez I, en Santiago de Compostela, tendo en conta a súa nota de acceso ao máster e as preferencias indicadas no citado formulario de solicitude.
3. Con data 17 de novembro de 2020, publícase no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela a resolución definitiva de asignación de centros de prácticas, sen afectar á alumna

4. Con data 23 de novembro de 2020, comunícase ao IES Xelmírez I a relación do alumnado asignado para a realización das prácticas do 30 de novembro ao 22 de decembro. O coordinador das mesmas, que tamén é titor, solicita que polo seu reducido encargo lectivo se lle asigne a titorización de un estudante, en vez dos tres que tiña. Cómpre indicar que segundo a orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 18 de abril de 2011, pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente a este máster en Galicia, pódese asignar ata tres estudantes de prácticas a cada titor/a.
5. Con data 25 de novembro de 2020, atendendo á petición do coordinador de prácticas, infórmase da situación ao alumnado e dáselle a oportunidade, por nota de acceso ao máster, de escoller entre quedar no centro asignado, IES Xelmírez I, ou cambiar a outro con prazas dispoñibles. A alumna decide voluntariamente cambiar de centro. Dado que os centros que ela escollera na súa solicitude non tiñan prazas dispoñibles ou non ofrecían a súa especialidade, a coordinación do mestrado propónlle realizar as prácticas no IES Xulián Magariños, en Negreira. A alumna amosa a súa conformidade coa posibilidade de realizar as prácticas neste centro.
6. Con data 28 de novembro de 2020, publícase no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela unha corrección de erros relativa a asignación de centros de prácticas, que recolle a modificación citada no punto anterior.
7. Por todo o exposto, a coordinación do máster entende que a asignación de centro á alumna, para a realización das prácticas de ensinanza durante o primeiro semestre do curso 2020-2021, realízouse coa conformidade da alumna.

### ***Q 2012/02***

Foi presentado un escrito de queixa por un profesor motivado por distintas actuacións que considera “irregulares e non adecuadas ao cargo” realizadas polo Sr. xerente e o Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación.

Con posterioridade o presentador da queixa indica ter interposto unha denuncia penal motivada polos feitos descritos na mesma. Así pois comunícaselle que en cumprimento do recollido no art. 10 do Estatuto do Valedor suspéndense as actuacións que se tiñan iniciado e se procede ao remate e arquivo da presente queixa.

### ***Q 2012/03***

Foi presentado un escrito por un estudante dun máster e motivado polo proceso de envío do seu título universitario ao seu domicilio fóra de Galicia.

En relación coa tramitación da queixa no informe solicitado, o Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica xustificaba o seguinte:

Que con data do 30 de setembro de 2020 o interesado solicitou o título propio de coa opción de envío a domicilio. Seguiuse o procedemento habitual de expedición e envío por rigoroso orde de recepción de solicitudes.

Que á vista da queixa presentada polo Sr. faise necesaria unha explicación sobre as características da opción de envío de títulos propios ao domicilio en territorio nacional. Estes envíos deben ter as

mesmas garantías que a recollida do título de maneira presencial (polo titular ou persoa autorizada a través de poder notarial) co fin de avalar que a recepción do título unicamente a faga o titular. Debe deixarse constancia escrita a través da sinatura dun xustificante de entrega que o Servizo de Correos devolverá á Sección de Títulos para o seu asento e arquivo. A Universidade de Santiago de Compostela ten formalizado un contrato co Servizo de Correos de España a través do cal se realizan dúas tentativas de entrega e posterior depósito na oficina de correos co fin de que o destinatario poida recoller o envío se non o atoparon no seu domicilio. Cando o tempo de depósito nas oficinas de correos remata o paquete co título devólvese a destino. O título do Sr. alumno foi devolto e recibido nas nosas oficinas con data 01 de decembro de 2020.

Que o día 20 de novembro comunicámoslle ao Sr. alumno que o seu título fora enviado o 30 de outubro ao enderezo que nos tiña facilitado no que se lle advertía que acudira á oficina de correos correspondente. Por outra parte, o interesado puxérase en contacto telefónico coa Sección de Títulos antes e despois desta data e démoslle explicacións respecto aos envíos e fixémoslle a mesma recomendación.

Que o 30 de novembro o Sr. alumno púxose de novo en contacto con nós para indicarnos que non lle fixeran a entrega do título e que na oficina de correos non constaba ningún paquete ao seu nome. Ese mesmo día solicitamos información ao Servizo de Correos e remitímoslla ao interesado con data 1 de decembro de 2020. Na información facilitada polo Servizo de Correos pode comprobarse que o envío ten finalizado o prazo de recollida con data 27 de novembro polo que o paquete foi reetiquetado e devolto a orixe.

Con data 02 de decembro en resposta á solicitude de reenvío do Sr. alumno démoslle explicación detallada do motivo polo que lle correspondía facer efectivo un novo pagamento en concepto de reenvío do título posto que a USC non pode responsabilizarse das tarefas propias do Servizo de Correos, encargado da entrega, nin no atraso na recollida no que poidan incorrer os titulares do envío.

Por todo o exposto, non sendo un erro imputable á Universidade de Santiago de Compostela tal como se indicou debe ser o interesado o que se faga cargo do importe do reenvío do seu título.”

## ***Q 2012/04***

Escrito remitido por un estudante a esta Institución e referido á actuación dun traballador da Universidade indicando feitos que teñen acontecido no curso académico 2012/2013.

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa nin ser susceptible de calquera actuación por parte do valedor por ter transcorrido máis de dous meses dende que se produciron, segundo o establecido no art. 10 do *Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria*:

### **Artigo 10.- Procedemento**

1.-A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas formuladas por membros da comunidade universitaria ou persoas que se consideren afectadas por actuacións universitarias. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses lectivos dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

## ***Q 2012/05***

Foi presentado un escrito por unha alumna Erasmus dun Grao, motivado pola coincidencia en data e hora das probas de avaliación de dúas materias.

Solicitouse o oportuno informe ao decanato do centro no que se indica que non existe impedimento para que os coordinadores das materias habiliten datas alternativas de xeito voluntario e que a alumna non figura nas actas.

### ***Q 2012/06***

Foi presentada unha queixa motivada polo proceso de recoñecemento dun *Curso básico de competencias* que ten realizado no curso 2017/18.

No o informe solicitado a Sra. directora da Biblioteca da Facultade xustifica o seguinte:

“O alumno realizou o Curso de Competencias, desenvolvido nas datas 06/11/2017-14/12/2017 e foi considerado Apto e como tal se lle expediu o Diploma correspondente.

Nesa edición dito Curso non tiña acreditación nin era obrigatorio facelo e así se lle informou ao alumnado na presentación do mesmo en dúas sesións celebradas os días 19/09/2017 e 21/09/2017) por min, titora do dito Curso.

A Resolución Reitoral do 4 de setembro de 2018 establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión dos Cursos de Competencias en Información organizados por la BUSC, para o seu recoñecemento como ECTS nas titulacións de grao.

Na disposición transitoria segunda da citada resolución figura a posibilidade de que o alumnado que no curso 2017-2018 superase unha actividade homologable coas reguladas na resolución poderá solicitar a obtención do recoñecemento de créditos disposto nela, a través da superación das probas de reválida que estableza a BUSC.

Como proba de reválida e para que ao alumnado que superou o Curso de Competencias en Información no ano 2017-2018 puidese recoñecer o crédito, a BUSC permítelles que se matriculen nun curso da mesma titulación sempre que teña a matrícula aberta. Feita a matrícula e xa dentro do curso, este alumnado non precisa volver facer o curso, pero si demostrar que o fixo. Por esa razón, tiñan a obriga de incluír o seu Diploma.

O alumno non se matriculou no Curso de Competencias. 2020-2021 para acadar o crédito correspondente ao seu Diploma 2017/2018 polo que non puido solicitar dito crédito. Por outra banda, os programas dos cursos apróbanse por Resolución Reitoral a proposta da Biblioteca Universitaria. A programación para o curso académico 2020-2021 xa está feita e aprobada. En principio non hai unha segunda edición programada para a titulación.”

### ***Q 2012/07***

Foi presentado un escrito por unha estudante dun Grao, motivado polos problemas que se está a atopar na procura de datas alternativas para a realización de exames por mor dunha causa médica xustificada que lle impide a realización presencial nas datas inicialmente establecidas.

Puxéronse os feitos en coñecemento da Secretaría Xeral, facendo fincapé en que é unha problemática recorrente e da que este Valedor ten feito unha recomendación sen que se teñan adoptado medidas ao respecto.

## **Q 2012/08**

Foi presentado un escrito por estudantes de cuarto curso dun Grao en relación con distintos aspectos da docencia e avaliación das materias dese curso e a falla de aplicación do establecido no documento de *Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura* aprobado pola USC.

O informe do Sr. director do Departamento indicaba o seguinte:

“1.- Lamentamos a insatisfacción amosada polo grupo de estudantes que envían o escrito (do que descoñecemos número e identidade) a respecto da situación da docencia, nunhas circunstancias excepcionais como as que estamos vivindo.

2.- Tamén lamentamos que os estudantes non se teñan dirixido ao departamento como tal para ver de resolver cuestións ás que se alude no seu escrito de remisión dun xeito máis directo e coas explicacións e medidas alternativas, ou complementarias, que puideran ser do caso.

3.- Chamamos a súa atención sobre o feito de que algunhas cuestión que se mencionan no escrito non son materia a dirimir polos alumnos/as, sen prexuízo do seu dereito a expresalas, pois entran de cheo na liberdade de cátedra do profesorado. Aínda así, non teña dúbida de que son temas presentes nas nosas deliberacións para a mellora constante dos procesos educativos nas nosas actividades formativas.

4.- Naturalmente, parte da queixa dos estudantes é asumible e perfectamente comprensible (falta de profesorado nalgunha materia e demora na súa impartición)

5.- A situación á que se refiren afecta á área, na que se ven producindo, malia determinados avances nos derradeiros dous anos, un déficit sistémico de recursos humanos docentes, que temos posto de manifesto o Departamento, e as Facultades, por todos os medios e canles diante do Reitorado.

6.- Reiteramos, xa que logo, a necesidade de avanzar nos compromisos dun meirande reequilibrio interno no que atinxe ao profesorado dos departamentos e áreas na USC. So así se poden evitar incidentes desta natureza, garantindo ao noso alumnado unha atención e formación á altura da reputación coa que aínda conta a nosa centenaria institución.

7.- Así como conta a institución do Valedor da Comunidade Universitaria con toda a nosa comprensión e apoio para levar adiante o seu cometido, permitímonos solicitar tamén, como comunidade universitaria que somos, a súa comprensión e, se fose posible, axuda, a respecto desa ruta de equidade na que todos debemos implicarnos, a fin de que o profesorado, e das demais áreas do departamento, se sitúe nuns niveis de carga docente razoables.”

## **Q 2012/09**

Foron presentados escritos por seis estudantes do Campus de Lugo motivados polo aforo da Biblioteca Intercentros condicionado polas medidas adoptadas como consecuencia da pandemia da Covid-19, que pon a disposición do alumnado 161 postos, cantidade que consideran exigua.

No informe remitido pola Sra. vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo indicaba as actuacións efectuadas ao respecto:

“Quixera informar que se ten habilitado desde fai meses unha terceira sala, co cal o número de postos de usuarios/as incrementouse notablemente.

Quixera destacar tamén que desde a biblioteca intercentros estase atendendo as necesidades de información e de dotar de todos os medios posibles ás persoas usuarias para que o seu



tempo de estudo poida ser o máis proveitoso posible. Pero ao mesmo tempo, nos servizos do campus, ao igual que en toda a USC, temos a obriga e a responsabilidade de seguir escrupulosamente todas as indicacións en materia de seguridade e hixiene que as autoridades sanitarias e académicas nos indican. Ademais das medidas habituais de manter espazos de seguridade, están a adecuada limpeza das instalacións e a posibilidade de exercer un control de aforo rigoroso.”

### ***Q 2101/01***

Foi presentado por unha profesora un escrito motivado polo procedemento de asignación de espazos no edificio dunha Facultade.

Solicitouse un informe ao Sr. decano, que comunica a adopción de medidas para a asignación dos despachos a partir do criterio de antigüidade.

### ***Q 2101/02***

Queixa presentada por unha profesora pola problemática derivada dunha solicitude de modificación do horario nalgunhas clases co fin de facer efectiva a conciliación da vida persoal e laboral.

No informe solicitado á Sra. decana da Facultade, expoñíase o seguinte:

1. “O día 29 de xuño de 2020 enviáronse os horarios provisionais a todos os departamentos con docencia nos graos da Facultade para que o profesorado puidese revisalos e informasen de erros ou solapamentos antes do 2 de xullo para poder proceder á subsanalos.
2. O día 7 de xullo ás 13.31 h. enviouse como documentación adxunta, os horarios dos 5 graos da Facultade para a aprobación na Xunta de Facultade do 9 de xullo de 2020.
3. Ese mesmo día, 7 de xullo ás 15.04, (fora de prazo por tanto), a profesora pediu un cambio de horarios, que aínda estando fora de prazo se tivo en conta e implicou algúns axustes das sesións que estaban ás 9h para outra franxa horaria (todos os que non causaban prexuízo a outros profesores/as ou alumnado)
4. En correos mantidos coa profesora deuse resposta a dita solicitude e indicóuselle que fora posible mover algún grupo para outra franxa horaria pero non outros dado que afectaba a outras materias e docentes.
5. O día 17 de xullo de 2020 a profesora interpuxo unha queixa na Oficina de Igualdade da USC e o día 22 de xullo respostamos á dita queixa dando todos os datos, prazos e motivos das decisión adoptadas.
6. O día 30 de xullo de 2020 a profesora enviou novamente un correo proponendo cambios con outras materias e profesores (non informados do asunto por ela) e se lle respondeu de novo que ditos cambios non eran viables por afectar a profesorado e alumnado, pero que os grupos interactivos 1 e 2 dunha materia era posible pasalos para unha franxa horaria diferente das 9., e así se fixo de xeito que o grupo 1 pasouse a un novo horario (venres de 12,30-14 h). En relación ao grupo 2 que figura os martes ás 9h indicóuselle mediante correo electrónico que non era posible o

cambio e que dado que a materia a imparten dúas profesoras diferentes da mesma área, para resolver a cuestión, podían falar e intercambiarse os grupos (CLIL 2 por CLIL 4 con horario de 10.30-12h) quedando á espera da súa confirmación respecto á proposta que a día de hoxe non recibimos.

Cómpre lembrar que os horarios organízanse procurando a maior coherencia posible e equilibrio no marco do conxunto de materias que o alumnado de cada curso debe realizar cada semestre, de xeito que lle permita ter unha xornada de aulas ben dimensionada e na medida do posible continua.

E cómpre lembrar tamén que a asignación de POD é posterior á planificación e aprobación dos horarios polo que, á hora de seleccionar as materias e grupos a impartir, a profesora ten a posibilidade de coller outros grupos da materia (incluíndo os que están no horario de tarde) ou outras materias para garantir a conciliación entre a vida laboral e familiar. “

### **Q 2101/03**

Foi presentado un escrito por un alumno de 4º curso dun Grao expoñendo a problemática referida á asignación dunha empresa para a realización do prácticum distinta á que lle fora adxudicada inicialmente mediante a *Lista definitiva de asignación de destinos prácticum*, que non respecta a orde das tres empresas que consignara o alumno como preferentes, e ofertándolle só as prazas vacantes na actualidade, que implican desprazamentos fóra da cidade de Lugo.

No informe solicitado recóllese:

4. “.../A coordinadora do Prácticum contacta coas empresas para comunicarlles a asignación definitiva e xurde a incidencia coa praza asignada ao alumno, ofertada pola entidade S.L. a cal manifestou a súa imposibilidade de acoller ao alumnado asignado, tratando de ser resolta pola coordinación do Prácticum aínda que finalmente non foi posible.
5. Posteriormente intentase contactar co alumno para recolocalo en algunha das prazas vacantes pero non é posible nin por correo electrónico nin telefonicamente.
6. 25/01/2021: ten lugar a reunión da Comisión do título para tratar en relación ao Prácticum unha solicitude de renuncia e o caso relativo ao alumno, a cal acordou adxudicarlle unha das prazas vacantes, seguindo a orde de prelación indicada polo mesmo inicialmente na súa solicitude de Prácticum, e deixando aberta a posibilidade de elixir outro destino de entre as vacantes ofertadas na convocatoria.

Cabe indicar que as prazas que se ofertan todos os cursos para o Prácticum son concertadas pola coordinadora do mesmo coas entidades coas que previamente hai establecido convenio. De vez en cando xurde algunha incidencia moi puntual que se resolve recolocando ao alumnado afectado nas vacantes tal e como recolle a normativa e a convocatoria do Prácticum, aínda que isto é pouco frecuente.

Tamén que o alumno solicitou en primeira opción un destino en Valladolid ao que finalmente non se poderá incorporar e agora ten interese nun destino en Lugo pero non queda ningún dispoñible na lista de vacantes. Aínda así, tería dispoñibles algunhas prazas relativamente próximas a menos dunha hora de Lugo (Abegondo, As Pontes, Arzúa...) “

Á vista do indicado no anterior informe é preciso referir o seguinte:

- O Centro ten seguido os procedementos establecidos nas *Normas para o desenvolvemento do prácticum Grao* e máis no *Regulamento de prácticas académicas externas da USC*
- Hai que salientar a presteza e boa disposición por parte do centro na procura de distintas alternativas que se ofertan ao alumno en contraposición coa falla de actitude colaboradora pola súa banda, posto de manifesto a través do expresado nos apartados 6 e 10 do informe.

Por todo o exposto, comunícolle que non se aprecia dende esta Institución que se estea a conculcar algún dos seus dereitos ou se desprenda unha actuación non correcta da administración universitaria, polo que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

#### ***Q 2101/04***

Queixa presentada por un PDI, motivada pola demora no proceso de pagamento dos emolumentos correspondentes a horas extraordinarias.

No informe solicitado ao Sr. director do Departamento xustificábase o seguinte:

“1. Durante o curso 2020-21 a área no Campus Lugo, no que imparte docencia o profesor que cursa a queixa, ten un déficit próximo ás 30 horas como consecuencia da insuficiente dotación de recursos na Planificación 2020-21. Un déficit que, segundo se contempla no Regulamento de Planificación Académica debe atenderse cos recursos de profesorado de que dispón a área.

2. Esta situación viuse agravada por varias circunstancias sobrevidas no cadro de profesorado da área no Campus Lugo, como un permiso por paternidade e unha baixa por IT, non podendo substituírse algunha destas incidencias por circunstancias propias da normativa de Persoal Docente e Investigador da USC. Unha circunstancia que xerou malestar no profesorado da área no Campus Lugo.

3. O profesorado da área, da que é coordinador o citado profesor, negouse a facer unha proposta solicitada pola Dirección do Departamento para asignar a docencia que estaba pendente de atender, o que obrigou á Dirección do Departamento, en cumprimento da instrución da Vicerreitoría de Profesorado, a facer varias modificacións do Plan Docente Anual para cubrir a docencia pendente de atender; a última destas modificacións foi aprobada pola Vicerreitoría de Organización Académica. O feito de que a docencia da área non quedase atendida ata ese momento é o que xustifica que non se tramitase o abono de horas extraordinarias do profesor ou de calquera outro da área.

4. Como se indicou ao profesor que presenta a queixa en reunións de órganos colexiados do Departamento, unha vez asignada a docencia pendente de atender ao profesorado da área, a Dirección do Departamento procede a tramitar a solicitude das horas

extraordinarias que correspondan ao profesor e a outros profesores da área. En todo caso, trátase de docencia que corresponde ao POD do presente curso 2020-21 e se o trámite non se realizou con anterioridade foi porque a docencia da área aínda estaba parcialmente pendente de asignación.”

## ***Q 2101/05***

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao expoñendo a problemática referida á non avaliación dunha práctica desenvolvida nunha materia por considerar que estaba presentada fóra de prazo. No escrito expón o seguinte:

“A principios de diciembre la profesora, aumentó el plazo para entregar una práctica hasta el 4 de diciembre, no especificó hora. Cuando algunos de mis compañeros y yo fuimos a entregar la práctica a las 23h ya no dejaba subirla a la página, por lo que se la mandamos por correo, sin respuesta. Este fin de semana me puse en contacto con la profesora y me dijo que no nos iba a corregir las prácticas porque estábamos fuera de plazo. Le expliqué que en ni en sus correos ni en la plataforma constaba hora, por lo que se entendía que se podía entregar a lo largo del día 4, es decir hasta las 23:59h.”

O informe solicitado á profesora da materia xustificaba o seguinte:

“.../Que la evaluación de dicha práctica no procede por diversas razones:

- (1) La tarea de prácticas debía realizarse telemáticamente a lo largo de 7 días completos como todas las demás prácticas de la materia, pero debido a una baja laboral de la que suscribe, a instancias de la directora de Departamento que también es profesora de la materia, se decidió ampliar 7 días más dicho plazo para que los estudiantes, durante la semana de baja laboral que no iban a tener clase, pudieran dedicar más tiempo a dicha tarea si así lo deseaban; por tanto, los siete días ampliados eran un “plazo extra” con el que los estudiantes ni siquiera contaban (más del 50% de los alumnos entregaron la tarea en los 7 días establecidos en primera instancia, como todas las demás prácticas de la materia).
- (2) La hora de finalización de esa práctica constaba en la tarea; el estudiante pudo comprobar la hora en el material que se subió al aula virtual para la realización de la tarea -estaba a la vista solo con entrar en el aula-; además si entraba en la tarea para ver cómo realizar el envío también podía comprobar la hora de finalización del mismo (aporto captura de pantalla de los dos aspectos comentados).
- (3) Los alumnos sabían, porque se había indicado en varias ocasiones en clase, que no se corregirían trabajos entregados fuera de plazo ni enviados por correo electrónico (se había explicado que los trabajos de prácticas que se enviarían siempre a través del aula virtual de la materia y nunca por e-mail)
- (4) De los 183 alumnos matriculados en la materia, solo 8 incumplieron esta norma enviando el trabajo fuera de plazo y por correo electrónico, todos los demás enviaron la tarea en tiempo y por la vía indicada -aula virtual-, lo que pone de manifiesto que no había confusión en cuanto a la hora de finalización y la forma correcta de envío; asimismo, ninguno de estos 8 estudiantes, con la excepción de la alumna que presenta la queja, pidió explicaciones sobre la corrección de esta tarea porque sabían que estaban incumpliendo el plazo y la forma de entrega.

Por todo ello, la que suscribe no ha evaluado los trabajos enviados fuera de plazo con la firme convicción de que hacerlo de otro modo sería ir en contra del principio de equidad e igualdad de los estudiantes; el 95% de los alumnos cumplieron lo estipulado en cuanto a la realización y envío de las prácticas y de ningún modo aquellos que no han respetado ni el plazo ni la forma de envío pueden ser evaluados en las mismas condiciones que sus compañeros.

### ***Q 2101/06***

Foi presentado un escrito por unha alumna titulada nun Grao expoñendo a problemática derivada da súa participación no *II Concurso de Traballos de Fin de Grao*, no que obtivo o 1º premio sen que se teña levado a efecto, pois unha parte do primeiro premio que lle foi outorgado é un contrato laboral de 6 meses nunha empresa.

Foi solicitado un informe ao Sr. decano da Facultade que detallaba as características e obxecto do concurso e as circunstancias acontecidas coa empresa.

Con posterioridade a alumna comunica que “tras demandarlle á empresa que me afirmase de forma escrita a súa decisión de non realizar o contrato laboral, accederon a levar a cabo o mesmo por 6 meses tal e como recollen as bases”.

### ***Q 2101/07***

Foi presentado un escrito por unha ex-alumna da USC co fin de denunciar o que considera falta de ética profesional, e incumprimento da Lei de Protección de Datos por parte dunha profesora asociada a un departamento.

Solicitada información ao Sr. delegado de Protección de Datos da USC, infórmolle que o apropiado é que presente unha denuncia detallando os mesmos ao Sr. reitor da Universidade de Santiago de Compostela, coa finalidade de que no caso de considerarse, se inicie a correspondente investigación.

Con posterioridade dende a Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela informan que lle teñen remitido unha comunicación do Sr. reitor da USC dando conta de todas as actuacións posibles efectuadas na investigación para o esclarecemento dos feitos denunciados pola presentadora da queixa.

Así pois, á vista do indicado anteriormente, comunícaselle que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

### **Q 2102/01**

Escrito presentado por un membro do Persoal Docente referido á aplicación do criterio de categoría e antigüidade na conformación dos tribunais avaliadores do TFG, así como ao procedemento de asignación de traballos aos distintos tribunais dunha Facultade.

Indícaselle que o Centro segue o establecido no *Regulamento do traballo fin de grao do Grao* e no *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na USC*.

Por iso, comunícaselle que non se aprecia que se estea a conculcar algún dos seus dereitos e polo tanto o seu escrito non é susceptible de ser admitido a trámite como unha queixa.

Outra cousa distinta é a súa apreciación/valoración sobre a bondade destes regulamentos. Así pois, se está en desconformidade co indicado nos mesmos tería que telos recorrido no seu momento (Xunta de Facultade e Consello de Goberno) ou de ser o caso na actualidade, promover nos órganos competentes a súa modificación.

### **Q 2102/02**

Queixa presentada por un estudante e motivada pola denegación da exención parcial de prezos públicos de matrícula por ter obtido matrícula de honra.

Infórmase que dende esta Institución formalizamos unha consulta ao respecto á *Universidade de Vigo* e á *Universidade da Coruña*, resultando da mesma que en ámbalas dúas están a facer a mesma interpretación e aplicación que a USC respecto ao establecido para a exención de prezos públicos no *DECRETO 102/2020, do 9 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2020/21*.

Así pois, indícaselle que xa que o Decreto 102/2020 é aprobado pola Xunta de Galicia (Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional) e no fondo trátase dunha problemática de interpretación do exposto no Decreto, se consideraba que o máis axeitado sería que presentase unha queixa ante a Valedora do Pobo de Galicia

### **Q 2102/03**

Un estudante do Programa Universitario de maiores IV Ciclo, presentou un escrito motivado pola rectificación da cualificación outorgada inicialmente nunha materia correspondente á convocatoria do 2º Cuadrimestre do curso académico 2019-2020, que supuxo o cambio da cualificación de «Aprobado (5)» pola de «Non presentado».

Dende a Secretaría Xeral da USC informan que lle remitiron a resolución desestimatoria do recurso de reposición que tiña interposto. Dela despréndese:

- O feito de que nos criterios de avaliación da materia estableceuse, dende o inicio do curso académico, que sería un requisito para poder superala realizar e presentar un traballo, obriga de presentación que foi un requisito inalterado en todo momento.
- E que a modificación efectuada por mor da pandemia da Covid-19 foi a ponderación do traballo dentro da avaliación total da materia, que pasou dunha valoración inicial dun 60% a un modelo de valoración no que o 50% da nota viña do traballo de investigación e o outro 50% da asistencia á clase e a corrección ortográfica e oral.

Así pois, en realidade, o acontecido é que o presentador da queixa non cumpriu os requisitos establecidos dende o inicio do curso para poder superar a materia, ao non ter presentado o traballo, polo que entendemos que se lle aplicou correctamente a normativa que ten establecida a USC.

#### ***Q 2102/04***

Escrito presentado por un membro do P.D.I. referido á convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG. por parte da Xunta de Galicia.

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa por entender que a problemática exposta no mesmo excede do ámbito de competencias que ten atribuídas o Valedor, cuxa actuación se restrinxe á Universidade de Santiago de Compostela, segundo o establecido no Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria:

##### **Artigo 2.- Funcións e garantías.**

1.- O valedor ou valedora da comunidade universitaria exercerá as funcións que este Estatuto lle encomende e as que contemplan as disposicións de desenvolvemento..../

.../

4.-En particular, o valedor supervisará a actuación administrativa da Universidade, coidando de oficio ou a instancia de parte que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos membros da comunidade universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade.

E infórmolle que o axeitado sería que dirixira a súa queixa á *Valedora do Pobo de Galicia* (<https://www.valedordopobo.gal/>), quen “*supervisa de oficio ou a instancia de parte (a través dunha queixa) a actividade da administración da Comunidade Autónoma galega e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como da administración local naquelas materias que son competencia da nosa autonomía.*”

## ***Q 2102/05 - Recomendación***

Unha representante dos estudantes dun Grao presenta un escrito motivado pola non publicación a data 19/02/2021 da programación docente da materia de terceiro curso. No escrito expón o seguinte:

“.../A guía docente desta asignatura non está aprobada pola Xunta da Facultade, debido a que o profesor coordinador da materia negouse a incorporar os cambios solicitados pola USC, relativos aos tres escenarios posibles. É por iso que non figura o sistema de avaliación, o programa de contidos, a bibliografía recomendada nin o resto de información pertinente no programa da materia.”

Admitida a queixa a trámite, solicitouse un informe ao Sr. decano da Facultade, no que indica o seguinte:

“1.- No artigo 30 do capítulo VIII do *Regulamento de Planificación Académica da Universidade de Santiago de Compostela* vén recollido que os Departamentos deberán elaborar e aprobar unha programación ou guía docente, de acordo co modelo aprobado para a Universidade, para cada unha das materias que teñan asignadas (...). Os órganos responsables das titulacións de grao e mestrado deberán supervisar a programación aprobada polos Departamentos para cada materia, verificar que se adapta ao plan de estudos vixente e que cumpre todos os requirimentos en canto á súa estrutura (...).

2.- No documento da USC sobre *Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021* vén recollido que unha vez distribuída a docencia, a coordinación da materia procederá a elaborar a súa programación. Para a necesaria información do estudantado e o adecuado desenvolvemento das materias, a programación docente das materias debe recoller a previsión das actividades que se vaian realizar en cada un dos escenarios. A programación de cada materia debe recoller, neste apartado, o sistema de avaliación aplicable a cada un dos escenarios para as dúas oportunidades. Especialmente nos escenarios 2 e 3, a programación debe incluír as actividades presenciais e “en remoto” e ponderalas de xeito proporcionado segundo a intensidade de cada unha delas.

3.- En consecuencia, a coordinadora do Título do Grao comunicou aos/ás coordinadores/as de curso que nas programacións das distintas materias deberían figurar todos os escenarios posibles (escenario 1, 2 e 3) e para isto achegou a proposta aprobada pola Comisión do Título da Facultade.

4.- Posteriormente, a Xunta de Facultade, reunida o 31 de xullo de 2020, aprobou as guías docentes para o curso 2020/21 (punto 5 da orde do día), a excepción da correspondente á materia obxecto da queixa posto que non contemplaba os 3 escenarios posibles. Este feito foi comunicado ao coordinador da materia para que procedese a subsanar esta eiva.

5.- En resposta a esta comunicación o coordinador da materia elude a elaboración da guía tendo en conta os distintos escenarios, entre outras cousas, xustificando a falla de recursos.



A día de hoxe este decanato non recibiu comunicación ningunha por parte do coordinador da materia nin por parte dos departamentos implicados de que se tivese modificado a devandita guía.”

Ademais do indicado no anterior informe, cómpre salientar que a *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* recolle o seguinte:

*Artigo 1. Programación docente.*

3. Os departamentos teñen a obriga de garantir para cada materia unha programación docente ou guía docente, que deberá especificar:

a) Profesorado encargado da docencia con indicación, de ser varios, do coordinador dela. b) Descritores da materia no plan de estudos. c) Número de créditos expositivos, interactivos, de laboratorio, etc. d) Obxectivos da materia. e) Programa da parte teórica e práctica. f) Desenvolvemento do temario (con indicación, de ser posible, do tempo previsto para cada tema) especificando a docencia non presencial. g) Criterios e sistemas de avaliación (tipo e número de probas, traballos que se presentarán coas posibles datas de entrega, de ser o caso, controis periódicos, etc.). h) Bibliografía recomendada actualizada.  
.../

7. En todo caso, os horarios, as datas de exames e a programación das materias serán publicados antes do 30 de maio ou do prazo establecido para o inicio do período de matrícula do curso académico.

*Artigo 2. Funcións da avaliación.*

2. Os estudantes debe ser informado con exactitude e coa suficiente antelación sobre os criterios e métodos de avaliación, así como o tipo e número de exames ou actividades formativas avaliábeis.

*Artigo 3. Criterios de avaliación.*

1. Os criterios de avaliación deberán ser públicos, coherentes cos obxectivos e metodoloxía da materia, e formativos.

2. Os estudantes serán avaliados unicamente de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia ou guía docente.../

*Artigo 4. Publicidade.*

1. Os criterios e métodos de avaliación deberán ser publicados e coñecidos polos alumnos con anterioridade ao inicio do período de matrícula.

<https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcua11.pdf>

Do indicado no informe do Sr. decano e máis na *Normativa de Avaliación* despréndese que non se está a cumprir o disposto pola USC respecto da materia e en consecuencia, estase conculcando o dereito do alumnado a coñecer a información pertinente sobre a mesma.

Por iso, como é perentorio facer efectivo o citado dereito do alumnado, recomendo que requira ao profesorado da materia para que, dada a demora acumulada na publicación da guía, con urxencia proceda á elaboración e presentación da mesma atendendo ao sinalado na normativa que ten aprobada a Universidade de Santiago de Compostela, advertíndolle que de non atender ao requirimento poñerese dita circunstancia en coñecemento da autoridade académica competente.

Con posterioridade, dende o centro comunican que por parte da Xunta de Facultade adoptouse o acordo de elaborar e publicar a guía docente da materia.

### ***Q 2103/01***

Queixa presentada por unha integrante do P.A.S. referida ao procedemento para a adxudicación das comisións de servizo.

Comunícanse os informes solicitados, nos que se recollía o seguinte:

- *Informe da Sra. responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade*

“Presentada unha solicitude de informe con motivo de participar nunha convocatoria de comisión de servizos, procedeuse a realizar unha consulta a xerencia motivada polo seguinte:

No mes de novembro quedou vacante o posto da secretaría do Departamento debido a que á titular foille concedida unha comisión de servizos, este feito provocou que a praza non se cubrira, tendo que pasar un posto base da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade a ocupar o posto da secretaría do mencionado Departamento.

A resposta de xerencia á consulta realizada foi que o posto non se cubriría.

Ante esta resposta e analizada a situación da UAXCD procedeuse a emitir un informe desfavorable, motivado por non dispoñer de persoal na unidade que puidera asumir as tarefas do posto de responsable de asuntos económicos e porque prescindir dese posto suporía un quebranto para o funcionamento do Centro.”

- *Informe da Sra. presidenta da Xunta de Persoal de P.A.S. Funcionario:*

“No Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020 aprobouse o Regulamento de mobilidade do Persoal de Administracións e Servizos. No mesmo establécense os criterios a seguir para a concesión das comisións de Servizo.

Dende a Xunta de Persoal levamos tempo reivindicando que se están a aplicar criterios non recollidos neste regulamento para a concesión de determinadas comisións de servizos. Tamén amosamos a nosa discrepancia coa esixencia de informes favorables dos responsables das unidades ás que se atope adscrito o posto de traballo do solicitante, e que se están vendo condicionados pola non cobertura do posto, dando como resultado que estes sexan negativos. Isto trae consigo que se estea a producir un agravio comparativo co persoal interino ao que non se lle esixe ningún tipo de requisitos, nin de informes para poder acceder a prazas de nivel superior.

A Xerencia deixounos entrever que non hai disposición para modificar estes criterios co argumento de que as comisións son excepcionais pero dende a Xunta de Persoal queremos facer constar que o último concurso de traslados de persoal funcionario foi do 2014 e na actualidade seguimos sen ningunha convocatoria.”

- *Informe do Sr. xerente da USC:*

“.../, solicita aclaracións, polo que compre indicarlle o seguinte:

1. A Sra. presentou en vía administrativa dous recursos potestativos de reposición, un contra a aprobación e publicación das listaxes de admitidos e excluídos e outro contra a motivación da adxudicación dos postos ofertados. Recursos que foron contestados e comunicados a recorrente, e que lle anexamos para o expediente.
2. Igualmente lle anexamos o informe emitido polo Servizo de Planificación e Programación de PAS, encargado da convocatoria e tramitación das Comisións de Servizo.
3. En canto ao informe que nos solicita relativo a afirmación que fai a Xunta de Persoal, cando di: “se están a aplicar criterios non recollidos neste regulamento para a concesión de determinadas comisións de servizos”. Manifestarlle que esta Xerencia descoñece a que se refire a Xunta de Persoal, pois é unha aseveración que non é correcta.

O procedemento establecido pola resolución da Xerencia do 15 de xullo de 2019, integrado no recentemente aprobado Regulamento de Mobilidade de Persoal de Administración e Servizos (Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020), estase aplicando na súa integridade, sen que consten na Xerencia que se utilicen criterios indebidos.

4. En canto a segunda cuestión que formula “que se estea a producir un agravio comparativo co persoal interino ao que non se lle esixe ningún tipo de requisitos, nin de informes para acceder a prazas de nivel superior”. Volve ser unha interpretación que fai a Xunta de Persoal, pois non lle resulta de aplicación a mesma normativa, ou non na súa totalidade, de feito o persoal interino non pode participar en procedementos de provisión de postos.

5. Aos funcionarios de carreira, aplícaselles o regulamento de mobilidade, onde se establecen uns requisitos para a ocupación dos postos en comisión de servizos, acompañando ligazón , [https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan\\_pas/descargas/Regulamento-de-Mobilidade-de-PAS.pdf\\_asinado.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan_pas/descargas/Regulamento-de-Mobilidade-de-PAS.pdf_asinado.pdf) .pdf, e ao persoal interino só os criterios de xestión das listaxes de espera [https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan\\_pas/descargas/2019\\_04\\_17\\_texto\\_refundido\\_criterios\\_xestion.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan_pas/descargas/2019_04_17_texto_refundido_criterios_xestion.pdf)

6. Se un posto singularizado non se prevé polo sistema de provisión de postos previsto no Regulamento de mobilidade, e resulta de imprescindible cobertura, procédese ao chamamento por orde de listaxe de persoal funcionario interino, de acordo cos criterios acordados coa representación sindical.”

Con posterioridade recibíuse na Universidade de Santiago de Compostela a notificación do decreto de admisión da demanda presentada pola interesada no xulgado do contencioso nº 2 de Santiago de Compostela, polo que se lle informa que o art. 10 do *Estatuto do Valedor da Comunidade Universitaria* establece o seguinte:

**Artigo 10.- Procedemento**

.../

4.- O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

En consecuencia, en cumprimento da citada normativa, procedemos á inhibición na tramitación da presente queixa, suspendendo as actuacións que se tiñan iniciado e procedendo ao remate e arquivo da mesma.

**Q 2103/02**

Presentada por un doutorando e motivada pola non ampliación da data límite para o depósito da tese polo período transcorrido nunha baixa médica.

Recibiuse o informe solicitado no que Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional da USC xustifica o seguinte:

“Que con data 28/04/2021 o Servizo de Xestión Académica (SXA) ditou Resolución sobre a solicitude de baixa temporal nos estudos de doutoramento do 17 de febreiro ata o 31 de marzo de 2021 por causas médicas. Nesta Resolución o SXA estima a solicitude de baixa temporal por enfermidade para ese período.

Que na mesma Resolución, o SXA indica que a duración da chamada prórroga extraordinaria derivada da situación sanitaria pola pandemia do COVID-19 mantén a súa duración, isto é, ata a finalización do estado de alarma, que tivo lugar o pasado 9 de maio de 2021.

- A decisión do SXA susténtase no feito de que a denominada prórroga extraordinaria por motivos sanitarios derivadas da COVID-19 (chamada comunmente prórroga COVID) concedeuse a todos os doutorandos/as que demostraron que a pandemia lles dificultaba de xeito importante ou directamente lles impedía desenvolver os seus estudos de doutoramento/traballos de tese debido a casuísticas diversas como, por exemplo, as restricións de mobilidade impostas, de acceso a institucións, centros, edificios, etc., onde debían desempeñar tarefas investigadoras, debido a secuelas físicas e/ou psíquicas derivadas da pandemia (debidamente acreditadas), etc. e aplicable ao período comprendido entre o 25 de outubro de 2020 a 9 de maio de 2021, tempo que se suma á data límite do depósito de tese previamente establecida. Tecnicamente, esta prórroga COVID é, en realidade, unha interrupción no cómputo do tempo do doutoramento polas razóns indicadas anteriormente, pero que se tramita como unha prórroga xa que é o mecanismo habilitado ata o momento a nivel informático na Secretaría Virtual dos alumnos para realizar este tipo de trámites académicos/administrativos.
- No caso presentado, o doutorando nese período comprendido entre o 25 de outubro e o 9 de maio sofre, como indica, unha operación cirúrxica que esixe un tempo de baixa médica de varias semanas. O SXA estimou esa baixa como se comentou anteriormente. Porén, non

procede estender o período de realización do doutoramento polo tempo equivalente desa baixa médica (como sucedería nun caso normal) xa que o doutorando xa está neses momentos a desfrutar da interrupción/suspensión do tempo de realización do doutoramento pola concesión da prórroga COVID para esas mesmas datas onde solicita e permanece de baixa médica. Isto é, a extensión da data de finalización do doutoramento concédese baixo unha ou varias das circunstancias acreditadas recollidas na normativa vixente polo período onde se produzan e estean en vigor as causas motivadoras; pero un conxunto de circunstancias que motiven unha baixa/prórroga para un determinado período temporal non implica a acumulación sucesiva da ampliación do tempo de realización do doutoramento por cada causa indicada/motivada.

Que a Escola de Doutoramento non é o órgano coa competencia de resolución das altas, baixas e prórrogas académicas nos programas de doutoramento, que corresponde ao SXA.”

### ***Q 2104/01***

Foi presentado un escrito por unha integrante do Persoal de Administración e Servizos, motivado por actuacións que considera discriminatorias na aplicación do teletraballo en distintos servizos e da figura da conciliación en postos análogos dentro dun mesmo servizo. No escrito expón o seguinte:

“Solicítolle que utilice a súa capacidade mediadora se é posible para que se eliminen certos comportamentos discriminatorios no ámbito do persoal de administración e servizos. Por unha parte non se está avanzando no teletraballo e porén, hai persoal de 2 servizos que si están autorizados para teletraballar o 100% do tempo. E por outra parte, no servizo de xestión académica, estase autorizando a conciliación en diferentes condicións dependendo de se tes ó teu cargo fillos ou ascendentes, porque postos con solicitudes de horario de conciliación teñen diferente trato con respecto ó horario de referencia que se lle autoriza, realizando as mesmas funcións.”

En relación coa queixa recibíronse nesta Institución os informes solicitados nos que se indica o seguinte:

- *Informe da Sra. presidenta da Xunta de Persoal do P.A.S.:*

“En relación a esta queixa e despois das conversas mantidas cos representantes da Xunta de Persoal comentarlle que non temos constancia de que nestes momentos haxa servizos que estean teletraballando ao 100% , si sabemos que hai posto en marcha un programa piloto para a realización de teletraballo que afecta a Área TIC e a Asesoría Xurídica. O persoal dos Servizos informáticos si que están teletraballando (ademais está o seu lugar físico de traballo en obras) pero o da Asesoría Xurídica non. Tamén comentarlle que proximamente reunirase a Mesa Xeral de Negociación de PAS para negociar o borrador da proposta de teletraballo que nos enviou a xerencia.

E ao respecto do tema da conciliación na Xunta de Persoal non temos recibido ningunha queixa sobre a aplicación desta, nin sabemos de ninguén a quen se lle denegara.”

- Informe da Xerencia da USC:

“En relación ó expediente de referencia comunicámoslle que coa información aportada non é posible facer un informe sobre a situación descrita.

Nestes momentos a normativa aplicable sobre a xornada de traballo e flexibilidade horaria sería:

- INSTRUCCIÓN 1/2020 CONXUNTA DA XERENCIA E DA VICERREITORÍA DE PROFESORADO DO 29 DE SETEMBRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS PARA FAVORECER A ONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR E AS CONDICIÓNNS DE ENTREGA E USO DAS MÁSCARAS HIXIÉNICAS PROPORCIONADAS POLA USC
- Xornada de traballo e flexibilidade horaria

<https://www.usc.gal/gl/goberno/xerencia/xornada.html>

- ACORDO DO 28 DE MAIO DE 2021, DO CONSELLO DE GOBERNO, POLO QUE SE APROBA O ACORDO SOBRE A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MODALIDADE DE TELETRABALLO NO ÁMBITO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”

Á vista do indicado nos anteriores informes, comunícaselle que se procede ao remate da tramitación da queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2104/02***

Foi presentado un escrito motivado pola demora nun proceso de contratación de persoal de investigación e pola falla de resposta ás solicitudes de información que ten formulado ao respecto.

O informe solicitado ao Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación, xustificaba o seguinte:

#### **“FEITOS**

1. Con data 28/12/2020 prodúcese o cese do contratado por fin de obra coa confirmación de que se cumpriron tódolos obxectivos previstos. “
2. Con data do 11/02/2021 ten lugar a publicación da convocatoria pública de contratación 1/2021 en virtude da cal se oferta unha praza de investigador asociado para a actividade de I+D con referencia.
3. O interesado presenta unha solicitude para participar nesta selección na que foi proposto como candidato.
4. Previamente á publicación dos candidatos admitidos e unha vez revisada a documentación vinculada á convocatoria pola Sección de Convocatorias e Programas de I+D, de oficio foi

detectado que un dos membros da comisión especializada de selección non cumpría o requisito esixido no art. 7 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+I (as comisións "estarán formadas por un mínimo de tres persoas investigadoras pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida na convocatoria)".

5. Postos en contacto co presidente da comisión especializada de selección, con data 13/04/2021 confirma a substitución do membro da comisión especializada por outro que si cumpre os requisitos establecidos ut supra.

6. Esta situación foi aclarada telefonicamente ao interesado polo xefe da Subárea de Convocatorias e RRHH e pola xefa de Sección de Convocatorias e Programas de Recursos Humanos Con data do 15/04/2021 trasladouse formalmente esta información sobre o estado do procedemento ao interesado.

7. Con data 16/04/2021 recíbese nesta Subárea a nova acta da comisión especializada de selección onde se propón ao presentador da queixa como candidato para a contratación da praza como investigador asociado na actividade.

8. Con posterioridade se procedeu a publicar no taboleiro electrónico da USC a resolución de adjudicación da praza, na que é o candidato seleccionado. Por maior abastanza, ese mesmo día, a xefa da Área de Xestión da Investigación da Universidade contactou vía telefónica tanto co interesado como co investigador principal, explicándolle todas as incidencias ocorridas e xa solventadas no actual procedemento, e pedíndolles desculpas pola demora na súa tramitación.

9. Tendo en conta a duración da contratación (3 meses), a data límite de execución da actividade 30/04/2021 e a inminente sinatura dun novo Convenio coa Xunta de Galicia que dea cobertura á referida actividade de investigación, foi preciso paralizar a contratación ata que finalicen os trámites da aprobación do convenio que financia a actividade. Este feito foi comunicado ao interesado e ao investigador principal da actividade o mesmo día 22 de abril de 2021."

### ***Q 2104/03***

Escrito presentado por alumnos dun máster en relación á recuperación de docencia presencial nunhas prácticas de campo anuladas pola pandemia da Covid-19 no curso pasado.

Infórmaselles que non se admite a trámite como unha queixa por entender que non se ten conculcado ningún dos seus dereitos:

1. A docencia práctica no curso 2019/2020 no foi impartida conforme ás posibilidades derivadas da pandemia da Covid-19 e segundo o establecido na normativa ditada polas autoridades sanitarias e académicas.
2. Indícaselles tamén que incluso neste curso 2020/2021, tal e como figura nas guías docentes das materias referidas contéplase unha oportunidade similar á do curso pasado, non estando garantido que as prácticas vaian ser de campo.
3. E que respecto á presentación de calquera tipo de solicitude ou queixa perante a USC, pode efectualas a través da Sede electrónica: <https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm>

## ***Q 2104/04***

Escrito presentado por un estudante e referido a unha “*petición de revisión da actuación de parte dos membros dunha comisión de reclamacións dunha cualificación*”, e infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos.

Nese sentido, é preciso indicar que no procedemento de revisión da cualificación tense seguido a normativa da que se ten dotado a Universidade de Santiago de Compostela: *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011, así como a diferente normativa de carácter xeral referida á conformación e funcionamento dos órganos colexiados no sector público.

Á vista da documentación aportada constátase que dende a Secretaría Xeral da USC procedeuse a unha análise sobre a posibilidade de irregularidades no procedemento de revisión da cualificación concluíndo que non se apreciaban disfuncións no procedemento que implicaran unha revisión do mesmo.

Por outra banda, respecto á desconformidade coa normativa que ten aprobada a USC e a posibilidade de modificación da mesma, indícaselle que calquera membro da comunidade universitaria pode instar a súa modificación a través do procedemento establecido.

No entanto, ao ter coñecemento de actuacións realizadas dende esa Secretaría Xeral ao respecto, deuse traslado do escrito á Secretaría Xeral por se puidera ser de interese para a análise dunha posible modificación da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

## ***Q 2105/01***

Foi presentado un escrito por unha alumna dun Programa de Doutoramento motivado polo proceso de elaboración e desenvolvemento da súa tese así como unha posible incidencia na relación titora-doutoranda e a demora no desenvolvemento do traballo.

Solicítanse os seguintes informes:

- *Informe do Sr. director da Escola de Doutoramento Internacional da USC:*

.../

- Concédesele con data 18/07/2018, unha primeira prórroga para ampliar a data de terminación da súa tese (data fin de presentación ata o 20/08/2020).
- Concédesele con data 12/12/2019 unha segunda prórroga e ampliase o prazo de presentación da súa tese ata o 20/08/2021.



A normativa de aplicación aos estudos de doutoramento establece que é competencia da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) o cambio de director/a de tese, que deberá ser excepcional e motivado, o informe anual dos doutorandos, a aprobación, se así o considera, das posibles prórrogas e a resolución de queixas e controversias en primeira instancia sobre temas relativos ás súas competencias: Regulamento de estudos de doutoramento do 8 de setembro de 2020 (DOG do 16 de setembro), artigos 26.9, 31, 21 e 33 respectivamente.

Por outro lado, a duración dos estudos de doutoramento, tal e como se establece no *Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento* (BOE 10 febreiro) e desenvolve o *Regulamento de estudos de doutoramento da USC*, **indica que non se pode exceder a data de concesión da segunda e última prórroga posible.**

Por todo isto a EDIUS entende que debe remitirse, para o seu informe, a presente reclamación ante a CAPD do Programa de Doutoramento tal e como se establece no Manual do sistema de Garantía de Calidade da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), Proceso PS-05 Xestión das incidencias (SQR)”

- *Informe do Sr. coordinador do Programa de Doutoramento:*

.../Como pode comprobarse, en razón de todo o devandito, a doutoranda estivo academicamente atendida en todo momento polos seus sucesivos Directores de tese e pola CAPD do programa e o seu Coordinador, quen puxeron todo o posible da súa parte para que saíra adiante o seu proxecto, sen producirse en ningún momento “abandono” ou “desafiuamento” da interesada.”

Á vista do indicado nos anteriores informes, comunícolle que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

## ***Q 2105/02***

Queixa presentada motivada polo réxime de permanencia nunha Residencia Universitaria e o trato dispensado polo Sr. director da citada residencia.

O informe do Sr. vicerreitor de Estudantes e Proxección Internacional xustificaba o seguinte:

“Os motivos polos que a duración da estancia nas residencias remata o 31 de maio e, non abrangue todo o período de realización de exames da primeira oportunidade do segundo semestre:

A Convocatoria ordinaria de prazas de aloxamento do SUR, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, sinala como data de apertura das residencias e, posible ocupación por parte dos residentes, o 19 de setembro de 2020. A apertura está condicionada polo inicio do curso e o calendario académico. Habitualmente ábrese o 5 de setembro e cóbrase o mes enteiro, polo que o alumnado pode utilizar o cuarto ata o 4 de xuño, pero o curso actual empezou máis tarde a causa da pandemia. Por esa razón, o curso 2020/2021, consta de 8 meses máis dez días de setembro (período de docencia). Aos residentes só se lle cobraron os días de setembro que estiveron aloxados, non o mes enteiro.

Para o estudiantado que desexa continuar na residencia unha vez rematadas as clases, o SUR publicou a Convocatoria de verán aprobada por Consello de Goberno o 30 de abril, a través da cal poden solicitar continuar ata a data de finalización de exames. Evidentemente, os residentes que soliciten praza terán que abonar a súa estancia. O prezo que se lle aplica é o mesmo que durante o curso académico.

O residente, neste curso 2020/2021 ten adxudicada a cota D (160 €/mes), que é o importe que se lle pasou ao cobro cada mes, dende novembro ata abril. No mes de outubro pasóuselle un recibo por 213,33 €, que se corresponde coa mensuralidade de outubro máis o importe correspondente aos últimos 10 días do mes de setembro (calculados de forma proporcional, tendo como base a cota adxudicada), xa que comezou a súa estancia no SUR o 21 setembro. É dicir, 160 € do mes de outubro e 53,33 do mes de setembro, que fan o total de 213,33 €.

Como solicitou a Bolsa comedor, no mes de maio se lle pasou o importe correspondente despois de facer os cálculos necesarios: 762,67 €, tal e como figura na 2ª resolución provisional. Actualmente ten solicitada a ampliación da súa estancia ata o día 9 de xuño.

Posibles accións efectuadas en relación coa presunta actuación do director da Residencia Universitaria:

O mesmo día no que tiveron coñecemento dos feitos aos que se fai referencia no escrito, mantiveron unha conversa telefónica co director, que recoñeceu que o seu comportamento co residente foi “seco”, pero non coincide coa literalidade das frases recollidas na queixa presentada. Segundo o indicado polo director, as súas respostas, que foron pouco axeitadas e foron percibidas como desinterese por parte do residente, producíronse ao final da reunión, e foron dadas como única forma de dar fin á conversa, vista a insistencia do residente de que o director fixera unha xestión que non lle corresponde (xa que sería o residente o que tería que facer a solicitude ao SUR), tendo en conta que de acordo co indicado no apartado anterior do presente escrito, estaría a reclamar unha estancia gratuíta no mes de xuño, xustificada por un suposto pago no mes de setembro, que non se produciu.

Polo tanto, unha vez lido o informe e escoitado o director, non se aprecia a existencia dunha falta de respecto grave, pero si dun trato mellorable. De calquera xeito, o director ofreceuse a escusarse perante o residente, aínda que dende esta vicerreitoría non se lle deu ningunha indicación específica sobre este punto concreto, alén da recomendación sobre a importancia de evitar, no futuro, situacións como a que se menciona no escrito.”

### ***Q 2105/03***

Queixa presentada por un alumno e motivada pola oferta de postos de lectura na Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo.

No informe solicitado a Sra. vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo xustificaba o seguinte:

- “1. A BUSC ten publicadas as condicións de acceso onde se regula o acceso e uso dos servizos da biblioteca durante o curso académico 2020-2021.
2. Ademais existe un rigoroso protocolo COVID de aplicación obrigada por mor da pandemia que estamos a vivir
3. O establecemento de aforos e controis no acceso ten unha dobre funcionalidade: o mantemento dunhas condicións de seguridade no uso da biblioteca e a posibilidade de poder rastrexar de modo eficiente os contactos no caso dun gromo

4. Neste momento, o aforo máximo permitido é do 50% , pero por diante hai que manter unha distancia obrigada de metro e medio, condicionante que provoca unha redución adicional notable na capacidade das salas de lectura.
5. A apertura das salas ven condicionada, ademais de polo indicado (protocolo COVID, normativa sanitaria e condicións de acceso), pola dispoñibilidade de efectivos da plantilla para atender ao servizo nas condicións de control de aforo e acceso establecidos por mor da pandemia.
6. Neste momento, hai ata 5 salas abertas ,en función do antedito, na Biblioteca Intercentros de Lugo cun total de 291 prazas ofertadas.
7. Unha das queixas indica que non había dispoñibilidade ás 17:30 horas da tarde. Debemos indicar que, segundo os datos que recollemos durante os períodos de exame, as horas que van das 15:30 ás 19:30 presentan a meirande afluencia en ámbolos dous campus, resultando difícil que haxa prazas dispoñibles (isto tamén sucedía cando tiñamos ao dispor do alumnado o 100% das prazas dispoñibles).  
.../  
Agardamos que a evolución da pandemia nos permita progresivamente recuperar a oferta de espazos, aforos e servizos que tiñamos antes de marzo de 2020.”

#### ***Q 2105/04***

Queixa análoga á anterior e referida á oferta de postos de lectura e peche de espazos na Biblioteca e as demoras no acceso que esta situación produce.

Dáse traslado do informe xustificativo da Sra. vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo sinalado na queixa Q2105/03.

#### ***Q 2105/05***

Escrito presentado por un membro do Persoal de Administración e Servizos referido ao proceso de unificación das categorías da área de conserxería.

Infórmase que o mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa ao non apreciar que se estea a conculcar algún dos seus dereitos.

Nese sentido, é preciso indicar que o procedemento en cuestión foi aprobado no Consello de Goberno do 30 de outubro de 2020, informado favorablemente polo Consello Social na sesión de 6 de novembro de 2020 e posteriormente acordado entre a Xerencia da USC e a representación dos traballadores (Comité Intercentros do P.A.S. Laboral).

#### ***Q 2105/06***

Foi presentado un escrito por unha integrante do Persoal de Administración e Servizos ao considerar que *“a xerencia está a incumprir co procedemento para a adxudicación de comisións de servizos”*. No escrito expoñía o seguinte:

“.../ a xerencia está a incumprir co procedemento para a adxudicación de comisións de servizos, así como co dereito “fundamental” do funcionario á promoción, ao esixir ao xefe de Servizo que a hora de facer o seu informe teña claro que non se cubre a vacante producida como consecuencia da comisión.

O informe solicitado ao Sr. xerente da USC indicaba o seguinte:

.../”O Valedor solicita informe da Xerencia só sobre os seguintes aspectos concretos da reclamación:

1. Obxecto e natureza do informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o responsable da unidade administrativa.

O artigo 79 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece: “ a efectos da resolución do procedemento, se solicitarán aqueles informes que sean preceptivos por las disposiciones legales, y los que se juzguen necesarios para resolver...”

A Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, regula as comisións de servizo no artigo 96, pero está pendente de desenvolvemento regulamentario no relativo aos requisitos de duración e procedemento para a concesión.

Se acudimos a normativa estatal o Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, no artigo 64. 3, si se establece a necesidade dun informe para a concesión dunha comisión de servizos: “... las citadas comisiones de servicio tendrán una duración máxima de un año prorrogable por otro en caso de no haberse cubierto el puesto con carácter definitivo y se acordarán por los órganos siguientes:

- a) La secretaría de Estado para la Administración Pública, cuando la comisión suponga cambio de Departamento ministerial y se efectúe en el ámbito de los servicios centrales, o en el de los servicios periféricos si se produce fuera del ámbito territorial de una Comunidad Autónoma y, en ambos casos, previo informe del Departamento de procedencia”.

O Regulamento de mobilidade dedica a Sección 1ª do Título II, á comisión de servizos.

O artigo 22.3 do Regulamento de mobilidade, establece: “a solicitud, acompañarse, ademais dun informe preceptivo e non vinculante da persoa responsable da unidade administrativa sobre a petición do aspirante e os efectos dunha eventual adxudicación da comisión de servizos. Con base nese informe, a Xerencia poderá excluír esta persoa no procedemento de provisión”.

Con esta regulamentación a Universidade, está suplindo a falta de regulamentación da Lei 2/2015, establecendo a necesidade dun informe para a toma de decisión.

A xerencia entende que o informe é favorable, cando así se expresa polo/a Responsable do Servizo/Unidade, e que non o é, cando aínda dicindo que se emite informe favorable está condicionado a que se substitúa á persoa, xa que non se pode prescindir do posto.

A concesión da comisión de servizos está condicionada ao igual que outros moitos aspectos da vida administrativa, ás necesidades do servizo. Se as necesidades do servizo permiten prescindir do posto, o informe ten que ser favorable, se non o permiten o Responsable correspondente, ten que emitir un informe desfavorable, igual que o emitiría, a modo de exemplo, se lle solicitarán unhas vacacións nun período punta de traballo.

2. Aclaración acerca do chamamento por orde de listaxe do persoal funcionario interino.

Sobre este aspecto reiterarlle o expresado recentemente na contestación a queixa tramitada desde esa oficina Exp. nº: Q2103/01, pois non se produciu cambio ningún no funcionamento da cobertura de postos.

Así recordarlle que aos funcionarios de carreira, aplícaselles o regulamento de mobilidade, onde se establecen uns requisitos para a ocupación dos postos en comisión de servizos, acompañase ligazón, [https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan\\_pas/descargas/Regulamento-de-Mobilidade-de-PAS.pdf\\_asinado.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan_pas/descargas/Regulamento-de-Mobilidade-de-PAS.pdf_asinado.pdf), e ao persoal interino só os criterios de xestión das listaxes de espera [https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan\\_pas/descargas/2019\\_04\\_17\\_texto\\_refundido\\_criterios\\_xestion.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/plan_pas/descargas/2019_04_17_texto_refundido_criterios_xestion.pdf).

Se un posto singularizado non se prové polo sistema de provisión de postos previsto no Regulamento de mobilidade, e resulta de imprescindible cobertura, procédese ao chamamento por orde de listaxe de persoal funcionario interino, de acordo cos criterios acordados coa representación sindical.“

### ***Q 2106/01***

Foi presentado un escrito por un alumno motivado por feitos acontecidos cun profesor no proceso de revisión do exame dunha materia nun Grao.

Mantívose unha reunión conxunta co profesor e o alumno para tratar de solventar as diferencias xurdidas, chegando a un entendemento aceptado por ambos.

### ***Q 2106/02***

Queixa presentada referida á demora na celebración das probas para a homologación dos títulos estranxeiros dun Grao no presente curso 2020/2021,

O informe solicitado, da Sra. vicedecana recollía o seguinte:

“A universidade de Santiago de Compostela veu realizando anualmente en dúas convocatorias, maio e novembro, as probas de homologación de títulos estranxeiros realizándose a última en novembro de 2019.

A situación de pandemia por Covid-19 impediu a realización da proba en maio do 2020 e a Resolución Reitoral do 29/12/2020 resolveu autorizar á Facultade a non realizar a primeira convocatoria das probas de aptitude para a homologación de títulos estranxeiros de Odontoloxía no presente curso 2020-2021.

Reunida a Conferencia Nacional de Decanos de Facultades o 06/05/2021, tras reunión do seu presidente e secretaria con representantes de Ministerio de Universidades o 28 de abril do 2021, propúxose a realización de dúas probas de homologación na segunda quincena de outubro e na primeira quincena de decembro do 2021 mediante un exame tipo test, elaborado por unha comisión que nomearía a Conferencia Nacional, coa colaboración do Ministerio de Universidades na elaboración, distribución e corrección dos exames, realizada o mesmo día en todas as Universidades participantes.

No momento actual está aberta unha enquisa para coñecer que Universidades participarían e a cantos alumnos poderían examinar. A Conferencia Nacional reunirase novamente o 29 de xuño do 2021. A Universidade de Santiago indicou que participará nas devanditas probas.

O Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a convalidación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado.

No seu artigo 16 establece:

Artigo 16. Requisitos formativos complementarios.

1. Cando se detecten carencias na formación acreditada para a obtención do título estranxeiro, en relación coa esixida para a obtención do título español co que se pretende homologar, cuxa entidade non sexa suficiente para denegar a homologación, esta quedará condicionada á previa superación polo interesado duns requisitos formativos complementarios.
2. Estes requisitos formativos determinaranse atendendo ao informe previsto no artigo 11, e a súa finalidade será a equiparación dos contidos de formación entre as titulacións estranxeira e española.
3. Os requisitos formativos complementarios poderán consistir na superación dunha proba de aptitude, na realización dun período de prácticas, na realización dun proxecto ou traballo ou na superación de cursos tutelados que permitan emendar as carencias formativas advertidas.
4. A superación destes requisitos realizarase a través dunha ou varias universidades españolas de libre elección polo solicitante, que teña implantados os estudos conducentes ao título español ao cal se refire a homologación. Por orde da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinaranse as disposicións necesarias para a ordenación e realización destes complementos formativos.

Por todo o exposto, a Facultade da USC , tras consulta ao Reitorado, espera participar na realización das próximas probas nas datas que a Comisión Nacional determine.”

### ***Q 2106/03***

Foi presentado un escrito por un profesor titular motivado porque considera unha vulneración dos seus dereitos como PDI o expresado en distintas comunicacións electrónicas enviadas por un representante do alumnado referidas á docencia e avaliación dunha materia.

Con posterioridade, tense coñecemento da resolución do Sr. reitor da USC na que acorda non iniciar expediente sancionador ao alumno ao non apreciar a existencia dunha conduta suficiente para o inicio de accións disciplinarias, en consecuencia, comunícolle que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

### ***Q 2106/04***

Foi presentado un escrito avalado por 34 alumnos dunha materia motivado por distintos aspectos do procedemento de avaliación e revisión.

Os informes solicitados, expoñían o seguinte:

- *Informe do Sr. director do Departamento :*

“Con data 18/06/2021 temos recibido no Departamento un correo electrónico do alumnado da materia. Neste escrito non se identifican os alumnos e alumnas, aínda que ven asinado pola persoa que actúa como delegada para o caso.

Fundamentalmente, o devandito escrito coincide co que Vostede nos fai chegar: refiren unha serie de cuestións que están relacionadas coa actuación do profesorado da materia á hora de executar algúns procedementos para o desenvolvemento da avaliación final. Concretamente, o alumnado comunica dificultades que atinxen á revisión dos resultados: falta de información e incumprimento dos prazos establecidos.

O escrito presentase tamén diante da Coordinación do Grao, razón pola que a dirección do Departamento ponse en contacto coa persoa que leva a coordinación para contactar coas profesoras da materia, poñelas en coñecemento da situación.

Na reunión mantida coas profesoras estas indican que entenden o problema e que se poñerán en contacto con estes alumnos e alumnas para dialogar e clarificar a situación. Coidamos que este xeito de proceder é o acaído para responder ao escrito do alumnado.”

- *Informe da Sra. profesora da materia :*

1. “En relación á realización do exame da materia celebrado o 20 de maio e “aos problemas técnicos” referidos polo alumnado durante a súa realización, compre indicar que a proba de exame realizouse a través das ferramentas institucionais (Teams) e seguindo todas as indicacións establecidas na guía institucional vixente para a realización de probas telemáticas. Durante a sesión, as profesoras atenderon a todas as consultas e peticións de axuda e aclaracións do alumnado que así o requiriu a través da sala correspondente na que o alumnado estivo conectado ao tempo que realizaba a exame na ferramenta do campus virtual. A conexión durante o exame é una das condicións establecidas na guía a efectos de poder validar a identidade do alumnado e dar apoio cando o precisa. O alumnado asistente ten a posibilidade de silenciar o audio da sala se considera que as consultas dos compañeiros lle xeran algunha distracción. Esta é unha práctica habitual de todo o curso durante as sesións síncronas sexan de aula ou de avaliación. Ao alumnado que tivo dificultades técnicas para facer a entrega do exame ou notificou a incidencia durante a sesión vía telefónica e por mail ou no chat de Teams, se lles facilitou a entrega por mail. Ningún alumno/a quedou sen entregar a proba por problemas técnicos comunicados. Antes do exame, o día 12 de maio convocouse a todo o grupo por un anuncio na aula virtual para a presentación da proba de exame e dar resposta a calquera dúbida. A o alumnado que amosou problemas de rede para realizar a proba déuselle a posibilidade de vir presencialmente ao centro á facela dende a aula 8 sen que ningún alumno/a finalmente o solicitara. Esta información e as instrucións para realizar o exame están tamén nun aviso na aula virtual do 17 de maio. O mesmo pode dicirse respecto os informes de prácticas cuxos prazos de entrega foron ampliados varias veces para facilitar a súa entrega e entendendo as dificultades individuais que comportou este curso. Ningunha practica quedou sen avaliar aínda que se entregase fora de prazo.
2. Respecto as datas de publicación das cualificacións da materia e de revisión das mesmas, cómpre indicar que:

Efectivamente o volume de traballos a corrixir, as dificultades visuais dunha das docentes que requiren descansos, e o volume de traballo a realizar como coordinadora de titulación de Grao durante os meses de maio e xuño (informe de seguimento, procedementos de calidade, reunións de título, revisión das programacións e xestión da adaptación das mesmas á normativa da USC, etc.) supuxeron unha dificultade importante para poder rematar con máis tempo as correccións, o que non implicou en ningunha medida que o alumnado que así o precisara e solicitara, non puidera revisar as súas notas xa que establecéronse titorías personalizadas máis aló da data tanto para revisar as cualificacións como para preparar a proba da segunda oportunidade.

As notas desglosadas por actividades publicáronse e comunicáronse ao alumnado a través da aplicación institucional (campus virtual no libro de cualificacións e actas na secretaría virtual) o día 17 de xuño. Trátase dun total de 81 alumnos/as e de tres cualificacións por cada un deles

- 3 prácticas laboratorio cun total de 7 produtos x alumno/a
- 3 actividades de participación, total 3 produtos x alumno/a
- 1 proba final de tres preguntas dunha páxina por pregunta x alumno/a

E dicir un total de 546 documentos revisados e corrixidos para a emisión das cualificacións parciais e final.

A data inicial de revisión telemática facilitada foi para o día 18 de xuño por Teams. A dita revisión acudiron 17 persoas. E dúas mais pediron unha hora distinta e ofertáronse o mesmo día ou para a seguinte semana.

A maiores de dita data, realizáronse revisións posteriores todos os días desde o 21 ata hoxe día 29 de xuño para dar resposta ao alumnado que non puido realizala na data prevista ou que precisou unha segunda titoría preparatoria da segunda oportunidade. Acudiron en varias ocasións e revisáronse ensaios de resposta a preguntas tipo exame a 6 persoas.

Non houbo ningún alumno/a que solicitando unha data alternativa para realizar a revisión non a tivera. Xa que logo tendo en conta a data de publicación das notas a profesora sempre estivo dispoñible e está para facer a revisión do mesmo por vía telemática e non implicando ningún desprazamento, e coa flexibilidade horaria necesaria coa que se traballou durante todo o curso. Todo o alumnado que solicitou revisar a súa cualificación tivo unha ou varias datas e horas personalizada para facelo con posterioridade á publicación das cualificacións.

Polo tanto, cómpre ter presente o volume de traballo e as dificultades experimentadas para ofertar dúas datas previas ao peche de actas, pero tamén que unha das profesoras finalmente realizou revisións polo menos 7 días diferentes con posterioridade á publicación e ningún alumno/a quedou sen dita posibilidade.”

## ***Q 2106/05***

Foi presentado un escrito por un alumno dun grao motivado polo non recoñecemento dos estudos cursados na Universidade da Coruña e expoñendo unha posible situación de resultados anómalos nunha materia por ter un número moi elevado de suspensos.

*Solicitouse un informe das cualificacións na materia nos últimos tres cursos académicos que non amosan un índice de suspensos elevado.*

Con posterioridade, o estudante comunica que desiste da tramitación da presente queixa.



## ***Q 2107/01***

Queixa presentada por un estudante de intercambio motivada polo procedemento de adxudicación e o plan de estudos que ten que cursar.

Dende a *Oficina de Análise de Reclamacións* da USC informan que con data 26 de xullo 2021 lle teñen comunicado que o problema obxecto da súa queixa estaba resolto de forma satisfactoria, pois “.../os estudantes foron aceptados na Universidade de Medeniyet en Estambul para a realización do intercambio no caso de que seguiran interesados na oferta inicial.”

Á vista do indicado nos anteriores informes, comunícolle que se procede ao remate da tramitación da presente queixa e ao seu arquivo.

## ***Q 2107/02***

Foi presentado un escrito por un membro do P.A.S., motivado por unha parte polo seu traslado de posto ao Campus Norte e por outra manifestando a súa preocupación polo estado de conservación e o nivel de protección do Patrimonio Natural da USC.

Respecto á primeira parte da queixa, solicitouse un informe ao xefe do Servizo onde se explicaban e xustificaban os motivos do traslado. E no referido ao estado de conservación e nivel de protección do Patrimonio Natural da USC, deuse traslado da problemática á Xerencia da USC para a súa análise, recibindo resposta a través do informe do Sr. director da Área de Operacións de Infraestruturas no que xustifica o seguinte:

“Os feitos e preocupacións transmitidas por este Sr. xa lle foron respostadas no seu debido momento pola Estación Fitopatolóxica "Do Areeiro", na cal se lle transmitía que non había tratamento posible para a Armillaria, recomendaron darlle un funxicida, o cal se aplicou e a día de hoxe está prohibido o seu uso.

En canto o resto de preocupacións, brevemente lle indico:

- Podas: son realizadas acorde aos criterios indicados pola Consellaría de Medio Rural nos modelos de xestión forestal e referentes de boas practicas das mesmas, en forma e períodos aconsellados por esta Consellaría.
- Reposición de árbores: cando por motivos de enfermidades ou risco de caídas de árbores, se realizan talas e reposición dos mesmos, con especies similares ao talado ou autóctonas
- Obras nas zoas verdes: dende a Área de Infraestruturas da USC revísanse as obras, contando co servizo de xardinería cando hai risco que poida afectar algunha zoa verde ou especie, tomando as medidas oportunas para protexelas. No caso de céspedes, se repoñen ao rematar coa sembra e rega correspondente.”

### **3.- CONCLUSIÓNS**

Antes de comezar coas conclusións, quixera subliñar que este curso 2020-2021, como é sabido, foi un curso no que continuou a incidencia da COVID-19, polo que as actuacións do Valedor da Comunidade Universitaria que se recollen nesta memoria deben ser tomadas con certa precaución e ás veces non é doado establecer comparacións con cursos precedentes.

En efecto, neste curso, e a diferenza do anterior, a pandemia abarcou o total deste período. As características específicas das diferentes ondas e variantes na evolución da COVID ao longo do tempo fixeron que sucesivamente as autoridades sanitarias fosen tomando decisións sobre as restricións impostas. Isto implicou que na universidade se fixera unha tradución específica da normativa adaptándoa ao contexto concreto universitario regulando as autoridades académicas o desenvolvemento das actividades a través de distintas resolucións e/ou instrucións.

Estas decisións, como non podía ser doutra maneira, afectaron ao normal desempeño dos labores universitarios, particularmente á actividade docente; así, dependendo do escenario houbo que reducir a presencialidade nas aulas, limitar os cabementos, ter en conta distancias de seguridade ou empregar medios telemáticos na avaliación.

Esta adaptación ás novas circunstancias, coa pouca experiencia previa do curso anterior nestas situacións, fíxose co esforzo e o compromiso por parte dos membros da comunidade universitaria o que se traduciu nun resultado que se podería considerar, en xeral, como moi positivo. Unha vez máis, a relación co Valedor tamén estivo presidida por esa colaboración e comprensión, polo que quero manifestar o meu agradecemento ao PDI, PAS e estudantado. Especialmente quero sinalar a dispoñibilidade e dedicación dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor ao retomar, cando foi posible, as xuntanzas presenciais.

Unha das pretensións desta Institución, como non pode ser doutro xeito, é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para tentar solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. Unha vez máis cómpre ter certa precaución, polas características deste período sinaladas anteriormente, na lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste curso. O único obxectivo é permitir a detección dalgunhas situacións que deben ser destacadas para lembrar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Neste curso fixéronse, por parte de todos os estamentos da Universidade, aínda que sobre todo por parte do estudantado, e a través de distintos medios, 77 consultas solicitando información e/ou axuda sobre diferentes cuestións que logo non remataron na presentación de queixas. A maioría delas versaron sobre aspectos relativos á docencia e a procedementos de xestión. 58 destas consultas tiveron que ver con estes dous temas.

En canto ás queixas recibidas, presentáronse un total de 79, das cales 11 non foron admitidas a trámite por algún dos seguintes motivos: por non apreciarse nelas ningunha conculcación de dereitos de algún membro da comunidade universitaria, estar fóra das competencias do Valedor, ser presentadas sen a debida identificación do seu presentador, estar presentada fóra de prazo ou por estar suxeitas a algún procedemento dos descritos no apartado 4 do artigo 10 do Estatuto do Valedor.

Na páxina 76 desta memoria preséntase, seguindo a mesma metodoloxía de memorias anteriores, unha táboa coas queixas recibidas, catalogadas por temas. É preciso lembrar unha vez máis que se trata dunha clasificación estándar empregada en moitas das Defensorías Universitarias. Porén, é necesario salienta que esta distribución é complexa e relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería incluírse en máis dun tema. Así pois, o que se pretende con esta táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 8 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas e que supoñen algo máis do 78% (78,48%). De xeito moi resumido os temas indicados son os que seguen:

1.- **Docencia e avaliación académica.** No referido a cuestións docentes presentáronse 7 queixas que teñen que ver con cuestións moi diferentes como denegación de cambios de quenda, esixencia de idioma estranxeiro, problemas co desenvolvemento de prácticas, dispensa de asistencia ou non publicación de guía docente. Polo que atinxe ao tema da avaliación (10 queixas) tamén o motivo da súa presentación foi variado, dende coincidencia horaria de exames ou desconformidade coa avaliación ata dificultades para a revisión de cualificacións ou incumprimento de directrices sobre avaliación.

2.- **Procedementos administrativos.** Nesta categoría estarían todo tipo de procedementos e de distintas instancias o que fai que sexa unha categoría moi ampla polo que é preciso relativizala. Aínda que non se aprecie ningún tema específico responsable do número de queixas, poderíanse salienta como temas máis importantes, por unha banda, cuestións relativas ao proceso de matrícula, tanto no que ten que ver con pagamentos como con anulacións e, por outra, as que se relacionan con diferentes aspectos que teñen que ver co TFG.

3.- **Planos de estudo e recoñecementos.** Neste ámbito apréciase certa problemática que está relacionada fundamentalmente con dúas cuestións: dificultades vencelladas aos dobres graos (competencias ou matrículas) e algún problema relativo á homologación de títulos estranxeiros.

4.- **Máster e doutoramento.** Nas queixas agrupadas nesta categoría non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades, dado que, en xeral, as queixas fan referencia a cuestións puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables. En concreto, dúas queixas refírense aos másteres aludindo a cambios na asignación de dispositivo de prácticas e tres a programas de doutoramento. Neste caso os temas están fundamentalmente relacionados con requisitos ou niveis de atención. Cómpre subliñar que o grao de solución destes problemas, unha vez detectados, variou moito en función das características da queixa.

5.- **Ámbito laboral.** Nesta categoría aparecen recollidas unha serie de queixas que están relacionadas con diferentes actuacións que afectan á situación laboral do PDI e/ou do PAS. No entanto non se aprecia ningún nicho salientable que poida ser fonte de problemas. Estas queixas refírense a disfuncionalidades tanto nos procedementos como nas situacións persoais, ou a cuestións de conciliación.

6.- **Procesos selectivos.** Baixo este epígrafe aparecen reflectidas queixas presentadas tanto por membros do PDI como do PAS referidas aos diferentes procedementos. Nas queixas efectuadas polo PDI maniféstase a súa desconformidade coa demora no proceso. As presentadas polo PAS refírense,

por un lado, ao procedemento de adxudicación de comisións de servizos e, por outro, ao procedemento de unificación de categorías.

7.- **Relacións interpersoais.** Nesta categoría inclúense as queixas que se derivan de problemas na relación entre diferentes persoas da USC, problemas que fundamentalmente son debidos a actitudes e/ou malas interpretacións na comunicación tanto verbal como xestual. Aínda que estas cuestións poden darse entre todos os estamentos, neste caso a maioría son queixas presentadas polo alumnado na súa relación co PDI ou PAS, pero tamén nalgún caso presentadas polo PDI. A resolución varía dependendo do tipo de conflito e sobre todo da actitude das partes enfrontadas para tentar acadar un acordo.

8.- **COVID-19.** Dadas as características, comentadas ao principio destas conclusións, relativas á pandemia e que abarcaron toda a duración do curso, presentáronse varias queixas derivadas desta situación e que practicamente todas tiñan que ver coas restricións da capacidade máxima dos diferentes espazos. En concreto, por unha banda, afectaron ao alumnado dado que a nova cabida das aulas complicou a posibilidade de cambio de quenda e por outra, a persoas alleas á USC no uso de determinados espazos.

No texto co termo “**Recomendación**” que segue ao número de queixa aparecen sinaladas as 9 recomendacións que se fixeron neste curso aos responsables de diferentes entidades sendo aceptadas todas elas. Todas as recomendacións derivaron dalgunha queixa específica presentada na oficina do Valedor. En todos os casos está rematado o procedemento.

Por último, a situación epidemiolóxica afectou tamén ás actuacións do Valedor na súa perspectiva institucional. Polo que respecta á Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), á diferenza dos anos anteriores, houbo que suspender o “*XXIII Encuentro Estatal de Defensores Universitarios*” que tiña prevista a súa celebración na Universidade de Cádiz. Por outra parte, as tres reunións da Comisión Executiva da CEDU celebráronse de xeito telemático.

Tampouco tivo lugar a xornada técnica anual prevista na Universidade de Alcalá. Na súa substitución levouse a cabo o día 7 de maio un seminario telemático co título: “*Docencia en liña e protección de datos: a garantía dos dereitos da comunidade universitaria*”.

No eido internacional, o II Encontro Iberoamericano previsto na Universidade Federal de Río de Janeiro desenvolveuse on-line os días 22 e 23 de xuño. Nel abordáronse dous temas: “*A Universidade post-COVID, implicacións que van máis alá da pandemia*” e “*Vulnerabilidade e Universidade: Como enfrontarse a problemas que afectan aos colectivos máis vulnerables?*” Tamén como membro da Comisión Executiva da Rede Iberoamericana de Defensores Universitarios (RIIDU) o Valedor participou nas reunións de dita comisión executiva a través da plataforma Teams (como é obvio o sistema das reunións non se debe á pandemia senón a cuestións xeográficas).

No marco da Rede de Defensores Universitarios Galegos (REDUGA) os contactos e intercambio de opinións entre os Valedores galegos fixéronse a través do teléfono e/ou do correo electrónico para analizar algúns problemas comúns ao Sistema Universitario Galego.



Para rematar, cabe sinalar que dado que certas queixas se presentan simultaneamente ante o Valedor da Comunidade Universitaria e o Valedor do Pobo, ou porque as suxestións ou recomendacións que

se fan teñen como destinatarios axencias alleas á Universidade, mantivéronse contactos non presenciais coa institución autonómica en base ao convenio de colaboración asinado no ano 2014.

#### 4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS

##### QUEIXAS POR SECTORES:



Nº. de queixas	79
Estudantes:	55
P.D.I.:	12
P.A.S:	7
Outros	5



ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS


MES	Curso 19/20	Curso 20/21
Setembro	7	16
Outubro	8	11
Novembro	7	12
Decembro	5	9
Xaneiro	2	7
Febreiro	8	5
Marzo	2	2
Abril	10	4
Maio	2	6
Xuño	7	5
Xullo	8	2
Agosto	0	0
<b>Total curso</b>	<b>66</b>	<b>79</b>

nº de queixas por curso



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas	79	
<b>Prazo tramitación</b>	<b>nº de queixas</b>	<b>porcentaxe</b>
1 Mes:	70	⇒89%
2 Meses:	6	⇒ 8%
3 Meses:	2	⇒ 2%
> 3 Meses:	1	⇒ 1%





## DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
PLANOS DE ESTUDO E RECOÑECEMENTOS	6
DOCENCIA E AVALIACIÓN ACADÉMICA	17
PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS	14
MÁSTER E DOUTORAMENTO	5
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	4
BOLSAS-AXUDAS	1
ÁMBITO LABORAL	5
DIVERSIDADE FUNCIONAL	1
OUTROS	4
ACCESO INFORMACIÓN	1
INTERCAMBIO	1
RELACIÓN INTERPERSOAL	5
USO ESPAZOS DOS CENTROS	1
USO DO IDIOMA	1
LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS	2
DEREITOS ALUMNADO EN SITUACIÓN ENFERMIDADE	1
PROCESOS SELECTIVOS-PROVISIÓN PERSOAL	5
PROBLEMAS DERIVADOS DA COVID-19	5

